mitan obter o mesmo resultado, en particular cando un control a posteriori se producise demasiado tarde para ser realmente eficaz". Conscientes no ámbito municipal da obriga da administración de elixir o medio menos gravoso para o prestador de servizos e postas en valor as vantaxes e desvantaxes que ofrecían as técnicas de "declaración responsable" e "comunicación previa" decidiuse no seo da organización municipal que a elección da técnica da comunicación previa respondía mellor a conxugar o devandito principio e a protección do interese xeral, dada a posibilidade de exixir a presentación de canta documentación se considere necesaria para acreditar estar en posesión dos requisitos legalmente previstos.

En relación co devandito proceso a primeira pregunta que se debe responder é por que se optou polo sistema de "comunicación previa" fronte ao sistema de declaración responsable, e a resposta á devandita cuestión é a consideración, ao noso xuízo, da comunicación previa como un<sup>35</sup> medio de intervención máis garantista para o interese xeral. Partindo da óptica da implantación dun cambio de modelo radical fronte ao anterior, así como da necesidade de conxugar o respecto ás liberdades de establecemento e prestación de servizos coa defensa do interese xeral, tras un estudo en profundidade da definición que de ambas figuras leva a cabo no artigo 71 bis<sup>36</sup>, esa foi a conclusión á que se chegou para a súa posta en funcionamento, partindo da posibilidade de combinar as devanditas figuras.

A declaración responsable<sup>37</sup> configúrase como documento subscrito por un interesado no que manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para acceder ao recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante o periodo de tempo inherente ao devandito recoñecemento ou exercicio. Non obstante, a comunicación previa<sup>38</sup> é aquel documento mediante o que os interesados poñen en coñecemento da Administración Pública competente os seus datos identificativos e demais requisitos exhibibles para o exercicio dun dereito ou o inicio dunha actividade, de acordo co establecido no artigo 70.1 LRJ-PAC<sup>39</sup>.

Aínda que a diferenza puidese parecer de matiz, non o é, pois a declaración responsable só habilita á administración para exixir a presentación da mesma situando os termos da relación do cidadán con aquela en termos de confianza absoluta no cidadán, pois non será ata que a administración proceda ao seu requirimento o momento no cal poderá comprobar o cumprimento dos requisitos necesarios para o acceso á actividade; en cambio a comunicación previa habilita á administración á exixencia fronte ao administrado de comunicar os "demais requisitos exhibibles para o exercicio dun dereito ou o inicio dunha

35 LOZANA CUTANDA, B. "Ley ómnibus: silencio administrativo, declaración responsable y comunicación previa", Diario La Ley, nº 7339, xa conclúe que se ben a propia Lei 25/2009 aplica as novas figuras en diversos sectores optando por unha delas en substitución da autorización previa, nalgúns supostos exixense conxuntamente a comunicación previa acompañada dunha declaración responsable. Non obstante, outros autores como BAUZÁ MARTORELL, J. en "Declaración responsable y comunicación previa. Consideraciones críticas del procedimiento administrativo a raíz de la Ley Ómnibus", Diario La Ley, nº 7419, opina que o lexislador reserva a comunicación previa aos procedementos iniciados a instancia de parte e neles límitase ao inicio do procedemento.

36 O artigo 3.9 LLAASE contén así mesmo unha definición da técnica de "declaración responsable".

37 Artigo 71 bis apartado 1 LRX-PAC.

38 Artigo 71 bis apartado 2 LRX-PAC.

39 Art. 70.1 Lei 30/1992 As solicitudes que se formulen deberán conter:

- A) Nome e apelidos do interesado e, no seu caso, da persoa que o represente, así como a identificación do medio preferente ou do lugar que se sinala a efectos de notificacións.
- B) Feitos, razóns e petición en que se concrete, con toda claridade, a solicitude.
- C) Lugar e data.
- D) Sinatura do solicitante ou acreditación da autenticidade da súa vontade expresada por calquera medio.
- E) Órgano, centro ou unidade administrativa á que se dirixe.



actividade”, é dicir, que acompañando á comunicación previa se pode exixir a presentación dunha serie de documentación complementaria sobre as condicións determinadas legal e regulamentariamente para o acceso ao exercicio da actividade<sup>40</sup>.

A presentación da comunicación realízase en modelo normalizado accesible e público a través da páxina web<sup>41</sup>, e ao mesmo tempo incorpórase unha declaración responsable comprensiva de distintos compromisos relativos entre outros ao cumprimento das condicións relativas a instalacións eléctricas, maquinaria, instalacións de climatización, así como os requisitos exixibles en materia de accesibilidade, medidas hixiénico-sanitarias, tratamento de residuos, ao tempo que compromisos de carácter xenérico sobre a dispoñibilidade de licenza de primeira ocupación, autorizacións sectoriais ou cumprimento íntegro da normativa municipal e a presentación da documentación íntegra, así como a reprodución do preceptuado no artigo 71 bis, apartado 4<sup>42</sup>.

O feito de incluír as devanditas declaracións permite que no momento de presentación da documentación se realice unha verificación formal sobre a integridade da documentación presentada, de tal modo que de non verificarse positivamente a devandita integridade non sexa aconsellable a presentación da mesma pois da combinación das declaracións anteriormente referidas atopámonos cunha falsidade na presentación da mesma xa que a súa presentación exixe a manifestación de acompañar toda a documentación preceptiva.

Así mesmo en función da actividade a desenvolver deberá achegarse a documentación complementaria que no mesmo se sinala.

A determinación daquelas actividades que poderían ser obxecto de control posterior mediante a presentación de comunicación previa contense no propio modelo normalizado para o seu xeral coñecemento, e concréntanse nas seguintes:

1. Comercio alimentario
  - 1ª. Establecementos de produtos alimenticios non perecedoiros e envasados ata 400 m<sup>2</sup>.
2. Outras actividades de servizos:
  - 2.a) Almacéns cunha carga de lume de ata 40.000 Mjoules ata 300 m<sup>2</sup> (agás produtos químicos, farmacéuticos, combustibles, lubricantes, fertilizantes, praguicidas, herbicidas, pinturas, vernices, ceras ou pneumáticos).
  - 2.b) Establecementos comerciais (Tendas de roupa ou boutiques, mercería, obxectos de agasalho, bixería ou similares) cunha superficie de ata 400 m<sup>2</sup>.
  - 2.c) Talleres de reparación de reloxos, xoias, calzados, chaves, pequena maquinaria, electrodomésticos e similares, cunha superficie de ata 200 m<sup>2</sup>, sen maquinaria específica.
  - 2.d) Oficinas bancarias cunha superficie de ata 200 m<sup>2</sup>.
  - 2.e) Oficinas administrativas cunha superficie de ata 200 m<sup>2</sup>.

40 Os modelos aprobados e accesibles na páxina web recollen para cada un deles a documentación complementaria exixible.

41 O apartado 5 do artigo 71 bis impón ás Administracións Públicas a obriga de manter permanentemente publicados e actualizados modelos de declaración responsable e de comunicación previa, os cales se facilitarán de forma clara e inequívoca e que, en todo caso, se poderán presentar a distancia e por vía electrónica.

42 A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a unha declaración responsable ou unha comunicación previa ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.

- 2.f) Axencias de viaxes, inmobiliarias, aseguradoras, cunha superficie de ata 200 m<sup>2</sup>.
- 2.g) Academias non reguladas, agás as de música, cante ou baile, cunha superficie de ata 200 m<sup>2</sup>.
- 2.h) Estudos fotográficos cunha superficie de ata 200 m<sup>2</sup> e sen revelado.
- 2.i) Servizo de copistería, cunha superficie de ata 200 m<sup>2</sup>, sen imprenta.
- 2.j) Cambios de uso entre calquera das actividades anteriormente indicadas.

A determinación das actividades incluídas no catálogo lévase a cabo en función de diversos parámetros que son o resultado da incidencia de diversa normativa sectorial na materia, así como do propio plan municipal. Non obstante, a maior limitación que nos atopamos vén dada, unha vez máis, pola normativa autonómica na materia que non foi obxecto de modificación para a súa adaptación á DIRSE. O Decreto 133/2008<sup>43</sup>, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental no seu Anexo III, no que se recollen as actividades excluídas do procedemento de avaliación de incidencia ambiental<sup>44</sup>, establece no seu apartado 3 que tan só serán excluídas aquelas actividades de comercio “polo miúdo”, agás os vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores; reparación de efectos persoais e aparatos domésticos, sempre que a potencia mecánica instalada non supere os 15 kW e a súa superficie non supere os 400 m<sup>2</sup>. É dicir, a “sensu contrario”, todas aquelas cuxa potencia mecánica instalada supere os 15 kw, ou cuxa superficie supere os 400 m<sup>2</sup>, si estarán suxeitas a procedemento de avaliación ambiental e por tanto excluídas, de conformidade co disposto no artigo 28.4 da Lei 13/2006, da aplicación do control anterior.

En canto ao redeseño do procedemento efectuado, o seguinte esquema é significativo da simplificación administrativa efectuada:

PROCEDEMENTO ANTERIOR	PROCEDEMENTO ACTUAL
Solicitude licenza actividade	Presentación comunicación previa
Informe técnico	Inicio de actividade
Informe xurídico	
Proposta resolución	
Ditame Consello XMU	
Resolución de outorgamento	
Prazo medio de resolución: 1-3 meses	Prazo: Inmediato (sen prexuízo da suspensión derivada das comprobacións)

Tamén hai que salientar que foi obxecto de normalización a comunicación previa para a transmisión das licenzas de actividade, cuxa presentación baixo a fórmula de comunicación xa viña establecida polo RSCL, pero que se suxeita a resolución administrativa.

43 DOG nº 126, de 1 de xullo de 2008. Debemos lembrar que tal e como sinala a Exposición de Motivos os graos de intervención nas actividades con repercusión medioambiental artículáanse en avaliación de impacto ambiental, de efectos ambientais e de incidencia ambiental.

44 Non obstante, a posible incidencia ambiental da actividade non debería constituir por si mesma un obstáculo ao exercicio da actividade mediante medios de intervención “ex post”, pois a devandita posibilidade xa se prevía na propia Lei 1/2010, de 1 de marzo, de reforma da Lei 7/1996, de 15 de xaneiro, de Ordenación do Comercio Minorista, ao dispoñer na súa Disposición Adicional Oitava “Proxectos que deban someterse a avaliación de impacto ambiental” que “*Cando, de acordo con esta lei, se exixa unha declaración responsable ou unha comunicación para o acceso a unha actividade ou o seu exercicio e unha avaliación de impacto ambiental, conforme ao texto refundido da Lei de Impacto Ambiental de proxectos, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, ou á normativa autonómica de desenvolvemento, a declaración responsable ou a comunicación non poderá presentarse ata rer levado a cabo a devandita avaliación de impacto ambiental e, en todo caso, deberá dispoñerse da documentación que así o acredite*”, é dicir permite a conxugación da protección do medio ambiente co libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.





### 5.3.3. Licenzas suxeitas a procedemento simplificado

Xunto á implantación do sistema de comunicación previa o proxecto municipal incluía medidas específicas de simplificación administrativa en materia de servizos, medidas que significativamente se concretan no que se denominou “Licenzas suxeitas a procedemento simplificado”.

Así, coa presentación da solicitude de licenza suxeita a procedemento simplificado, e tras a verificación formal sobre a integridade da documentación adxunta á mesma, faise entrega ao cidadán dun xustificante da devandita presentación. Este xustificante contén a esencia mesma do procedemento, ao sinalar expresamente que a presentación da solicitude de licenzas suxeitas ao procedemento simplificado permite á persoa titular da mesma o inicio da actividade solicitada transcorrido o prazo dun mes sen recibir notificación en sentido contrario por parte da Xerencia de Urbanismo, segundo o disposto no artigo 42 da LRJ-PAC, sen prexuízo de conter así mesmo a advertencia de que en ningún caso poderán levarse a cabo actividades que non se axusten aos parámetros e características solicitadas, nin que contraveñan as normas ou usos establecidos na lexislación e normativa urbanística aplicable.

Así pois o núcleo fundamental do procedemento radica na celeridade na tramitación do procedemento así como na certeza para o cidadán de que se transcorrido un mes non recibiu comunicación municipal pode contar co recoñecemento do dereito solicitado.

En canto á *relación de actividades de servizos consideradas inocuas, suxeitas ao procedemento simplificado*, son as seguintes:

- 1.a) Almacéns con carga de lume ata 125.000 Mjoules e superficie ata 500 m<sup>2</sup> (agás produtos químicos, farmacéuticos, combustibles, lubricantes, fertilizantes, praguicidas, herbicidas, pinturas, vernices, ceras ou pneumáticos).
- 1.b) Cristalería, talleres de encadernación e afíns, con superficie ata 400 m<sup>2</sup> e potencia mecánica inferior a 10 V.
- 1.c) Talleres de reparación de reloxos, xoias, calzados, chaves, pequena maquinaria, electrodomésticos e similares con superficie ata 400 m<sup>2</sup> e potencia mecánica inferior a 10 CV.
- 1.d) Talleres de confección, calzado, marroquinería e similares, con superficie ata 400 m<sup>2</sup> e potencia mecánica inferior a 10 CV.
- 1.e) Oficinas bancarias e administrativas con superficie entre 200-1000 m<sup>2</sup>.
- 1.f) Axencias de viaxes, inmobiliarias, aseguradoras e afíns, con superficie entre 200-1000 m<sup>2</sup>.
- 1.g) Academias non reguladas, agás as de música, cante ou baile, cunha superficie entre 200 e 1000 m<sup>2</sup>.
- 1.h) Estudos fotográficos, sen revelado, con superficie de 200 ata 1000 m<sup>2</sup>.
- 1.i) Locutorios telefónicos, con superficie de ata 400 m<sup>2</sup>.
- 1.j) Servizo de copistería, sen servizo de imprenta, con superficie de ata 400 m<sup>2</sup>.
- 1.k) Cambios de uso entre calquera das actividades anteriormente indicadas.

### 5.3.4. *Exercicio de actividades vinculadas á execución de obras*

Non pode escaparse a problemática que subxace respecto a aquelas actividades para cuxa posta en funcionamento sexa necesaria a realización de obras, pois o artigo 22 RSCL<sup>45</sup>, na redacción dada ao mesmo polo Real Decreto 2009/2009, de 23 de decembro, mantén intacta a prohibición de conceder o permiso de obras sen o outorgamento da licenza de apertura, se fose procedente.

Conscientes da devandita problemática e en tanto en canto a normativa autonómica non ofrezca os instrumentos normativos que permitan resolver a devandita cuestión, os modelos aprobados conteñen a dobre posibilidade:

- a) Que fosen necesarias as obras necesarias para o acondicionamento do local, en cuxo caso será necesaria a referencia explícita ao devandito expediente.
- b) Que non fosen necesarias obras de acondicionamento, en cuxo caso se subscribirá a declaración responsable nos termos anteriormente indicados.

Non obstante, fórmase o difícil encaixe do sistema de control posterior nos casos de necesidade de obras xa que o RSCL fai referencia expresa ao outorgamento da licenza de apertura, se ben considerando o último inciso do devandito precepto “se for procedente” permitiríanos combinar ambas figuras, a reservas da posible responsabilidade patrimonial que se derivaría nun hipotético caso de realización de obras de acondicionamento por entender que a actividade se suxeita ao réxime de comunicación previa, se finalmente non se dese a devandita circunstancia.

Como sinalamos esta, como outras cuestións, haberán de ser obxecto de solución na normativa municipal reguladora do control posterior, podendo implantar nos expedientes de licenza de obras vinculados a establecementos de características determinadas a emisión de informe sobre a tramitación da actividade, de tal modo que se garantisen os intereses do cidadán á vez que se salvagarda o procedemento.

### 5.3.5. *Cuestións pendentes*

- a) De ámbito local

A aplicación do novo réxime abre multitude de interrogantes ante un sistema imperfecto que require unha regulación específica, toda vez que non debemos esquecer que a LRX-PAC se remite á lexislación sectorial que no noso caso non ofrece maior cobertura que a sinalada. Por iso, ante aqueles temas que no proceso de posta en marcha e funcionamento do novo sistema para o acceso e exercicio de actividades inocuas se formularon e se seguen formulando, cómpre a aprobación dunha ordenanza reguladora que ofrezca respostas á problemática derivada da aplicación dalgunha das novas técnicas de intervención, como pode ser a presentación da documentación, efectos, réxime sancionador, plan de inspección, entre outros.

Unha vez aprobados os modelos e iniciado o novo sistema, procedeuse a unha revisión da normativa municipal concluíndo a necesidade de dotarse dunha nova norma, fase na que agora se está traballando co obxecto de proporcionar á administración municipal e aos

<sup>45</sup> Todo iso sen prexuízo das dúbidas que formulou sempre la competencia do Estado para derrogar determinadas normas do Regulamento de Servizos, especialmente en conexión coa doutrina do Tribunal Constitucional afirmada na sentenza de 21 de marzo de 1997 sobre a constitucionalidade do Texto Refundido da Lei de réxime de solo e ordenación urbana de 1992, o Estado non ten, naquelas materias sobre as que perdeu a súa competencia a favor das CCAA, nin sequera a posibilidade de derrogar as normas ditas antes da constitución destas. Non debemos esquecer que esta materia nas CCAA foi obxecto de regulación en normas con rango de lei.



cidadáns as ferramentas necesarias para garantir o correcto funcionamento en materia de acceso ás actividades inocuas de servizos.

Entre aquelas cuestións de maior relevancia que se formulan como consecuencia da aplicación do novo modelo de intervención podemos apuntar entre outras:

- \_ Obriga de ditar un acto administrativo
- \_ Posición dos terceiros<sup>46</sup> fronte ao exercicio destas actividades
- \_ Necesidade de establecer control posterior obrigatorio ou control posterior aleatorio<sup>47</sup>
- \_ Necesidade de adaptación das ordenanzas fiscais

#### b) De ámbito autonómico

A lexislación autonómica en materia de urbanismo constitúe a día de hoxe un importante obstáculo para a correcta transposición da DIRSE sen que existan razóns, considerando ademais a existencia de distintas normativas autonómicas que previamente á propia Directiva xa recollían o control posterior como medio de intervención<sup>48</sup>, que xustifiquen a devandita resistencia.

A Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, no seu Título VI "Intervención na edificación e uso do solo e disciplina urbanística", Capítulo II "Intervención na edificación e uso do solo", Sección I "Licenzas", artigos 194 e seguintes, suxeita a previa licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que fosen procedentes, os actos de edificación e uso do solo e do subsolo. En canto ao procedemento, tras establecer que a competencia para o seu outorgamento corresponderá aos municipios segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local, sinala que para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

A devandita regulación haberá de completarse co Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia, que no seu artigo 10 suxeita a previa licenza, sen prexuízo das autorizacións, licenzas ou concesións que foren procedentes de acordo coa lexislación específica aplicable, entre outros, os seguintes actos:

*"9. A utilización do solo para o desenvolvemento de actividades mercantís, industriais, profesionais, de servizos ou outras análogas.*

*11. A modificación do uso dos edificios e instalacións en xeral."*

46 Non podemos deixar de lembrar que a aparición dos novos medios de intervención como actos xurídicos privados con eficacia xurídico-pública sitúa aos terceiros nunha difícil posición, tanto pola súa non participación nos devanditos actos, como polos medios de reacción que poidesen ter fronte aos efectos dos devanditos actos, dada a dificultade para inserilos no actual réxime de recursos administrativos e contencioso-administrativos. A este respecto pode consultarse RAZQUIN LIZARRAGA, J. A. "De la intervención administrativa previa al control a posteriori: la reforma del procedimiento administrativo común a consecuencia de la directiva de servicios", Revista Aranzadi Doctrinal, nº 2/2010.

47 VIDA FERNÁNDEZ, J. "Cooperación administrativa para el control efectivo de los prestadores de servicios", AAVV "La ordenación de las actividades de servicios: comentarios a la Ley 17/2009, de 23 de noviembre", Dir. DE LA QUADRA-SALCEDO FERNÁNDEZ DEL CASTILLO, T. Aranzadi, Madrid, 2010, sostén que os mecanismos de control non desaparecen senón que simplemente se transforman, e que as novas técnicas de intervención deben garantir un control efectivo e eficiente que, sen prexuízo de non obstaculizar o libre desenvolvemento das actividades de servizos, deben garantir a súa suxeición á normativa e principios exixibles.

48 Decreto lexislativo 1/2005, de 26 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da lei de urbanismo de Cataluña. Lei 15/2001, de 14 de decembro, do solo e ordenación territorial de Extremadura, entre outros.

Actos que evidentemente están directamente vinculados ao acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, requiríndose por tanto a adaptación desta normativa á situación actual. Falta de adaptación que resulta mesmo máis chamativa pola ausencia de modificación desta normativa cando a LOUGA foi obxecto de modificación pola Lei 2/2010<sup>49</sup>, de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, na cal se abordaban outro tipo de cuestións.

Evidentemente a suxeición ao principio de xerarquía normativa por parte das Entidades Locais supón un grave obstáculo para poder adoptar, no seo da administración municipal, decisións sobre o novo modelo de intervención na materia, ao que hai que engadir o xa indicado respecto ao Decreto 133/2008, polo que procedería que desde unha institución como a FEGAMP ou outras de similar índole, se reivindicase a adecuación definitiva da normativa autonómica a tal fin.

## 6 Conclusións para unha reflexión

Como se puxo de manifesto a entrada en vigor da DIRSE supuxo unha auténtica revolución administrativa, pero a pesar de ter transcorridos xa máis de dous anos desde que expirou o prazo de transposición aínda son moitas as tarefas que es cómpre abordar para completar as obrigas de transposición.

### 6.1 Reformas organizativas

Un dos principais desafíos que formula a DIRSE é evitar que a supresión dos controis previos produza como resultado o descoido dos intereses públicos ou a desprotección dos dereitos dos usuarios dos servizos. Para iso, cómpre realizar fondas reestruturacións organizativas no seo das AAPP con funcións executivas de control. Reformas que pasan cabalmente por situar efectivos, ata o de agora destinados ás tarefas de comprobación documental e realización de controis ex post: a policía administrativa, non debe desaparecer, senón adaptarse nun sentido máis favorecedor do crecemento económico.

A posta en marcha deste novo sistema polos seus efectos e complexidade no cambio de modelo exixiu a implicación e proactividade por parte do persoal implicado na mesma, requirindo especial dedicación polas responsables de licenzas, sen prexuízo de que o funcionamento do mesmo require que absolutamente todos os servizos implicados colaboren na consecución dos obxectivos fixados que requiren conxugar os intereses dos prestadores de servizos co interese público.

### 6.2 Reformas normativas

Dada a distribución constitucional de competencias resulta fundamental o papel das Comunidades Autónomas que ante a atomización municipal deben converterse nunha ferramenta que ofrezca solucións homoxéneas e integrais fronte ao actual panorama no que o prestador de servizos non pode ter garantías de acceso e exercicio nun mesmo ámbito autonómico, reivindicando que as devanditas administracións leven a cabo labores de homoxeneización e normalización do acceso ás actividades de servizos no ámbito local.

49 D.O.G. Nº 61, de 25 de marzo de 2010.



Procede pois que por parte das distintas entidades implicadas na consecución dos obxectivos da DIRSE, tanto as Administracións públicas, no ámbito estatal, autonómico e local, así como Colexios Profesionais, Cámaras de Comercio e demais entidades afectadas, sigan dando cumprimento aos compromisos adoptados a tal fin. Nesa liña insírese a aprobación do Real Decreto-lei 8/2011, de 1 de xullo, de medidas de apoio aos debedores hipotecarios, de control do gasto público e cancelación de débedas con empresas e autónomos contraídas polas entidades locais, de fomento da actividade empresarial e pulo da rehabilitación e da simplificación administrativa, en vigor desde o pasado 7 de xullo de 2011 no que o Goberno, en relación coa obriga imposta polo artigo 40 da LES e a nova redacción do artigo 84 bis LRRL procedeu a avaliar, no seu ámbito competencial, a concorrencia dos motivos que xustifican a opción polo sentido desestimatorio do silencio, así como a existencia de referencia a licenzas locais de actividade na lexislación estatal<sup>50</sup>. Deste modo, a actividade dos cidadáns poderá desenvolverse nos ámbitos afectados, sen que o eventual atraso na actuación administrativa se configure como un obstáculo e, á vez, garantindo que a tutela do interese público nos aspectos fixados pola Lei de Economía Sostible, se mantén inalterada.

### 6.3 O portelo electrónico: unha asignatura pendente

Como se sinalou anteriormente o portelo electrónico está directamente relacionado co principio de simplificación administrativa<sup>51</sup>, na medida en que facilitará aos prestadores o inicio de actividades mediante a realización de trámites vía telemática, ao tempo que podería facilitar prácticas disuasorias para os prestadores que desexen desenvolver as súas actividades noutros Estados membros, sen prexuízo de que o establecemento do portelo único non modificará en caso ningún a competencia da autoridade responsable do trámite ou procedemento.

Así mesmo a devandita cuestión está en conexión coa implantación definitiva e integral da administración electrónica, pois a dispoñibilidade de medios persoais e materiais para chegar ao obxectivo da tramitación telemática resulta fundamental para o funcionamento da PUDS<sup>52</sup>. Así grazas ao PUDS, e sen prexuízo doutras vantaxes derivadas da súa utilización, elimínanse as barreiras territoriais e poténciase a igualdade entre os cidadáns da UE.

### 6.4 Un proceso en evolución

Transcorrido xa case un ano desde a posta en marcha do novo sistema procedé facer unha lectura positiva sobre a súa implantación, lectura positiva grazas ao labor realizado polo

50 Tras o proceso de avaliación levado a cabo por parte dos diferentes Departamentos Ministeriais, co citado Real Decreto-lei cúmprese o mandato de proceder a modificar os preceptos de múltiples leis, propiciando que en máis dun cento de procedementos a Administración se vexa agora sometida ao réxime do silencio positivo e que desaparezan as mencións ás licenzas locais nos seguintes textos normativos: Real Decreto-Lei 4/2001, de 16 de febreiro, de Réxime de intervención administrativa aplicable á valorización enerxética de fariñas de orixe animal procedentes da transformación de despoños e cadáveres de animais; o Texto Refundido da Lei de Augas, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2001, de 20 de xullo; a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruido; a Lei 16/2002, de 1 de xullo, de Prevención e control integrados da contaminación; a Lei 26/2007, de 23 de outubro, de Responsabilidade medioambiental; a Lei 34/2007, de 15 de novembro, de Calidade do aire e protección da atmosfera e a Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio natural e da biodiversidade.

51 MARTÍN-RETORTILLO BAQUER, S. "De la simplificación de la Administración Pública", Revista de Administración Pública, nº 147, setembro-décembro, Madrid 1998, Páx. 27. O devandito autor abordaba xa a cuestión desde o punto de vista da procedementalización da actuación da Administración, relacionando directamente a mesma como exigencia constitucional que ten a súa orixe no principio de legalidade.

52 GAMERO CASADO, E. "Los municipios y la ventanilla única de la directiva de servicios" no monográfico da Revista de Estudios Locales xa citado [Op. Cit.], lémbraos que a implantación do procedemento administrativo electrónico integral require da intervención sobre toda a lexislación sectorial que regula procedementos administrativos especiais, adaptando a súa estrutura á xestión electrónica para o cal será necesario levar a cabo unha tarefa de redeseño funcional dos procedementos administrativos con criterios de simplificación administrativa. Ambas as dúas cuestións encaixan perfectamente cos obxectivos sinalados de eliminación de obstáculos para facilitar o libre acceso ás actividades de servizos.

persoal municipal, sen prexuízo de que en todo momento se procedese coas cautelas procedementais e xurídico-administrativas que se consideraron convenientes.

O enfoque adaptado foi en todo momento o de considerar este proceso como un proceso vivo en contínua evolución e suxeito a aquelas modificacións que por razóns de distinta orde se puidesen estimar convenientes, así como a imperfección do sistema existente con anterioridade. Non se nos pode escapar que a suxeición das actividades a un sistema de control anterior non é un sistema perfecto, como o puxo de manifesto a acción de protección da legalidade urbanística, e por tanto a experiencia nese campo pode servir de guía para o camiño iniciado. Agora será a ordenanza reguladora dos medios de intervención a que nos dará as pautas para continuar o proceso iniciado.

## 7 Bibliografía

- AAVV "La ordenación de las actividades de servicios: comentarios a la Ley 17/2009, de 23 de noviembre", Dir. DE LA QUADRA-SALCEDO FERNÁNDEZ DEL CASTILLO, T. Aranzadi, Madrid, 2010.
- VIDA FERNÁNDEZ, J. "Cuestiones generales sobre la incorporación de la Ley 17/2009 al ordenamiento jurídico: significado, ámbito de aplicación y encaje competencial"
- VIDA FERNÁNDEZ, J. "Cooperación administrativa para el control efectivo de los prestadores de servicios"
- AAVV "La transposición de la Directiva de Servicios", Revista de Estudios Locales, ARANZADI, número extraordinario julio-agosto 2009.
- GAMERO CASADO, E. "Los municipios y la ventanilla única de la directiva de servicios"
- AAVV "Tratado de Derecho Municipal I" dirigido por MUÑOZ MACHADO, S., ARANZADI, Madrid, 1988.
- EMBID IRUJO, A. "Ordenanzas y Reglamentos municipales"
- BAUZÁ MARTORELL, J. en "Declaración responsable y comunicación previa. Consideraciones críticas del procedimiento administrativo a raíz de la Ley Ómnibus". Diario La Ley, nº 7419.
- BORRAJO INIESTA, I. "Las libertades de establecimiento y de servicios en el Tratado de Roma" Tomo II do Tratado de Derecho Comunitario Europeo, Ed. Civitas, Madrid, 1986. Directores E. GARCÍA DE ENTERRÍA, J. GONZALEZ CAMPOS e S. MUÑOZ MACHADO.
- CHOLBI CACHÁ, F.A. "El régimen de la comunicación previa, las licencias de urbanismo y su procedimiento de otorgamiento", LA LEY, Madrid, 2010.
- GARCÍA DE ENTERRÍA, E. e FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, T.R. "Curso de Derecho Administrativo II", 11ª edición, Civitas, 2008.
- JIMÉNEZ ASENSIO, R. La incorporación de la Directiva de Servicios al derecho interno", Instituto Vasco de Administración Pública, Oñate, 2010.
- LOZANA CUTANDA, B. "Ley ómnibus: silencio administrativo, declaración responsable y comunicación previa", Diario La Ley, nº 7339.
- MARTÍN-RETORTILLO BAQUER, S. "De la simplificación de la Administración Pública", núm 147, setembro-desembro, Madrid, 1998.
- PARADA VÁZQUEZ, R. "Derecho Administrativo I", Marcial Pons, Madrid, 1994.
- PELLICER ZAMORA, R.C. "Libertad de establecimiento y libre prestación de servicios en la Unión Europea", en R. ILLESCAS e CARLOS J. MOREIRO, Derecho Comunitario Económico, Vol. I, Las Libertades Fundamentales, Madrid, Colex, 2001
- PÉREZ GONZÁLEZ, C. "Comentarios sobre la transposición de la Directiva de Servicios en la Comunidad Autónoma de Galicia, en la apertura de establecimientos comerciales". El Consultor de los Ayuntamientos y de los Juzgados, nº 6, quincena do 30 de marzo ao 14 de abril. Edit. La Ley.



PELLICER ZAMORA, R.C. "Libertad de establecimiento y libre prestación de servicios en la Unión Europea", en R. ILLESCAS y CARLOS J. MOREIRO, Derecho Comunitario Económico, Vol. I, Las Libertades Fundamentales, Madrid, Colex, 2001

VELASCO CABALLERO, F. SCHNEIDER, JENS-PETER, Coords: "La unión administrativa europea", Marcial Pons, Madrid, 2008.

URRUTIA LIBARONA, I. "Marco jurídico del libre acceso a las actividades de servicios y su ejercicio en la Comunidad Autónoma del País Vasco", Instituto Vasco de Administración Pública, Oñati, 2010.



# Reflexións sobre a revisión de oficio dos actos administrativos

MARÍA JESÚS GALLARDO CASTILLO

Catedrática de Dereito Administrativo  
Universidade de Jaén

MARÍA LUISA ROCA FERNÁNDEZ-CASTANYS

Pfra. Contratada Doutora de Dereito Administrativo  
Universidade de Almería

42 Regap

Regap

ESTUDIOS E NOTAS

**Resumo:** Neste traballo inténtase matizar e poñer fin a algúns mitos que acompañaron a potestade revisoria das Administracións públicas: a revisión de oficio que prevén o art. 102 LRPAC non resulta tan imprescritible como parece extraerse do seu tenor literal e non constitúe unha acción do particular senón unha auténtica potestade administrativa. Pola súa parte, o art. 103 LRPAC non é tan garantista como parece desprenderse do precepto, posto que permite alegar un vicio a quen o provocou, coloca á Administración autora do acto nunha certa posición de privilexio e desigualdade respecto dos destinatarios do acto, que resulta atentatoria á seguridade xurídica posto que permite á Administración volver sobre os seus actos durante un longo período de catro anos a diferenza do prazo impugnatorio con que contan os interesados. Ao propio tempo, o traballo analiza as cuestións atentes á lexitimación, actuacións revisables e procedemento de revisión.

**Palabras clave:** Revisión de oficio. Declaración de lesividade. Procedemento revisorio. Nulidade de pleno dereito. Anulabilidade.

**Abstract:** The aim of this paper is to analyze the requirements of Administrative acts, debunking some of the most extended myths about the so-call ex officio review. A carefully reading of article 102 of the Spanish Law 30/1992, turns out that ex officio review is non-lapsable as it seems, and, also, that it is not a right of the citizen but a power of Administration. Besides, Article 103 is not as rights-based because allow to adduce defects to whom has caused them, placing, thus, Administration in a privileged position that could reduce the citizens rights. Finally, deals with other problems concerning legitimation, acts that may be revised and procedure to do so.

**Key words:** Ex officio review. Harmfulness Declaration. Procedure of revision. Nullity ab initio Acts. Relatively null Acts.

**Índice:** I. A revisión de oficio dos actos nulos de pleno dereito. I.1. Algunhas consideracións previas. I.2. Ámbitos subxectivo e temporal. I.3. Ámbito obxectivo. II. A revisión dos actos anulables. II.1. A declaración de lesividade como presuposto procesal de impugnación dos actos anulables declarativos de dereitos. II.2. Lexitimación. II.3. Ámbito obxectivo. II.3.1. Actos revisables por esta vía. II.3.2. Actuacións non revisables por esta vía. II.4. A xustificación da declaración de lesividade. II.5. Prazo para formular a declaración de lesividade e prazo de duración do procedemento. III. Límites da revisión.



# I A revisión de oficio dos actos nulos de pleno dereito

## I.1 Algunhas consideracións previas

Sabido é que unha das manifestacións máis sobresaíntes da autotutela declarativa é a revisión de oficio dos actos administrativos<sup>1</sup>. A súa regulación atópase contida no Título VII LRPAC, xunto coa declaración de lesividade e a revogación. Non obstante, estas dúas últimas non constitúen manifestación ningunha da potestade revisora da Administración, non é propiamente un suposto de revisión de oficio: a lesividade porque abre paso á revisión xurisdiccional e a revogación, porque, se ben se efectúa de oficio, non é un suposto de auténtica revisión que requira fundamentarse en motivos de legalidade, senón en motivos de oportunidade.

Por outra parte, as diferenzas entre estas tres técnicas tamén son notables en canto ao seu obxecto e finalidade: a revisión de oficio alcanza ás disposicións administrativas e aos actos administrativos en xeral, tanto declarativos como non declarativos de dereitos; a declaración de lesividade só alcanza aos actos favorables e a revogación, aos actos desfavorables ou de gravame.

## I.2 Ámbitos subxectivo e temporal

A iniciativa para proceder á revisión de oficio pode partir tanto do particular interesado como da propia Administración. En principio, pois, ten que recoñecerse lexitimación para instar e para participar no procedemento a todos os afectados, o que nos remite ás clases e categorías de interesados que se conteñen no art. 31 LRPAC. Máis concretamente, poderán solicitar das Administracións públicas o exercicio da potestade de revisión de oficio os que fosen destinatarios directos do acto administrativo ditado, podendo distinguirse o suposto de actos favorables e actos desfavorables, se ben no primeiro caso é dificilmente imaxinable que o favorecido polo acto inste a revisión do mesmo, polo que o máis frecuente será que o soliciten terceiros interesados; no segundo, unha vez recibida a solicitude pola Administración, é esta a que deberá decidir se procede á revisión vía art. 102 LRPAC ou por vía da revogación do art. 105.1 LRPAC. E en calquera caso en modo ningún será admisible a acción pública por máis que se considere que os vicios que dan lugar á nulidade de pleno dereito son susceptibles de cualificarse como de orde pública. Requírese lexitimación e esta só a ostentan os interesados nos termos do art. 31 LRPAC.

Agora ben, ¿que é o que se configura no art. 102 LRPAC: unha auténtica acción de nulidade e, polo tanto, un dereito estrito a todo un procedemento revisorio ou un simple poñer en coñecemento da Administración unha presunta nulidade de pleno dereito, pero quedando á súa discrecionalidade o impulsar ou non o procedemento revisorio? A resposta a esta cuestión require da análise previa deo ámbito temporal para exercitala. O art. 102 LRPAC dispón que pode accionarse en calquera tempo, sen o condicionante, pois, da eventual prescrición. Non obstante, e contrariamente ao que se desprende do tenor literal do precepto, iso non significa que a acción sexa imprescritible ou eterna, dado o límite que aparece no art. 106 LRPAC, por cuxa virtude “as facultades de revisión non poderán ser exercitadas cando por prescrición de accións, polo tempo transcorrido ou por

1 BOCANEGRA SIERRA, R. *La anulación de oficio de los actos administrativos*. Oviedo, Academia Asturiana de Jurisprudencia, 1998. ALONSO GARCIA, M.C. “La revisión de los actos administrativos tras la Ley 4/1999, de 13 de enero”, en *Justicia Administrativa*, núm. 6, 2000. DE PALMA DEL TESO, A. “La acción de nulidad frente a los actos desfavorables o de gravamen”, en *Revista de Administración Pública*, núm. 159, 2002.

outras circunstancias, o seu exercicio resulte contrario á equidade, á boa fe, ao dereito dos particulares ou ás leis”, o que obviamente resulta de aplicación aínda tratándose de actos nulos de pleno dereito, posto que o carácter imprescritible da acción entraña un risco evidente para a estabilidade ou a seguridade xurídica. As razóns que aboan esta conclusión, segundo se desprende das SSTs de 24 de abril (RX 1993\2863) e de 16 de decembro de 1993 (RX 1993\9747) e de 30 de maio de 1994 (RX 1994\4460), son as seguintes:

En primeiro lugar, a simple contraposición entre acción de nulidade, sen submisión a prazo, e recurso administrativo sometido a el, implicaría deixar en mans do administrado o someterse a un prazo na defensa do seu interese ou, pola contra, prescindir de todo límite temporal e proceder á impugnación en calquera momento, o que non parece avirse cunha lóxica de conxunto do sistema legal. Item máis, mesmo desde a perspectiva do administrado, interesado en impugnar un acto administrativo que lle afecta, resulta en certo modo forzada a distinción usual entre acción de nulidade e recurso administrativo, pois é indubidable que a acción se manifesta en ambos os dous casos a constituir senllas vías canles para exercitar a pretensión impugnatoria. Así a diferenza real entre acción impugnatoria, ex art. 102 LXPAC, e a que se canaliza a través dos recursos administrativos, maniféstase máis ben polo dato de que na primeira non existe un dereito do administrado a impoñer non só xa a declaración de nulidade á Administración senón acordar o inicio mesmo do procedemento, pois este e aquela só é consecuencia do exercicio dunha potestade administrativa, a potestad de revisión de oficio, que é o elemento clave, en cuxo exercicio non conta só o interese do accionante e o puro valor da legalidade do acto impugnado, senón tamén outros elementos a ponderar pola Administración, dados os límites imperativos do art. 106 LXPAC. Direino doutro xeito: na estrutura do art. 102 LXPAC, o interesado que pode instar a acción de nulidade é un dos posibles elementos determinantes do exercicio da potestade administrativa, pero a clave non se atopa tanto na acción de nulidade instada polo interesado canto na potestade mesma, de onde pode deducirse que a expresión “en calquera momento” que emprega o precepto ten como referencia e destinataria inmediata a Administración e non tanto o administrado. ¿Que se deriva de todo iso? Que, pese á literalidade dos seus termos, o art. 102 LXPAC non consagra unha acción con todas as súas consecuencias e coa que, sen limitación de prazo, se poida forzar á Administración a declarar a nulidade de pleno dereito dun determinado acto nulo de pleno dereito.

Entón, ¿que sentido ten que o art. 102 LXPAC manteña a inveterada expresión “en calquerz momento” que aboou a idea da imprescritibilidade do exercicio desta potestade e da acción de nulidade? Evidentemente evitar as fatais consecuencias da inminente caducidade dos breves prazos de interposición dos recursos administrativos, transcorridos os cales, de non existir esta vía do art. 102 LXPAC, non cabería corrixir as maiores irregularidades cometidas pola Administración nos seus actos administrativos por topar para iso coa firmeza do acto.

Agora ben, xunto a iso ten que engadirse outro problema adicional: interposto extemporeamente un recurso polo que se impugna un acto administrativo no que se aleguen razóns de nulidade de pleno dereito, ¿cabería reconducir a pretensión anulatoria pola vía do art. 102 LXPAC e, polo tanto, admitilo dada a imprescritibilidade da acción ou cabería decretar a súa inadmisión pola súa tardía interposición? A Xurisprudencia ao respecto é vacilante: a STS de 20 de xaneiro de 1999 (RX 1999\32) considera, dunha parte, absolutamente imprescindible fundamentar a acción no art. 102 LXPAC se pretende aproveitarse



a súa imprescritibilidade, polo que o recurso interposto fóra de prazo habería que enténdelo inadmisíbel por extemporáneo. Os termos da sentenza son tallantes:

“é farto reiterada a xurisprudencia desta Sala en torno á necesidade de apreciar a extemporanidade dos recursos articulados contra unha decisión administrativa, sequera se baseen na suposta nulidade radical da mesma, a non ser no caso de que se acudise á vía de instar a revisión do acto viciado a través da vía que posibilita o artigo 109 da Lei de 1958. Mentres neste último suposto non existe prazo perentorio ningún, xa que se outorga unha acción para solicitar que a Administración inicie o procedemento revisorio, o siga por todos os seus trámites e o conclúa por medio dunha decisión -favorable ou adversa á nulidade- que poderá dar lugar á interposición do recurso contencioso xudicial, no caso de intentarse a vía xudicial directa contra o acto supostamente nulo está obrigado o impugnante a atermos aos prazos legais de interposición dos recursos que pretenda exercer, sen que lle dispense diso a absoluta falta de validez do acto. Así o viñeron declarando as Sentenzas deste Tribunal, entre as que merecen ser lembradas as de 25 de marzo e 27 de xullo de 1992 (RX 1992\3391 e RX 1992\6177), e nos últimos tempos a de 2 de decembro de 1998 (RX 1998\10266)”.

Pola contra, a STS de 26 de outubro de 2001 (RX 2001\ 9208) entendeu, que en aplicación do art. 110.2 LRPAC, podía entenderse instada a revisión de oficio aínda que se tivese viabilizado a través dun recurso de reposición e este fose extemporáneo, pois “o erro na cualificación dun recurso non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter” e a STS de 16 de decembro de 1997 (RX 1998\251), con cita das SSTs de 24 outubro 1994 (RX 1994\10116), de 8 abril 1995 (RX 1995\3228), de 7 novembro 1995 (RX 1995\8131), de 20 febreiro 1996 (RX 1996\1274) e de 1 febreiro 1997 (RX 1997\743), chegou a similar conclusión ao considerar que fronte ás alegacións de extemporanidade na formulación dos recursos en vía administrativa ou xurisdiccional ten que prevalecer o principio xeral de ineficacia insubsanable dos actos e disposicións xerais que sexan nulos de pleno dereito, recollido nas coñecidas máximas *quod nullum est nullum producit effectum* e *quod ab initio vitiosum est, non potest tractu tempore convallescere*.

### 1.3 Ámbito obxectivo

Son revisables en aplicación do art. 102 LRPAC todos os actos administrativos –expresos, presuntos estimatorios, por ter a consideración de acto finalizador do procedemento (art. 43.3 LRPAC) e actos de trámite cualificados-, salvidade feita aos actos de trámite por carecer de eficacia externa.

O procedemento de revisión do art. 102 LRPAC non alcanza só aos actos administrativos, senón tamén aos actos relativos á preparación e adxudicación dos contratos administrativos que merecen a consideración de actos separables, así como dos actos que resulten dos acordos, pactos e convenios celebrados polas Administracións públicas con persoas de Dereito privado, en virtude da denominada “terminación convencional”.

Non o son, porén, os actos privados da Administración nin os contratos privados celebrados por ela por corresponder en exclusiva a decisión sobre o fondo aos Xulgados e Tribunais da orde correspondente (Ditame do Consello de Estado 701/1991).

Tamén o son as disposicións administrativas de carácter xeral, se ben neste caso non se admite a iniciación co carácter de acción de nulidade a solicitude do interesado (SSTS de 28 de novembro de 2001 [RX 2002\2730] e 20 de marzo de 2003 [RX 2003\2914]). As razóns desta exclusión atópanse, dunha parte na propia Exposición de Motivos da Lei 4/1999, que nega o carácter de acción de nulidade neste caso, e, doutra, na imposibilidade de impugnación dos Regulamentos mediante recursos administrativos. En consecuencia, estimado un recurso polo que se insta a impugnación indirecta, é dicir, anulado un acto por causa da nulidade do Regulamento do que constitúe a súa aplicación, a Administración deberá iniciar o procedemento de revisión de oficio contra a mesma.

Pero volvamos aos actos administrativos como obxecto do procedemento revisorio do art. 102 LXPAC. O precepto exige que se trate de actos que esgotasen a vía administrativa ou contra os que non se interpuxese recurso en prazo, o que, en principio, puidese interpretarse como unha limitación que mal se avén co tipo de vicio afectante a estes actos. Porén, a mesma encerra unha sorte de condicionantes non carentes de certa lóxica: en primeiro lugar, ten que tratarse de actos definitivos –non de trámite- por ser o resultado dunha vontade concluínte da Administración; en segundo lugar, que non sexan susceptibles de ser cuestionados mediante a interposición dos recursos administrativos pertinentes ou do contencioso-administrativo pois, se así é, o procedente é empregar esta vía por ser a máis sinxela, a máis rápida e a ordinaria; e, en terceiro lugar, respecto de actos que non fosen impugnados con idéntico fundamento e motivos e desestimados por sentenza xudicial firme pois nin cabe a declaración de nulidade de actos administrativos confirmados en vía xudicial (SSTS de 29 de xaneiro de 1975 [RX 1975\146 RX 1975\146] e de 30 de novembro de 1984 [RX 1984\6560]), nin é admisible reabrir a cuestión tantas veces queiran os interesados (STS de 1 de abril de 2002 [RX 2002\3388]).

Todo iso deriva, ademais, da consideración deste mecanismo como excepcional e en modo ningún alternativo á vía da impugnación mediante recursos e moito menos simultáneo. Iso responde á idea de subsidiariedade fronte á vía dos recursos: como afirma Aguiló Monjo<sup>2</sup>, mentres exista recurso administrativo pendente, a súa resolución é o camiño máis curto e axeitado para a anulación do acto que o de iniciar unha redundante e alternativa vía de revisión de oficio. E se existe recurso contencioso-administrativo en trámite tamén o aplazamento será o camiño máis axeitado que iniciar, de oficio, a vía revisoria: en definitiva, insisto, a existencia de esgotamento da vía administrativa non está exenta de lóxica, porque en tanto o acto sexa susceptible de recurso non ten sentido que se siga un procedemento de revisión, máis complexo que o que permite alcanzar o recurso. E o mesmo sucede coa existencia de que o acto sexa firme por consentido (non así os firmes por rer interposto todos os recursos dispoñibles, incluído o contencioso, porque en tal caso existe cousa xulgada), dada, se non a imprescritibilidade da acción polas razóns máis arriba expostas, a inexistencia de prazo para exercitala.

Agora ben, ¿ten algún sentido manter esta exigencia cando o procedemento revisorio foi iniciado de oficio?, ¿para que agardar a Administración a que o acto sexa definitivo ou que esgotase a vía administrativa? Entendo que se ben o art. 102 LXPAC contén tanto unha acción de nulidade *stricto sensu* –coas matizacións, iso si, referidas máis arriba- como unha habilitación para que a Administración revise de oficio os seus actos nulos de pleno dereito, o requisito exposto só se entende exixible cando a revisión se inicia a instancia de interesado e non cando se inicia de oficio.

2 AGUILÓ MONJO, P.A. "Especialidades de la revisión de oficio a instancia de parte", en *Revista Española de la Función consultiva*, nº 1, 2004, páx. 19.



## II A revisión dos actos anulables

### II.1 A declaración de lesividade como presuposto procesal de impugnación dos actos anulables declarativos de dereitos.

A declaración de lesividade é tan só un presuposto procesal ou trámite previo para o exercicio de accións contra os seus propios actos por parte da Administración e, máis en concreto, para que esta poida interpoñer recurso contencioso-administrativo, sendo no proceso que se promova con base nesa declaración de lesividade onde se dilucidará se efectivamente concorre causa de anulabilidade no acto declarado lesivo que se converte, así, no árbitro que resolve sobre a procedencia ou improcedencia da declaración de lesividade do acto de que se trate. En definitiva, este procedemento de revisión que se desenvolve en dúas fases, a Administración limitarase nunha primeira a formalizar este presuposto procesal en que declarará lesivo ao interese público o acto administrativo cuxa anulación pretende e a Xurisdición Contencioso-Administrativa, nunha segunda, que será a que virá proclamar a xuridicidade ou desconformidade co ordenamento xurídico do acto declarado lesivo, enuizando a cuestión á marxe do criterio da Administración, que poderá ser ou non aceptado e no que o beneficiado polo acto poderá concorrer ao proceso como demandado para defender a legalidade do acto administrativo.

Polo tanto, a declaración de lesividade non ten máis efecto que o de permitir á Administración instar a impugnación xurisdiccional dun acto ditado por ela mesma, e é dentro do proceso xurisdiccional que así se inicie onde teñen que ser emprazados todos os que estean interesados en manter a validez do devandito acto e onde poden facer valer, en beneficio dos seus dereitos e intereses, todo o que estimen conveniente en contra daquela declaración de lesividade e da nulidade pretendida fronte ao acto que fose obxecto da mesma. A cuestión non é fútil pois dela se extraen dúas consecuencias: Primeira, que esa declaración administrativa de lesividade carece de virtualidade para incidir na situación xurídica preexistente da recorrente; é dicir, por si soa nin altera, nin modifica ou priva de dereito ningún que tivese adquirido fronte á Administración (STS de 23 de abril de 2004 [RX 2004\2649]). E segunda, o acordo que declara a lesividade dun acto administrativo non é susceptible de impugnación, polo que, interposto este, habería que declarar a súa inadmisibilidade (SSTS de 18 de xullo de 2000 [RX 2001\4627] e 26 de xuño de 1984 [RX 1984\3650]). A razón é obvia: non ten sentido admitir a interposición dun recurso contra a Administración que non tería máis obxecto que evitar que a mesma Administración interpoña un recurso, no cal a parte poderá facer plena defensa dos seus dereitos, incluída a argumentación en que intenta fundar a súa pretensión (STS de 18 de xullo de 2000 [RX 2001\4627]).

Con todo, a declaración de lesividade e, no seu conxunto, o chamado “recurso de lesividade” previsto nos arts. 103 LRXPAC e 43 LXCA ten un carácter marcadamente extraordinario por canto, dunha parte, non deixa de supoñer alegar un vicio por quen o provocou e, doutra, constitúe un grave risco ao principio de seguridade xurídica, pois permite volver sobre declaracións de vontade de efectos favorables durante un longo período de 4 anos, o que impón unha interpretación restritiva das normas que o regulan (STS de 31 de marzo de 2008 [RX 2008\3743]).

Por iso, como ben afirma Cuchillo Foix<sup>3</sup>, contrariamente ao manifestado na Exposición de Motivos da LRXPAC, e aínda que a naturalidade con que afronta a regulación do art. 103

3 CUCHILLO FOIX, M. “La revisión de oficio y la revocación en la LRJPAC”, na obra colectiva dirixida por TORNOS MAS, J. *Administración Pública y Procedimiento administrativo*, Barcelona, Bosch, 1994, páxs. 398 e 399.

pode dar lugar a manter o contrario, sobre todo pola indubidable garantía que supón a intervención xudicial na decisión última da anulación do acto, esta posibilidade de revisión coloca á Administración autora do acto nunha certa posición de privilexio e desigualdade respecto dos particulares, o que parece incompatible cos trazos configuradores da institución revisora, cos principios informadores da LRXPAC e cos postulados constitucionais, e iso por varios motivos: primeiro, porque os actos anulables que non fosen recorridos polos interesados nos brevísimos prazos previstos para a impugnación, en vía administrativa ou ante a Xurisdición contencioso-administrativa, deberían ser entendidos firmes e consentidos. Non obstante, a Administración continúa dispoñendo de 4 anos para reaccionar contra os mesmos. E segundo, polos evidentes perigos para a seguridade xurídica que provoca tan dilatado prazo de inestabilidade das situacións nadas ao abeiro de actos anulables.

## II.2 Lexitimación

No proceso de lesividade, como proceso excepcional que é, a lexitimación activa resérvaa para si a propia Administración que, contra os seus propios actos, pretenda a anulación dun acto declarativo de dereitos. E sendo a Administración autora do acto parte demandante, conforma a parte demandada os titulares de dereitos derivados do acto que se pretende anular.

É máis, este presuposto procesal que constitúe a declaración de lesividade ten o importante efecto de delimitar, cuantitativa e cualitativamente, as posibilidades da acción a postular, de forma que consolida a posición xurídica tanto da Administración como do destinatario do acto declarado lesivo, pois a Administración non poderá formular, ao longo do proceso, pretensións que non se refiran aos aspectos e cuestións indicadas na declaración de lesividade, nin das demais partes poderá alterar as súas respectivas posicións procesais. Por esta razón, tanto demandados como codemandados, en lóxica coherencia procesal, haberán de pretender o mantemento do acto administrativo, non procedendo nunha instancia superior que ningún deles manteña unha tese impugnatoria da sentenza que confirme o acto impugnado, dando así as costas ao principio de que a única posición que poden manter o demandado e o codemandado ten que ser a de mantemento do acto impugnado (STS de 22 de novembro de 2007 [RX 2008\276]).

Esta posición da Administración como parte demandante neste proceso de lesividade fai que o interese lexitimo dos administrados non lles permita neste proceso outra intervención que a de actuar en forma subordinada á da parte principal que, do mesmo xeito que é libre para formular a declaración de lesividade do acto e a súa posterior impugnación, éo para desistir do proceso iniciado á súa instancia, o que provoca que este desistimento alcance a estes, que nin poderán substituír á parte principal nin poderán continualo sen ela, pois non debe esquecerse que o mecanismo ordinario de impugnación é a interposición de recursos –cuxos prazos xa transcorreron- e non agarrar a eventual presentación dun recurso de lesividade pola Administración autora daqueles para eles (STS de 18 de novembro de 1998 [RX 1998\9515]).

Do anterior debe deducirse unha consecuencia clara: que o proceso de lesividade non supón para o interesado na anulación dos actos declarados lesivos a reapertura dos prazos de impugnación daqueles, polo que no proceso de lesividade non poden senón simplemente cooperar ao éxito das pretensións exercitadas pola Administración (STS de 29 de abril de 2004 [RX 2004\3292]).





## II.3. Ámbito obxectivo

### II.3.1. Actos revisables por esta vía

Malia a aparente claridade con que se expresa o art. 103 LRXPAC, a sobriedade da súa regulación e da súa posta en práctica ao poñelo en contacto coa realidade obriga a poñer de manifesto algunhas consideracións acerca do ámbito obxectivo de aplicación:

En primeiro lugar, han teñen que selo só e exclusivamente os actos que sexan declarativos de dereitos. Agora ben, o criterio do carácter favorable ou desfavorable do acto non resulta seguro nin definitivo, xa que existe un *tertius genus*, os actos cuxos efectos xurídicos alcanzan a distintos suxeitos e que teñen “o dobre efecto” de producir efectos declarativos ou favorables para uns e de gravame ou desfavorables para outros.

Pero unha vez superada esta dificultade inicial, o certo é que, tamén contrariamente ao que puidese parecer, o ámbito de acción deste mecanismo de revisión non só alcanza aos actos anulables senón aos nulos de pleno dereito, posto que cabe a posibilidade de que a Administración empregue esta vía para lograr a anulación daqueles actos –iso si, favorables– cuxa anulación de oficio ou ben se viu truncada ao non se ter obtido o preceptivo informe favorable do órgano consultivo, ou ben a Administración non considerou oportuno iniciar o procedemento que lle brinda o art. 102 LRXPAC. En definitiva, o proceso de lesividade preséntase como unha alternativa á revisión de oficio do art. 102 LRXPAC, o cal permite que a Administración autora do acto poida solicitar a actuación xurisdiccional en postulado anulatorio dun acto ditado por ela aínda cando este sexa susceptible de cualificarse nulo de pleno dereito e non anulable. ¿Por que é posible aboar esta solución? Por unha parte, porque esta posibilidade non está prohibida polo ordenamento xurídico, e, pola outra, porque o proceso de lesividade extrema as garantías en beneficio do particular que poida resultar afectado pola pretendida nulidade (STS de 24 de setembro de 1999 [RX 1999\8033]).

Por último e superando a tese inicial contida nas SSTS de 10 de decembro de 1934 e 25 de marzo de 1941, a Xurisprudencia, desde a STS de 13 de novembro de 1974 (RX 1974\4500), estendeu a lesividade á contratación administrativa sen que esta posibilidade sexa asimilable a unha libre facultade resolutoria por parte da Administración. A razón é obvia: a impugnación dun contrato en base ao seu carácter lesivo non ten o seu fundamento no incumprimento das obrigas contractuais contraídas polo contratista que dan lugar á resolución do contrato, senón en constatar se a Administración vulnerou disposicións polas que ten que rexerse, repercutindo desfavorablemente nos intereses económicos ou doutra orde da Administración.

### II.3.2. Actuacións non revisables por esta vía

En primeiro lugar, se se acepta como principio válido que o proceso de lesividade unicamente se pode dirixir fronte a actos administrativos que padezan defectos constitutivos de anulabilidade e mesmo, actos nulos de pleno dereito –é dicir, que transgredan o ordenamento xurídico– non é difícil deducir que non debe predicarse a invalidación respecto dun acto xurídico que sexa reputado inicialmente como válido.

En segundo lugar, a declaración de lesividade resulta ser a vía improcedente nos casos de actos administrativos afectados de nulidade sobrevida derivada dun acto que declare un dereito cando tal declaración resulte incompatible co recoñecemento dun dereito declarado por outro acto anterior (STS de 22 de novembro de 2007 [RX 2008\276]).

Tampouco é susceptible de declaración de lesividade (e, conseguintemente, é inadmisíbel o recurso contencioso-administrativo) o acordo ditado pola Administración en execución dunha anterior sentenza firme, non só por impedilo en principio de *cousa xulgada*, senón tamén porque se trata de acto administrativo adoptado en cumprimento dunha decisión xudicial á que debe conformarse. En consecuencia, non se debe poñer en cuestión mediante a declaración de lesividade os pronunciamentos firmes recaídos ao levar a cabo a fiscalización xurisdiccional de tales actos nin pode, polo tanto, xerarse outro proceso distinto que faría, mediante a sucesiva adopción de actos non conformes co mandato xudicial, inoperante o proceso xa rematado (SSTS de 6 de marzo de 1989 [RX 1989\1736] e de 27 de abril de 1999 [RX 1999\4685]). Agora ben, nin é procedente nin se require a declaración de lesividade cando se trata dunha simple modificación, novación dunha cláusula contractual (STS de 26 de xuño de 2000 [RX 2000\6702])

Cando do que se trata é do reintegro ou denegación de subvencións por incumprimento dos requisitos ou indebida utilización das cantidades recibidas, isto é, por incumprimento da finalidade para a que se conceden ou outórganse abondando para iso a comprobación administrativa do debandito incumprimento para acordar a denegación da subvención ou a devolución do percibido, non se está en presenza propiamente da revisión dun acto nulo que requira a aplicación do establecido no art. 102 LRPAC ou unha declaración de anulabilidade do acto que requira una declaración de lesividade do art. 103 LRPAC. O acto de outorgamento da subvención, que é *prima facie* acorde co ordenamento xurídico, non se declara ineficaz por motivo que afecte á validez da súa concesión, senón que despreza todos os seus efectos, entre os que se atopa, precisamente, a posibilidade de declarar a improcedencia do outorgamento e o reintegro ou devolución das cantidades cando non se cumpriu a condición ou a finalidade para a que se outorgou a subvención. É este un efecto inherente ao acto de outorgamento da subvención que nin se revisa, nin se anula nin se revoga, en sentido propio, senón que ou ben a denegación ou devolución representa a eficacia que corresponde ao incumprimento da condición resolutoria con que se concede a axuda. (STS de 16 de maio de 2007 [RX 2007\5855]) ou ben se trata dun acto administrativo que resolve denegar as axudas solicitadas de forma definitiva e que establece a obriga de reintegrar os anticipos percibidos en tal concepto (STS de 26 de xuño de 2007 [RX 2007\3925]).

Aínda que non se estableza expresamente na LRPAC, o ámbito obxectivo do art. 103 LRPAC non alcanza aos Regulamentos, senón só os actos administrativos definitivos –non de trámite– que puxesen fin á vía administrativa e respecto dos que non se atope pendente resolución de recurso administrativo algún nin xurisdiccional interposto con eles, pois sería absurda a simultánea pendencia de dous procesos en que a Administración postulase a anulación do acto e a súa conformidade a Dereito.

#### II.4 A xustificación da declaración de lesividade

Para que poida prosperar o proceso de lesividade haberá de acreditarse pola Administración a procedencia da lesividade en si, para o que abondará a proba de que o acto produce lesión, xa sexa esta xurídica, económica ou doutra índole (prexuízos urbanísticos, sanitarios, culturais...) e que o acto incorra en calquera infracción do ordenamento xurídico, sen prexuízo, no seu caso, da axeitada indemnización dos prexuízos causados a terceiros e das responsabilidades exixibles como consecuencia do acto que se declare nulo (STS de 23 de



abril de 2002 [RX 2002\4610]). Esta dobre exigencia (de lesión e de infracción do ordenamento xurídico) –que non a tradicional dobre exigencia de lesión, económica e xurídica que se exixía tradicionalmente- implica que a declaración de lesividade e a subseguinte anulación do acto declarado lesivo non poderá fundamentarse en simples razóns de pura conveniencia ou oportunidade política, posto que o Xuíz ou Tribunal deberá fundarse en motivos de legalidade e no seu impacto antixurídico ao interese público. Porén, a Xurisprudencia suavizou considerablemente esta exigencia de lesión aos intereses económicos, considerando que esta se presupón se o acto quebranta o ordenamento xurídico (SSTS de 14 de marzo de 1980 [RX 1980\2190], 22 de xaneiro de 1988 [RX 1988\326], 28 de febreiro de 1994 [RX 1994\1465] e 6 de xuño de 1995 [RX 1995\4944])

## II.5 Prazo para formular a declaración de lesividade e prazo de duración do procedemento

A LRPAC na súa redacción orixinaria e antes da reforma operada pola Lei 4/1999 previu a necesidade de iniciación do procedemento de lesividade antes dos 4 anos desde que o acto se tivese ditado. A diferenza respecto da LPA de 1958 era substancial: no derogado art. 110 a revisión debía producirse –por tanto, con resolución incluída-, e non só iniciarse, “dentro” dese prazo.

A reforma de 1999 volveu, para maior seguridade xurídica dos beneficiados por un acto administrativo, ao sistema da LPA de 1958 ao establecer no apartado 2º do art. 103 que a declaración de lesividade “non poderá adoptarse unha vez transcorridos 4 anos desde que se ditou o acto administrativo”, polo que dentro dese periodo ten que incluírse non só o inicio do procedemento para realizala, senón a propia declaración. E aínda que o silencio a Lei, non cabe falar de interrupción do cómputo do devandito prazo porque, como veu declarando a Xurisprudencia con reiteración, trátase dun prazo de caducidade e non de prescrición. En consecuencia, transcorrido o devandito prazo o acto non pode declararse lesivo e considérase, a todos os efectos, irremediabilmente firme.

Mais, ¿como se realiza o cómputo? A STS de 10 de outubro de 2000 (RX 2000\8245) afirmou que o mesmo ten que partir, sen dúbida, da data de tal acto, e non da de ningún outro posterior, xa sexa complementario, derivado ou de execución.

Xunto a este prazo, prevese outro, o que corresponde á duración do procedemento, que desde a Lei 62/2003, de 30 de decembro, se fixa en seis meses desde a iniciación do procedemento. A Xurisprudencia sinala como dies ad quem para o cómputo deste prazo –tamén de caducidade- o da notificación da resolución que lle pon fin (SSTS de 25 de maio de 2004 [RX 2004\4729], de 18 de xaneiro de 2005 [RX 2005\896], de 24 de outubro de 2007 [RX 2007\7497] e de 21 de xullo de 2004 [RX 2004\5569]). Se a Administración non ultima o procedemento coa correspondente resolución terá que declarar a caducidade do procedemento e o seu correspondente arquivo, podendo obviamente iniciar outro procedemento co mesmo fin, sempre e cando, claro está, non transcorrese o de 4 anos, podendo en tal caso, aproveitar os trámites realizados no procedemento inicial.

A declaración do acto como lesivo abre a vía á súa impugnación, por parte da Administración, ante os Tribunais contencioso-administrativos, para o que terá que realizarse o cómputo para a interposición do contencioso, que será de dous meses desde o día seguinte á data en que se ditou tal declaración (art. 46.5 LXCA).

### III Límites da revisión

O art. 106 LRPAC engade unha serie de límites aos xa existentes á potestade revisora da Administración e faino da man de conceptos xurídicos sumamente indeterminados e difíciles de determinar na aplicación práctica a un caso concreto (boa fe ou equidade) e de elementos que non remata de perfilar (o tempo transcorrido -¿canto?-, outras circunstancias -¿que circunstancias?-, o dereito dos particulares -¿do interesado ou de terceiros?...), deixando así unha ampla marxe de discrecionalidade á Administración que poderá atopar neste precepto o fundamento recorrente tanto para proceder a revisar –considerando que non se dan estas circunstancias- ou para non facelo. Por iso e porque a propia potestade revisora da Administración xa vén acompañada de importantes límites e restricións, é polo que este precepto ten que aplicárselle de forma verdadeiramente excepcional e tras valorar coidadosamente a concorrencia de tales circunstancias. É máis, como expresou a STSX de Cataluña de 14 de xuño de 2002 (AS 2002\2947), non cabe acudir a tan xenérico precepto cando existe unha norma específica que regula a materia. É máis, á vista do significado inequívoco dos termos nel empregados, o xulgador non dispón de marxe ningunha para a ponderación de tales consideracións, en detrimento doutras igualmente dignas de ser tidas en conta, en tanto que está vedado que a resolución xudicial, por imperativo do art. 3.2 C.c., descanse de xeito exclusivo nunha valoración de equidade.

O certo é que ao conxugar a regulación da revisión de oficio e o art. 106 LRPAC, pode deducirse que para proceder a ela se require, dunha parte, apreciar a ilegalidade do acto que pretende revisarse e, doutra, que tal revisión non veña impedida por circunstancia ningunha que produza como resultado da anulación unha lesión doutras leis, da equidade, da boa fe ou do dereito doutros particulares ou interesados, circunstancias todas elas que ofrecen unha ampla marxe de discrecionalidade ao órgano administrativo actuante pero ten que manexalas e ponderalas debidamente en cada caso para non condenar á inoperancia o temperamento que a devandita norma implica para a revisión de oficio (STS de 5 de decembro de 1995 [RX 1995\9936]).

Malia as dificultades que presenta calquera intento de fixación do significado de conceptos tan inasibles como os que emprega o precepto, da Xurisprudencia pode extraerse unha consideración que puidese resultar útil á hora de determinar se un proceder administrativo é contrario ou non á boa fe. Segundo a STS de 27 de decembro de 2006 (RX 2006\10062) éo cando a Administración fai calquera clase de manifestación sobre a validez dun concreto aspecto ou elemento da súa actuación administrativa, ou que xerese a aparencia de que esa era xa unha cuestión previamente analizada e valorada por ela e que, posteriormente, promova a revisión de oficio con base na invalidez dese mesmo elemento e en contradición coa súa anterior manifestación sobre esa concreta cuestión. E infrínxese, tamén a boa fe por parte da Administración cando “se finxe ignorar o que se sabe (...), se realiza un acto equívoco para beneficiarse intencionadamente dunha dubidosa significación ou se crea unha aparencia xurídica para contradicila despois en prexuízo de quen puxo a súa confianza nela” (STS de 29 de xaneiro de 1965 [RX 1965\262]).

No que fai a equidade, a Xurisprudencia declarou que “hai circunstancias en que a xustiza e o dereito teñen que auxiliarse da equidade” (STS de 10 outubro 1955 [RX 1955\2800]), posto que a equidade é un principio xeral do Dereito que pode operar como supletorio do mesmo (STS de 21 outubro 1957 [RX 1957\2810]) e que resulta de aplicación en diversidade de ocasións (SSTS de 3 xuño 1960 [RX 1960\2218], de 3 outubro 1974 [RX 1974\3571])



e 2 maio 1978 [RX 1978\1646]). Por outra parte, a STS de 26 de decembro de 1995 (RX 1995\9529) afirma que non cabe confundir equidade con igualdade, xa que aquel ten un compoñente de moderación e este de conformidade absoluta, entre dous ou máis termos comparativos. O principio da equidade non significa outra cousa que dar ao caso unha solución máis xusta, por máis axeitada ás súas esenciais características (STSX de Canarias de 14 de abril de 2000 [XT 2000\1167]). Como certeramente ten afirmado a STS de 20 de maio de 1987<sup>4</sup>, “aplicar unha solución de equidade non significa en modo ningún empregar un criterio de benevolencia. Trátase, simplemente, de facer xustiza, ou se se quere, de chegar á xustiza do caso. A equidade é unha forma de normatividade non xerarquizada”.

---

4 Citada por GONZÁLEZ NAVARRO, F. *Derecho administrativo español*. Pamplona, Eunsa, 1994, pg. 1171.

# A reordenación das técnicas preventivas de intervención administrativa en materia ambiental. Unha proposta para Galicia

**Índice:** I. *Introdución.* II. *A necesidade de aprobar unha nova Lei de prevención e control ambiental de Galicia que regule de forma integrada e coordinada todos os instrumentos preventivos de autorización e avaliación de proxectos (e eventualmente de plans e programas).* III.1. *Consideracións previas sobre os diferentes modelos de normas autonómicas de protección ambiental.* II.2. *Formulación xeral da proposta de Lei de prevención e control ambiental de Galicia.* II.3. *Réxime xurídico de intervención administrativa da proposta de Lei de prevención e control ambiental de Galicia.* III.3.A. *Ámbito de aplicación.* III.3.B. *Primeiro nivel de intervención: a autorización ambiental integral, desenvolvemento e clarificación da Lei 16/2002 de prevención e control integrado da contaminación.* III.3.C. *Segundo nivel de intervención: a autorización ambiental única.* III.3.D. *Terceiro e cuarto nivel de intervención: a licenza municipal de incidencia ambiental, con ou sen intervención autonómica vía informe vinculante. O papel da comunicación previa.* III.3.E. *Técnicas de avaliación de proxectos: a avaliación de impacto ambiental de proxectos.* IV. *Bibliografía.*

## I Introducción

A Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia<sup>1</sup> tivo un período de vixencia moi dilatado no tempo, sen sufrir modificacións no seu contido. Dese o ano 1995 foron aprobadas numerosas e relevantes leis básicas do Estado en materia ambiental<sup>2</sup>. O

1 Véxase, sobre esta lei, NOGUEIRA LÓPEZ, A., “La protección ambiental en Galicia (Lei 1/1995 de Protección Ambiental)”, *Revista Andaluza de Administración Pública*, núm. 24, 1996; SANZ LARRUGA, F.J., “A Lei de protección ambiental de Galicia: as súas bases xurídicas e principios ordenadores” (I), *Revista Xurídica Galega*, núm. 28, 2000, e “A Lei de protección ambiental de Galicia: as súas bases xurídicas e principios ordenadores” (II), *Revista Xurídica Galega*, núm. 29, 2000.

2 Particularmente, a Lei 10/1998, de 21 de abril, de Residuos; a Lei 16/2002, de 1 de xullo, de Prevención e Control Integrados da Contaminación; a Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente; a Lei 27/2006, de 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente; a Lei 26/2007, de 23 de outubro, de Responsabilidade Medioambiental; a Lei 34/2007, de 15 de novembro, de Calidade do Aire e Protección da Atmosfera; e o Real Decreto Legislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de Proxectos.



desenvolvemento da regulación ambiental foi froito do arranque do Dereito comunitario, que actuou como punta de lanza no desenvolvemento do Dereito ambiental.

A Lei 1/1995 quedou, en consecuencia, obsoleta. Cómpre substituíla por unha nova Lei de prevención e control ambiental de Galicia que sistematice, actualice e integre as técnicas de prevención ambiental. Unha norma que recolla os novos instrumentos de control ambiental, como a autorización ambiental integrada (ou mesmo a avaliación de plans e programas), que revise e actualice o réxime dalgúns xa existentes, como a avaliación de incidencia ambiental e a avaliación de impacto ambiental, e que elimine os que se consideren innecesarios. Esa reordenación debe afectar tamén a parte das normas de desenvolvemento regulamentario da Lei 1/1995, como ao Decreto 442/1990, de 13 de setembro, de avaliación de impacto ambiental, o Decreto 327/1991, de 4 de outubro, de avaliación de efectos ambientais ou o Decreto 133/2008, de 12 de xuño, que regula a avaliación de incidencia ambiental.

O obxectivo deste artigo é propoñer por tanto a aprobación dunha Lei de prevención e control ambiental de Galicia, que derroque a Lei 1/1995 e que regule de forma integrada e coordinada todos os instrumentos preventivos de autorización e avaliación de proxectos<sup>3</sup>. Son consciente que esta formulación pode ser pretencioso. Non obstante, o lexislador autonómico e a Administración autonómica galega levan anos facendo desleixo da súa responsabilidade de ofrecer un marco normativo claro en materia de intervención ambiental. Ante este panorama, con este breve traballo pretendo chamar a atención sobre a necesidade de dispoñer dunha regulación ambiental actualizada, integral, precisa e coherente. Esta pasividade do lexislador non pode estar xustificada pola situación actual de crise económica xa que se algo demanda este contexto é precisamente unha mellor lexislación, a eliminación de duplicidades innecesarias e de incoherencias na intervención administrativa e, en definitiva, a seguridade xurídica necesaria para administracións e operadores económicos.

## II A necesidade de aprobar unha nova Lei de prevención e control ambiental de Galicia que regule de forma integrada e coordinada todos os instrumentos preventivos de autorización e avaliación de proxectos (e eventualmente de plans e programas)

### 1 Consideracións previas sobre os diferentes modelos de normas autonómicas de protección ambiental

Durante os últimos anos boa parte das Comunidades Autónomas actualizaron as súas normas de intervención administrativa ambiental ou aprobáronas *ex novo* naqueles casos que non dispuxesen dela. Todas estas normas atenden á necesidade de establecer un marco coordinado e integrado de técnicas de prevención ambiental, axeitado ás exixencias

<sup>3</sup> Esta proposta non é novedosa. Véxase, neste mesmo sentido, NOGUEIRA LÓPEZ, A., e SANZ LARRUGA, F. J., "Política ambiental de Galicia", en LÓPEZ RAMÓN, F., *Observatorio de Políticas Ambientales, 1978-2006*, Aranzadi, 2006, p. 689. Véxase tamén, en parecidos termos, CALATAYUD ÁLVAREZ, Alejo, "Situación de la normativa ambiental de Galicia y prioridades normativas", en PERNAS GARCÍA (coord.), *Análisis e reflexións sobre o Dereito ambiental en Galicia*, Universidade da Coruña, 2009, p. 19.

do Dereito comunitario e da lexislación básica do Estado. Así mesmo, a tendencia cara a simplificación e clarificación de procedementos motivaron a revisión dalgunha delas e inspirado a redacción das máis recentes.

O panorama do Dereito ambiental autonómico ofrécenos diferentes tipos de leis de protección ambiental, que sintetizamos, de forma moi xenérica, do seguinte xeito:

1. Normas de intervención ambiental de proxectos. Trátase de Leis autonómicas centradas na regulación das autorizacións, licenzas e avaliacións de proxectos. É o caso da Lei 11/2003, de 8 de abril, de Prevención Ambiental de Castela e León, da Lei 2/2006 de 5 de maio, de Prevención da Contaminación e Calidade da Comunidade Valenciana ou da Lei 20/2009, de 4 de decembro, de Prevención e Control Ambiental das Actividades de Cataluña.
2. Normas de intervención ambiental de proxectos e de plans e programas. Ademais de regular os instrumentos preventivos que actúan sobre proxectos, algunhas normas regulan a avaliación de impacto ambiental de plans e programas. Neste grupo atopámonos a Lei 4/2005, de 22 de marzo, de Protección Ambiental de Navarra, a Lei 17/2006, 11 de decembro, de Control Ambiental Integrado de Cantabria, a lei 7/2006, de 22 de xuño, de Protección Ambiental de Aragón e a Lei 4/2009, de 14 de maio, de Protección Ambiental Integrada de Murcia.
3. Normas de intervención ambiental con previsións sobre instrumentos horizontais de apoio e/ou económicos e de xestión. Estas normas ademais de regular as autorizacións, licenzas e avaliacións, desenvolven unha regulación básica de instrumentos horizontais de apoio (difusión da información, participación pública, investigación, educación ambiental, etc.) e/ou económicos e de xestión (sistemas de xestión ambiental, fianzas, canons, incentivos, seguros de responsabilidade, fondos, ecoetiquetaxe, acordos ambientais, contratación pública verde, etc.). Este é o caso, por exemplo, da Lei 5/2002, de 8 de outubro, sobre Normas Reguladoras de Protección do Medio Ambiente da Ríoxa ou da Lei 4/2009, de 14 de maio, de Protección Ambiental Integrada de Murcia.
4. Normas que poderíamos denominar "codificadoras". Estas leis non se conforman coa regulación marco dos instrumentos preventivos de protección ambiental, horizontais de apoio e económicos e de xestión. Estenden o seu réxime ao ámbito sectorial (contaminación atmosférica, contaminación acústica, contaminación lumínica, calidade das augas, solos contaminados e residuos, etc.) e á responsabilidade ambiental (que regulan de forma xenérica). Son normas que aglutinan as regras básicas de todos os ámbitos de regulación ambiental. Nesta liña están a Lei 7/2007, de 9 de xullo, da calidade ambiental de Andalucía ou a Lei 5/2010, de 23 de xuño, de prevención e calidade ambiental da Comunidade Autónoma de Extremadura.

Tendo en conta o desolador panorama do Dereito ambiental de Galicia, consideramos fundamental a aprobación dunha Lei de prevención e control ambiental de Galicia que responda particularmente ao modelo 1, e mesmo 2, das normas autonómicas de intervención ambiental. Esta norma podería regular a autorización ambiental integral, unha autorización ambiental única –segundo o modelo dalgunhas leis autonómicas citadas-, a licenza municipal de actividades clasificadas ou de incidencia ambiental (e no seu caso un réxime de comunicación para as actividades de menor impacto) e a avaliación de impacto





ambiental de proxectos. Nesta lei tamén podería regular a avaliación ambiental de plans e programas, aínda que non sería imprescindible, podéndose optar por unha regulación separada por vía legal ou regulamentaria, que desenvolva a lexislación básica estatal. Non obstante, a súa introdución na lei proposta se ben non é imprescindible, si daría un carácter máis pleno á norma.

A lei proposta podería incluír un título referido aos instrumentos económicos e de xestión, que identifique os mecanismos deste tipo e que permita manter, se se considera pertinente en atención á experiencia adquirida na súa aplicación, instrumentos xa existentes no noso ordenamento ambiental, como o pacto ou a fianza ambiental, ou poñer o acento noutros complementarios das técnicas de intervención, como os sistemas de xestión ambiental. Malia a existencia, como vimos, de leis autonómicas de prevención ambiental que regulan tamén a parte sectorial (contaminación atmosférica, residuos, augas, ruído, contaminación lumínica, etc.), creo que esta perspectiva non achega gran cousa e dota ás normas de declaracións xenéricas e programáticas de escasa utilidade. Nada engade, senón complexidade innecesaria, á lexislación estatal e autonómica xa existente.

Desenvolvemos a continuación a formulación xeral da norma que propoñemos, tomando como referencia as leis autonómicas de prevención ambiental máis recentes.

## 2 Formulación xeral da proposta de Lei de prevención e control ambiental de Galicia

A Lei 1/1995 de protección ambiental de Galicia foi, no seu momento, unha referencia no panorama do Dereito ambiental autonómico. Non obstante, as novidades do extenuante dinamismo do dereito ambiental e a experiencia adquirida na aplicación da Lei galega, aconsellan a aprobación dunha nova regulación que redeseñe o panorama das técnicas preventivas de protección ambiental. Como se sinalou, propoñemos a elaboración e aprobación dunha Lei de prevención e control ambiental de Galicia sobre todos os instrumentos preventivos de avaliación e autorización de proxectos e, se se quere alcanzar maiores niveis de integración e plenitude normativa, de plans e programas.

Á hora de desenvolver unha norma deste tipo cómpre valorar se pretendemos desenvolver unha norma completa, exhaustiva e regulamentista, ou una norma de contido básico desenvolvida por vía regulamentaria que lle dea carácter operativo ás súas previsións<sup>4</sup>. Esta segunda opción parécenos máis pertinente. Garante a pervivencia no tempo dunha norma marco, con visos de permanencia, para o control do impacto ambiental de proxectos (e, no seu caso, de plans e programas) en Galicia. As cuestións de detalle quedarían remitidas ao posterior desenvolvemento regulamentario, cuestión que sería preciso planificar con realismo para evitar expectativas de desenvolvemento normativo que non se levan a cabo, como aconteceu no seu momento coa Lei 1/1995<sup>5</sup>. Isto permite ademais a flexibilidade necesaria para adaptar a regulación autonómica ao dinamismo propio do Dereito ambiental. En definitiva, sería recomendable desenvolver unha lei non excesivamente longa nin regulamentista, que defina obxectivos precisos e realistas de desenvolvemento regulamentario *a posteriori*.

4 É o caso por exemplo da Lei 17/2006, 11 de decembro, de control ambiental integrado de Cantabria, cuxas previsións básicas sobre as técnicas de intervención administrativa ambiental, foron desenvolvidas por Decreto 19/2010, de 18 de marzo.

5 Véxase tamén unha formulación crítica sobre o escaso desenvolvemento regulamentario da Lei 1/1995, NOGUEIRA LÓPEZ, A., "Evolución e deficiencias do Dereito ambiental en Galicia", en PERNAS GARCÍA (coord.), *Análise e reflexións sobre o Dereito ambiental en Galicia*, Universidade da Coruña, 2009, pp. 78 e 79.

Ademais consideramos que hai que reducir, senón eliminar, ao indispensable a reiteración de previsións da lexislación básica do Estado e, en todo caso, evitar as declaracións programáticas de obxectivos e principios baleiros de contido (prácticas moi habituais no Dereito ambiental autonómico). A norma (e, no seu caso, o desenvolvemento regulamentario posterior) debe completar as previsións básicas do Estado para facelas máis funcionais e operativas e para adaptalas ás particularidades ambientais e socioeconómicas de Galicia.

A Lei que propoñemos deseñaría un marco xurídico claro e preciso que outorgue seguridade xurídica aos operadores económicos, algo que non garante o réxime xurídico das técnicas de intervención administrativa actualmente vixente en Galicia. A norma debería servir para aclarar os procedementos e reducir as cargas administrativas innecesarias de acordo coas actuacións comunitarias e estatais dirixidas a simplificar os procedementos ambientais, sen mingua do nivel de protección ambiental. Neste sentido será preciso tomar en consideración a tendencia actual cara a redución das cargas administrativas para a posta en marcha de actividades empresariais ou profesionais, derivada non só da Directiva de servizos, senón tamén das modificacións máis recentes que están sendo levadas a cabo en diferentes normas autonómicas de protección ambiental.

Outro dos obxectivos da nosa proposta normativa sería adaptar e actualizar o Dereito ambiental de Galicia ás novidades lexislativas comunitarias e estatais producidas desde o ano 1995, particularmente en materia de control integrado da contaminación<sup>6</sup>, avaliación de impacto ambiental<sup>7</sup> e avaliación de plans e programas<sup>8</sup>. Estas disposicións prevén un enfoque máis exixente, integral e participativo que a Lei 1-2/1995 de protección ambiental de Galicia e o resto do desactualizado Dereito ambiental de Galicia.

A aprobación da ley proposta permitirá poñer o ordenamento ambiental de Galicia á altura das leis de protección ambiental autonómicas máis recentes e innovadoras. Neste sentido parécennos particularmente interesantes a Lei 4/2005, de 22 de marzo, de Intervención para a Protección Ambiental da Comunidade Foral de Navarra; a Lei 2/2006, de 5 de maio, de Prevención da Contaminación e Calidade Ambiental da Comunidade Autónoma de Valencia; a Lei 20/2009, de 4 de decembro, de Prevención e Control Ambiental das Actividades de Cataluña; e a Lei 4/2009, de 14 de maio, de Protección Ambiental Integrada de Murcia. Trátase de normas que ofrecen modelos axeitados de referencia e que se caracterizan por unha idónea técnica xurídica no seu desenvolvemento.

Esta nova norma regularía de forma coherente, coordinada e, no seu caso, integrada os procedementos autorizatorios e de avaliación ambiental. Cómpre ordenar, regular e sistematizar estas formas de intervención administrativa. En concreto a lei que propoñemos podería regular catro técnicas de intervención administrativa de carácter integral e que afectarían ás instalacións ou actividades dependendo do seu maior ou menor impacto ambiental. Os instrumentos preventivos poderían ser os seguintes:

- 6 Directiva 96/61/CEE, de 24 de setembro de 1996, relativa á Prevención e Control Integrado da Contaminación (substituída inicialmente pola Directiva 1/2008, de 15 de xaneiro, que á súa vez queda derrogada pola Directiva 2010/75, de 24 de novembro de 2010, de emisións industriais, con efectos a partir de 1 de xaneiro de 2016), e Lei 16/2002, de 1 de xullo, de Prevención e Control Integrado da Contaminación.
- 7 Directiva 85/337/CEE, de 27 de xuño, relativa á Avaliación das Repercusións de determinados Proxectos Públicos e Privados sobre o Medio Ambiente (modificada, entre outras, pola Directiva 97/11/CE, de 3 de marzo), e Real Decreto Lexislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de Proxectos, que foi modificado pola Lei 6/2010, de 24 de marzo, para articular o procedemento de EIA cos réximes de comunicación previa ou declaración responsable.
- 8 Directiva 2001/42/CE, de 27 de xuño de 2001, relativa á Avaliación de determinados Plans e Programas no Medio Ambiente, e Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre Avaliación dos Efectos de determinados Plans e Programas no Medio Ambiente.



1. A autorización ambiental integral de competencia autonómica.
2. A autorización sectorial única de competencia autonómica.
3. A licenza municipal de incidencia ambiental, con informe autonómico vinculante.
4. A licenza municipal de incidencia ambiental, sen informe vinculante autonómico, que afectaría ás instalacións de menor repercusión ambiental, non sometidas a ningún outro dos niveis de intervención anteriores, nin a avaliación de impacto ambiental. Nestes supostos poderíase prever alternativamente un réxime de comunicación ambiental, ou manter a existencia xeral de licenza municipal pero deixando aberta a posibilidade aos municipios de someter estas actividades ao réxime de comunicación previa.

A norma proposta regularía tamén o réxime básico sobre avaliación de impacto ambiental de proxectos. Naqueles casos en que os proxectos sexan instalacións ou actividades sometidas tamén a autorización ambiental integrada ou licenza municipal ou á obriga de comunicación previa, a lei debería incidir especialmente na coordinación e integración de procedementos, coa finalidade de evitar trámites e duplicidades innecesarias. Tamén consideramos favorable que a Lei regule a avaliación de impacto ambiental de plans e programas, para establecer un marco de mecanismos preventivos o máis completo e coordinado posible, aínda que como xa sinalamos non é imprescindible.

No desenvolvemento desta norma cómpre tomar en consideración a incidencia da normativa de servizos, fundamentalmente a Lei 17/2009, de 23 de novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio e as súas normas de desenvolvemento<sup>9</sup>. Esta regulación tivo un efecto limitado no réxime de intervención ambiental. Algunhas Comunidades Autónomas xa realizaron, de modo total ou parcial, a operación de avaliación e de modificación da lexislación sectorial en materia ambiental (Andalucía, Aragón, Castela-A Mancha, Castela e León, Cataluña, Galicia, Illas Canarias, Illas Baleares, A Rioxa e Madrid). Non obstante, como punto de partida, cómpre sinalar a supresión das autorizacións ou a súa conversión en comunicacións previas foi absolutamente excepcional e reducida ás actividades “inocuas” ou de impacto reducido<sup>10</sup>. O carácter do medio ambiente como “razón imperiosa de interese xeral”, excepción ao principio xeral de libre prestación de servizos, impediu que o proceso desregulador aberto pola Directiva de servizos teña un impacto considerable no Dereito ambiental.

### 3 Réxime xurídico de intervención administrativa da proposta de Lei de prevención e control ambiental de Galicia

#### A Ámbito de aplicación

Un dos obxectivos da norma proposta será definir de forma máis precisa o ámbito de aplicación de cada unha das técnicas autorizatorias e de avaliación. Cada proxecto estaría sometido a un único procedemento de autorización, licenza (ou, no seu caso, comunica-

<sup>9</sup> Estas normas estatais traen causa da Directiva 2006/123/CE do Parlamento e do Consello, de 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior. A nivel regulamentario e no específico ámbito ambiental, foi aprobado o Regulamento 367/2010, de 26 de marzo, relativo á modificación de diversos regulamentos da área de medio ambiente para a súa adaptación á Lei 17/2009 e á Lei 25/2009.

<sup>10</sup> SANZ RUBIALES, I., “Medio Ambiente y Directiva de Servicios en Castilla y León”, en VICENTE BLANCO, Dámaso-Javier, RIVERO ORTEGA, Ricardo (dirs.), *Impacto de la transposición de la Directiva de Servicios en Castilla y León*, Colección de estudios (Consejo Económico y Social de Castilla y León), núm. 13, 2010, p. 604. Sobre esta cuestión desenvollei un traballo específico “La incidencia de la normativa de servicios en el derecho ambiental”, que será publicado nun libro colectivo sobre a normativa de servizos dirixido por NOGUEIRA LÓPEZ, A.

ción previa) ou avaliación ambiental. Isto simplifica a aplicación da lei e evita duplicidades administrativas de intervención sobre a posta en marcha de actividades ou proxectos. Para iso cómpre realizar unha avaliación previa da repercusión ambiental das actividades e proxectos, coa finalidade de identificar as técnicas de intervención ás que deberían estar sometidos cada un dos proxectos. Neste labor poden ser de utilidade as recentes leis autonómicas de prevención ambiental, aínda que a definición do ámbito de aplicación das técnicas de intervención exige, loxicamente, tomar en consideración as particularidades socioeconómicas e ambientais de Galicia.

Nesta proposta normativa os anexos cobran por tanto especial importancia, xa que indicarían de modo taxativo e indubitado os proxectos sometidos a cada unha das técnicas de intervención, en atención á intensidade do seu impacto ambiental. Sería bo que a Lei realizase este labor e non deixase tal cuestión ao posterior desenvolvemento regulamentario. Isto outorgaría un amplo nivel de seguridade aos operadores económicos e aos órganos ambientais das administracións autonómicas e, especialmente, locais. Estas últimas que obterían resposta á inseguridade xurídica creada polo Decreto 133/2008, de 12 de xuño, que regula a avaliación de incidencia ambiental, e polas incertezas derivadas da incidencia da normativa de servizos nas técnicas de intervención municipal. Non obstante, se se quere dar unha maior flexibilidade e evitar que queden fóra algunhas actividades non expresamente previstas, no nivel menor de intervención (licenza municipal sen informe autonómico ou comunicación previa), pódese deixar aberta a posibilidade de que os municipios poidan someter este réxime ás actividades non incluídas nos anexos que se consideren, no caso concreto, molestas, insalubres, nocivas e perigosas, como foi tradicional na regulación das actividades clasificadas.

## B Primeiro nivel de intervención: a autorización ambiental integral, desenvolvemento e clarificación da Lei 16/2002 de prevención e control integrado da contaminación

Esta proposta de lei aprobaría un réxime autonómico galego en materia de prevención e control integrado da contaminación que desenvolva e clarifique a aplicación da regulación básica do Estado en Galicia. Pasaron case dez anos desde a aprobación da Lei estatal e non dispoñemos polo momento de normas de desenvolvemento ou adicionais de protección neste ámbito.

Este sería o primeiro nivel de intervención ambiental. A norma autonómica debería precisar aspectos que deixa pendente a norma básica do Estado, o que contribúe a clarificar a súa aplicación e, en consecuencia, a outorgar máis seguridade xurídica ás empresas afectadas.

A norma proposta pode concretar algúns aspectos da Lei 16/2002<sup>11</sup>, como a solicitude e o contido do informe ou cédula de compatibilidade urbanística, a participación municipal no procedemento e os seus efectos ou o desenvolvemento do procedemento de outorgamento da autorización ambiental integrada, de acordo coas recentes modificacións sufridas pola normativa regulamentaria estatal nesta materia.

<sup>11</sup> Esta Lei traspón a Directiva 96/61 de prevención e control integrados da contaminación. Esta directiva sufriu varias modificacións, que foron refundidas na actual Directiva 2008/1/CE, de 15 de xaneiro de 2008. A Comisión Europea quixo ir máis alá en atención á experiencia adquirida na aplicación da Directiva. Así a finais de 2007, a Comisión Europea presentou unha proposta de Directiva de emisións industriais, coa finalidade de simplificar e clarificar o seu contido e intensificar a súa aplicación. Esta norma foi formalmente aprobada mediante a Directiva 2010/75/UE, de 24 de novembro, sobre as emisións industriais, que derroga a Directiva 2008/1 con efectos a 1 de xaneiro de 2016.



O obxectivo da Lei 16/2002 é integrar nun só acto de intervención administrativa, a autorización ambiental integrada, todas as autorizacións ambientais sobre produción e xestión de residuos, verteduras (a augas continentais intracomunitarias ou intercomunitarias, a augas marítimas e ao sistema integral de saneamento) e emisións á atmosfera previstos na lexislación sectorial ambiental. A Lei estatal supuxo, neste sentido, un paso cara adiante na integración de procedementos autorizatorios, aínda que de todas formas ese obxectivo non se conseguiu de forma plena. A lei galega que propoñemos podería formularse a necesidade de integrar ou polo menos coordinar o procedemento de concesión da autorización ambiental, con outros procedementos autorizatorios ambientais, como o de outorgamento do permiso de emisións de gases de efecto invernadoiro (posibilidade prevista na lei 1/2005), ou da autorización para a utilización da zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre. Así mesmo, a norma proposta debería integrar o procedemento de avaliación do impacto ambiental (de competencia autonómica) e as exigencias da normativa de riscos de accidentes graves –Real Decreto 1254/1999, de 16 de xullo, sobre medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas-, no procedemento de outorgamento da autorización ambiental integrada<sup>12</sup>. A técnica dos informes preceptivos e, no seu caso, vinculantes pode ser unha vía axeitada para levar a cabo esta integración e simplificación procedemental, tal e como ocorre coa Lei 2/2006 da Comunidade autónoma Valenciana.

Para mellorar o nivel de simplificación e claridade do procedemento, a norma proposta podería integrar as obrigas documentais da lexislación sectorial estatal e autonómica na solicitude de autorización ambiental integrada, máis alá das propias previsións da Lei 16/2002. A solicitude de autorización ambiental integrada pode recoller entre outras cuestións, ademais do estudo de impacto ambiental e as exigencias documentais da normativa de riscos graves, outras obrigas documentais como o estudo acreditativo do impacto acústico previsto na Lei 7/1997, de 11 de agosto, os informes preliminares de situación do solo do Decreto autonómico 60/2009, de 26 de febreiro –ou o que a Directiva 2010/75 de emisións industriais denomina “informe da situación de partida”-, ou a documentación exigida para a solicitude do permiso de emisións de gases de efecto invernadoiro previsto na Lei 1/2005, de 9 de marzo, se se opta pola integración deste procedemento. Esta integración, se se leva a cabo, debe supoñer a ampliación do contido da autorización ambiental integrada, de modo que recolla as exigencias derivadas da aplicación destas normas sectoriais.

A nova normativa debe ter en conta a interrelación existente entre os instrumentos de intervención administrativa da normativa urbanística e a ambiental. Así consideramos conveniente, por razóns de eficacia e de simplificación administrativa, a integración da autorización previa autonómica en solo rústico no procedemento de concesión da autorización ambiental integrada, mediante a técnica do informe vinculante. Con relación á licenza de obras nada impide que se poida levar a cabo unha integración similar á proposta para a autorización autonómica en solo rústico, mediante a técnica do informe vinculante sobre a competencia municipal; aínda que iso quizais poida atopar reticencias importantes desde o ámbito municipal. Así mesmo, se aspiramos a alcanzar maiores niveis de simplificación procedemental, debe ser considerada a relación entre o procedemento de autorización

<sup>12</sup> Esta integración veuse realizando *de facto* pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, como se pode apreciar nas resolucións de outorgamento das autorizacións ambientais integradas. Non obstante, as prácticas administrativas non cumpren coas exigencias de seguridade xurídica que debe ofrecer o ordenamento xurídico aos operadores económicos.

ambiental integrada e as exigencias de ordenación administrativa doutros ámbitos como o sanitario<sup>13</sup>.

## C Segundo nivel de intervención: a autorización ambiental única

O Dereito comparado autonómico ofrécenos outras alternativas de interese para a integración e simplificación procedemental para a posta en marcha de actividades non sometidas a autorización ambiental integrada, pero si obrigadas a dispoñer de autorizacións sectoriais ambientais. Este sería o segundo nivel de intervención, que permitiría trasladar o beneficioso efecto integrado da normativa de control integrado (que afecta a un reducido grupo de actividades industriais), especialmente á pequena e mediana empresa sometida aos controis autorizatorios autonómicos da lexislación sectorial. A Lei estatal 30/2007 de protección do ambiente atmosférico recolle a posibilidade de integrar a autorización de emisións nunha autorización integrada autonómica.

Así a Lei 4/2009 de Murcia suxeita a “autorización ambiental única” as actividades e instalacións non sometidas a autorización ambiental integrada, pero si a avaliación de impacto ambiental, ou a algunha das autorizacións ambientais específicas de competencia autonómica (autorizacións en materia de produción e xestión de residuos, de verteduras desde terra ao mar, e de actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera, incluídas as referentes aos compostos orgánicos volátiles). Doutra parte, a Lei 5/2010 de Estremadura ofrece unha solución similar, a “autorización ambiental unificada”. Esta integra as exigencias ambientais sobre contaminación atmosférica, incluídas as determinacións referentes a compostos orgánicos volátiles, verteduras ao sistema integral de saneamento, produción e xestión de residuos, solos contaminados, contaminación acústica e contaminación lumínica.

O ámbito de aplicación desta autorización estaría claramente definido nun anexo pechado e exhaustivo. Seguindo a lóxica da nosa formulación, as actividades deste anexo non estarían sometidas a ningunha outra técnica de intervención da Lei. O grupo de actividades sometidas a licenza municipal de incidencia ambiental veríase reducido. De modo similar, a como se establecería no réxime da autorización ambiental integrada, a participación municipal quedaría garantida a través da vía dos informes vinculantes de compatibilidade urbanística e de competencia municipal.

A autorización ambiental única integraría, nos casos nos que sexa pertinente, o procedemento de avaliación de impacto ambiental no mesmo sentido que comentamos para a autorización ambiental integral.

## D Terceiro e cuarto nivel de intervención: a licenza municipal de incidencia ambiental, con ou sen intervención autonómica vía informe vinculante. O papel da comunicación previa

A nova norma pode establecer un réxime básico de outorgamento de licenzas municipais de incidencia ambiental (coñecida de forma clásica como “actividades clasificadas”) que se coordine co resto de técnicas autorizatorias e de avaliación. Trataríase do terceiro nivel

<sup>13</sup> Neste sentido destacan as obrigas de mantemento de instalacións exixidas ás instalacións industriais para a prevención da lexiónelose, previstas no Real Decreto 865/2003, de 4 de xullo, e no Decreto autonómico 9/2001, de 11 de xaneiro, para as instalacións térmicas. Esta opción de coordinación ou integración debe ser valorada igualmente no marco do procedemento de outorgamento da licenza municipal de incidencia ambiental.



de intervención ambiental que tería fins non estritamente ambientais, senón tamén urbanísticos, sanitarios e de seguridade.

Tras a derogación (un tanto confusa) do Decreto 2414/1961, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas (coñecido como RAMINP), e a regulación do Decreto 133/2008, de 12 de xuño, que regula unicamente a avaliación de incidencia ambiental, como un trámite de competencia autonómica no marco do procedemento para o outorgamento da licenza municipal, parece conveniente establecer un réxime básico autonómico de actividades clasificadas que precise a intervención autonómica no devandito procedemento. Esta necesidade vese acrecentada pola ausencia de ordenanzas propias na materia nalgúns municipios e pola inseguridade que rodea á aplicación da normativa sobre libre acceso ás actividades servizos e ao seu exercicio.

A este réxime estarían sometidas as actividades non sometidas a autorización ambiental integral nin a autorización ambiental única e que, tras unha avaliación previa, se inclúan, de modo taxativo, no anexo (anexos) correspondente da norma, por entender que causen molestias, danos ou riscos á saúde humana ou ao medio ambiente. Existen abundantes leis autonómicas recentes que facilitarían o labor de determinación das actividades con incidencia ambiental.

Non someter a licenza municipal as actividades sometidas a autorización ambiental autonómica (integral ou única), xustifícase nas propias previsións da Lei 16/2002 (con relación ás actividades sometidas a control integrado) e polas exixencias da normativa de libre prestación de servizos, que está destinada a evitar cargas administrativas innecesarias e desproporcionadas. En consecuencia, con esta medida simplificaríanse e reducirían as cargas administrativas e os prazos para a posta en marcha de actividades, ademais de que se evitarían os eventuais conflitos e incoherencias que puidesen xurdir (pensemos no caso dunha actividade con autorización ambiental integrada, que se atopa con retencias locais para a concesión da licenza municipal). Como xa sinalamos anteriormente, a intervención municipal nos procedementos autonómicos debería quedar garantida a través dos preceptivos informes municipais vinculantes no marco do procedemento autonómico.

A norma proposta terá que articular a licenza municipal de incidencia ambiental coa licenza de obras. Non obstante, a xurisprudencia e o noso ordenamento xurídico xa prevé a tramitación e resolución conxunta dos procedementos de licenza de obras e de incidencia ambiental.

Seguindo a formulación do Decreto 133/2008, pódense prever dous niveis de intervención diferenciados:

1. Actividades sometidas a licenza municipal de incidencia ambiental, con informe vinculante autonómico.
  2. Actividades sometidas a licenza municipal de incidencia ambiental, exentas de informe vinculante autonómico.
- a) Terceiro nivel de intervención: actividades sometidas a licenza municipal de incidencia ambiental, con informe autonómico vinculante (ou declaración de impacto ambiental)

A intervención autonómica vía informe vinculante de incidencia ambiental (o que hoxe coñecemos como a avaliación de incidencia ambiental regulada no Decreto 133/2008) só



tería lugar nas actividades con maior impacto ambiental. Parécenos máis axeitada a denominación de “informe autonómico de incidencia ambiental” (que empregar a denominación de “avaliación de incidencia ambiental”) para non perdermos a perspectiva de que se trata dun trámite no marco do procedemento de outorgamento da licenza municipal. A súa denominación como avaliación de incidencia ambiental xera, ao meu xuízo, confusión e fai menos clara a comprensión do panorama das técnicas de intervención administrativa ambiental.

Na liña do fixado polo Decreto 133/2008, cando as actividades obrigadas a dispoñer de licenza municipal estean sometidas igualmente a avaliación de impacto ambiental, non sería necesario o trámite de informe de incidencia ambiental, xa que se entende que o procedemento de avaliación e a declaración de impacto ambiental exercen con maiores garantías ese labor. Neste caso deberían preverse as medidas procedementales axeitadas de coordinación, que garantan que ningunha actividade sexa autorizada sen a preceptiva avaliación. A licenza municipal só podería ser concedida en caso de outorgamento de previa declaración de impacto ambiental positiva e, nese caso, debería integrar obrigatoriamente as condicións da declaración que eventualmente se fixaran.

b) Cuarto nivel de intervención: Actividades sometidas a licenza municipal de incidencia ambiental, sen informe autonómico vinculante. O papel da comunicación previa.

As actividades de incidencia ambiental residual ou menor estarán sometidas a licenza municipal, pero quedan eximidas de intervención autonómica vía informe. Este enfoque entronca perfectamente coa liña marcada polo Decreto 133/2008, que recolle un anexo de actividades excluídas de avaliación de incidencia ambiental. Sería o cuarto nivel de intervención, que non afectaría ás actividades sometidas a autorización ambiental autonómica (integral ou única) ou a avaliación de impacto ambiental.

Neste sentido interesa destacar que o actual Decreto 133/2008 exclúe de intervención autonómica as “actividades de ocio, entretemento e de restauración previstas no Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 292/2004, de 18 de novembro”; razón pola que recibiu as críticas do *Valedor do Pobo*<sup>14</sup>. É dicir estas actividades estarán sometidas á exigencia de licenza municipal se así o establece unha ordenanza municipal –ou polo menos esa parece a interpretación máis probable dun Decreto realmente confuso e innecesariamente complexo. Este Decreto crea un panorama municipal de excesiva diversidade de réximes de intervención para este tipo de actividades. Unha Lei, como a proposta, podería outorgar esa seguridade xurídica necesaria tanto para os promotores destas actividades como para os municipios.

Así mesmo entendemos que na definición do ámbito de aplicación e o réxime da licenza municipal de incidencia ambiental sería conveniente tomar en consideración o réxime de ordenación administrativa en materia de espectáculos, establecementos públicos e actividades recreativas, aos efectos dunha maior coordinación e mesmo integración dos réximes respectivos.

Con relación a todas ou a algunhas das actividades que propoñemos someter a licenza municipal de incidencia ambiental, sen informe vinculante autonómico, podería formularse a

14 DE ANDRÉS ALONSO considera que “[e]sta exclusión é inexplicable; con ela decae a garantía preventiva máis importante dos cidadáns cando no seu medio se pretende instalar unha sala de festas, unha discoteca, un pub ou calquera outra actividade deste tipo, o que se daba mediante a exigencia de licenza específica que analizara, entre outras cousas, as repercusións na calidade de vida, a intimidade persoal e familiar, a saúde ou o descanso dos veciños” (“O medio ambiente en Galicia á luz dos informes do Valedor do Pobo”, PERNAS GARCÍA (coord.), *Análise e reflexións sobre o Dereito ambiental en Galicia*, Universidade da Coruña, 2009, p. 44).





posibilidade alternativa de sometelas a réxime de comunicación ambiental, coa finalidade de reducir, no seu caso, as cargas administrativas innecesarias ou desproporcionadas. Algunhas normas autonómicas interiorizaron esta técnica de intervención, como é o caso da Lei 2/2006, Comunidade Valenciana, Lei 20/2009 de Cataluña<sup>15</sup> ou a Lei 5/2010 de Estremadura.

A exigencia de comunicación previa ás actividades de menor impacto require establecer as oportunas cautelas documentais. Neste sentido a normativa autonómica máis recente, como a Lei 20/2009, dispuxo que a comunicación previa debe ir acompañada de proxecto con memoria ambiental, dunha certificación acreditativa do personal técnico competente da execución do proxecto de cumprimento do proxecto presentado e da normativa ambiental e, no seu caso, da declaración de impacto ambiental. Sobre esta última cuestión habería que valorar que entidade se encargaría da emisión de tal certificación, unha entidade pública (órganos ou servizos autonómicos ou municipais) e/ou unha entidade colaboradora da administración. Apréciase claramente na lexislación autonómica unha tendencia a externalizar estas funcións ás entidades colaboradoras da Administración, nas que os promotores de actividades privadas atopan unha nova fonte de seguridade xurídica<sup>16</sup>, ante a desaparición do control público previo.

A comunicación será posterior ao outorgamento das licenzas urbanísticas ou sectoriais que sexan precisas. No caso de que a instalación non estea sometida a exigencia de licenza urbanística, algunhas normas autonómicas optaron por exigir, dentro da documentación que acompañe á comunicación, un certificado de compatibilidade urbanística.

A exigencia legal de comunicación debe ir acompañada dun conxunto de cautelas destinadas a potenciar a información documental complementaria á comunicación, a reforzar os medios materiais e humanos no desenvolvemento da actividade de inspección e a prever un réxime sancionador para disuadir o falseamento das informacións e o incumprimento das condicións ambientais legalmente establecidas.

## E Técnicas de avaliación de proxectos: a avaliación de impacto ambiental de proxectos

A Lei proposta debería aprobar o réxime de avaliación de impacto ambiental de proxectos. Esta norma tería que desenvolver o procedemento da lexislación básica do Estado -Real Decreto Lexislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de Proxectos-, con relación aos proxectos de competencia autonómica.

O Real Decreto Lexislativo foi modificado pola Lei 6/2010, de 24 de marzo. Esta norma clarificou as fases do procedemento e reduciu os prazos dos seus diferentes trámites. Así tamén adaptou esta regulación ás novas previsións da regulación sobre libre acceso ás actividades de servizos, dando lugar a algunhas distorsións que non procede analizar neste artigo<sup>17</sup>.

A proposta normativa podería contribuir a precisar o concepto de órgano substantivo no procedemento de avaliación de impacto ambiental de proxectos, o cal é fundamental para

15 A Lei catalá prohibe aos municipios o sometemento a licenza municipal ás actividades incluídas dentro do réxime de comunicación definido pola norma.

16 Véxase neste sentido ESTEVE PARDO, J., *El desconcierto del Leviatán. Política y derecho ante las incertidumbres de la ciencia*, Marcial Pons, 2009.

17 Esta cuestión tratámola en profundidade no artigo "Técnicas preventivas de protección ambiental y normativa de servicios. Análisis particularizado de la evaluación de impacto ambiental y de la ordenación administrativa de la gestión de residuos", *Revista Catalana de Dret Ambiental*, núm. 2, 2010.

evitar descoordinacións entre administracións, e para determinar a incardinación e efectos do procedemento accesorio de avaliación de impacto ambiental. Non todas as actividades están obrigadas a dispoñer de autorización substantiva sectorial. Algunhas delas están afectadas por un mero réxime de comunicación previa. Dependendo dos supostos o papel de órgano substantivo pode ser desempeñado, polo tanto, polo órgano ambiental para a concesión da autorización ambiental autonómica, o órgano sectorial competente para autorizar o proxecto (ou recibir a comunicación ou declaración responsable) ou o alcalde no marco do procedemento para a concesión da licenza municipal de incidencia ambiental. Cada unha destas situacións require de solucións de coordinación de procedementos diferentes, que é necesario prever normativamente.

Tras a incidencia da normativa de servizos, algúns proxectos pasaron a estar sometidos nos seus sectores respectivos á existencia de declaración responsable ou comunicación previa. Nesta orde de cousas, habería que desenvolver a nova regulación proposta de acordo coas previsións da Lei 25/2009 e o Regulamento 367/2010, de 26 de marzo, relativo á modificación de diversos regulamentos da área de medio ambiente para a súa adaptación á Lei 17/2009 e á Lei 25/2009. Estas normas dispoñen que a avaliación de impacto ambiental terá que realizarse con carácter previo á declaración responsable ou comunicación previa, cando esta sexa a forma de control da actividade. É dicir, a declaración responsable ou comunicación previa non poderá presentarse (e en consecuencia, non poderá iniciarse o desenvolvemento da actividade) ata que non fose emitida a declaración de impacto ambiental.

As autorizacións autonómicas e a licenza municipal, con informe autonómico vinculante, son exhibibles a determinadas actividades, instalacións ou establecementos. Este tipo de proxectos están sometidos nalgunhas ocasións a procedementos de avaliación de impacto ambiental, polo que habería que integrar estas previsións nos procedementos de outorgamento das autorizacións ambientais autonómicas e da licenza municipal, tal e como comentamos en apartados anteriores. Non obstante, nalgúns casos as instalacións sometidas a control integrado estarán sometidas a avaliación de impacto en todo caso e, noutras, haberá que realizar unha análise caso por caso. O mesmo ocorre coas actividades sometidas a autorización ambiental única ou licenza municipal de incidencia ambiental. Isto require que haxa que prever regras diferentes para articular estes diferentes escenarios posibles nos réximes da autorización ambiental integrada, da autorización ambiental única e da licenza municipal de incidencia ambiental, tal e como fai de forma moi clara a Lei 4/2005 de Navarra<sup>18</sup>.

A Lei proposta debería valorar, en atención á experiencia adquirida na súa aplicación, se é preciso manter o réxime de avaliación de efectos ambientais previsto na lei 1/1995 e desenvolvido por Decreto 227/1991, de 4 de outubro. En atención ao deseño proposto de técnicas de intervención administrativa, recomendamos a derogación da norma autonómica, ofrecendo, iso si, unha solución que clarifique os procedementos a aplicar nos supostos das obrigas de sometemento a avaliación de impacto ambiental previstas na lexislación sectorial.

Sería preciso tamén crear mecanismos xurídicos de coordinación dos procedementos de avaliación ambiental, coas técnicas de intervención da lexislación de ordenación do territorio, particularmente cos proxectos de incidencia supramunicipal, regulados a través de

<sup>18</sup> Véxase sobre esta Lei, ALENZA GARCÍA, J. F. (Dir.), *Comentarios a la ley Foral de Intervención para la Protección Ambiental (Ley Foral 4/2005, de 22 de marzo)*, Instituto Navarro de Administración Pública, Pamplona, 2006.



Decreto autonómico 80/2000, do 23 de marzo, que anula a capacidade de intervención administrativa dos municipios en relación con este tipo de proxectos. Algunhas recentes sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia fálannos da necesidade de clarificar esta cuestión; é o caso das sentenzas de setembro de 2008 (572/08), de 25 de febreiro de 2009 e de 20 de xaneiro de 2010. Nestes supostos prodúcese unha alteración da competencia local en materia de incidencia ambiental e urbanística, que exige de previsións específicas na regulación de control integrado da contaminación, avaliación de impacto ambiental de proxectos e licenza de incidencia ambiental.

Finalmente, a norma proposta podería prestar atención ás exigencias específicas de avaliación ambiental de proxectos (e tamén de plans) realizados en Rede Natura, coa finalidade de clarificar o procedemento aplicable e a posibilidade de desenvolver actividades con incidencia ambiental nestes espazos. Sería positivo integrar as limitacións e obrigas de avaliación do artigo 45 da Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e a Biodiversidade nos procedementos de avaliación de impacto ambiental de proxectos e de plans e programas.

## IV Bibliografía

- ALENZA GARCÍA, J. F. (Dir.), *Comentarios a la ley Foral de Intervención para la Protección Ambiental (Ley Foral 4/2005, de 22 de marzo)*, Instituto Navarro de Administración Pública, Pamplona, 2006.
- CALATAYUD ÁLVAREZ, A., "Situación da normativa ambiental de Galicia e prioridades normativas", en PERNAS GARCÍA (coord.), *Análise e reflexións sobre o Dereito ambiental en Galicia*, Universidade da Coruña, 2009.
- DE ANDRÉS ALONSO, Fernando, "O medio ambiente en Galicia á luz dos informes do Valedor do Pobo", en PERNAS GARCÍA (coord.), *Análise e reflexións sobre o Dereito ambiental en Galicia*, Universidade da Coruña, 2009.
- ESTEVE PARDO, J., *El desconcierto del Leviatán. Política y derecho ante las incertidumbres de la ciencia*, Marcial Pons, 2009.
- NOGUEIRA LÓPEZ, A., "La protección ambiental en Galicia (Lei 1/1995 de Protección Ambiental)", *Revista Andaluza de Administración Pública*, núm. 24, 1996.
- NOGUEIRA LÓPEZ, A., e SANZ LARRUGA, F. J., "Política ambiental de Galicia", en LÓPEZ RAMÓN, F., *Observatorio de Políticas Ambientales, 1978-2006*, Aranzadi, 2006.
- PERNAS GARCÍA, J. J.:
- "Técnicas preventivas de protección ambiental y normativa de servicios. Análisis particularizado de la evaluación de impacto ambiental y de la ordenación administrativa de la gestión de residuos", *Revista Catalana de Dret Ambiental*, núm. 2, 2010.
- "La incidencia de la normativa de servicios en el derecho ambiental", que será publicado nun libro colectivo sobre a normativa de servizos dirixido por NOGUEIRA LÓPEZ, A. (2011, en prensa).
- PERNAS GARCÍA (coord.), *Análise e reflexións sobre o Dereito ambiental en Galicia*, Universidade da Coruña, 2009.
- SANZ LARRUGA, F.J.:
- "A Lei de protección ambiental de Galicia: as súas bases xurídicas e principios ordenadores" (I), *Revista Xurídica Galega*, núm. 28, 2000.
- "A Lei de protección ambiental de Galicia: as súas bases xurídicas e principios ordenadores" (II), *Revista Xurídica Galega*, núm. 29, 2000.
- SANZ RUBIALES, I., "Medio Ambiente y Directiva de Servicios en Castilla y León", en VICENTE BLANCO, Dámaso-Javier, RIVERO ORTEGA, Ricardo (dirs.), *Impacto de la transposición de la Directiva de Servicios en Castilla y León*, Colección de estudios (Consejo Económico y Social de Castilla y León), núm. 13, 2010.

## Acerca do réxime económico matrimonial no dereito civil galego

**Resumo:** *A lei de Dereito Civil de Galicia contén a regulación legal do réxime económico matrimonial. Consta de tres capítulos, o primeiro deles dedicado ás disposicións xerais, o segundo ás capitulacións matrimoniais, e un terceiro e derradeiro capítulo que regula as doazóns por razón de matrimonio. No presente traballo analízase cada un deles por separado para unha mellor análise da regulación contida na lei 2/2006, comezando polo artigo 171: "O réxime económico matrimonial será o convido polos cónxuxes en capitulacións matrimoniais. En defecto de convenio ou ineficacia do mesmo, o réxime será a sociedade de gananciais". Noutros dereitos forais o sistema elixido foi o de separación de bens, como sucede en Cataluña e Baleares, algo que parece máis lóxico á vista dos problemas derivados da partición e disolución da sociedade familiar en caso de optar por unha sociedade de gananciais. A comisión superior de dereito civil de Galicia defiende a modificación da lei galega para optar polo réxime de separación de bens, o que refrenda a necesidade deste cambio legal.*

**Palabras clave:** *dereito civil galego, matrimonio, réxime patrimonial, capitulacións, doazóns*

**Abstract:** *The Galician civil law contains the legal regulation of matrimonial property. It consists of three chapters, the first of which is dedicated to the general provisions, the second to the marriage, and a third and final chapter governing gifts by reason of marriage. This paper examines each of them separately for a better analysis of the regulation contained in the law 2 / 2006, starting with Article 171: "The matrimonial property regime will be agreed by the spouses in a marriage contract. Failing agreement or ineffectiveness, the system shall be the conjugal partnership". In other foral legislation the system chosen was the separate property, as in Catalonia and the Balearic Islands, which seems more logical in view of the problems arising from the partition and dissolution of the family firm should opt for a society of property. The High Commission of Galician civil law defends Galician law change to choose the regime of separate property, which endorses the need for this legal change.*

**Key words:** *Galician civil law, marriage, property regime, capitulations, donations.*

**Índice:** *1. Antecedentes. 2. Lei 2/2006, de 14 de xuño, de Dereito Civil de Galicia. 3. Réxime económico matrimonial. 3.1 As capitulacións matrimoniais. 3.2. As doazóns por razón de matrimonio.*



# 1 Antecedentes

A realidade xurídica particular de Galicia aceptouse historicamente sen maiores inconvenientes no que respecta aos costumes presentes no seu territorio, aínda que non existise unanimidade doutrinal á hora de recoñecer un dereito civil propio máis alá do dereito consuetudinario de marcado carácter agrario. Con todo, a Lei de Bases do Código civil de 11 de maio de 1888, na súa Base 13, recoñecía expresamente a Galicia<sup>1</sup> como territorio foral conxuntamente con Aragón, Baleares, Cataluña, Navarra e Provincias Vascas, mención que quedaría plenamente consolidada coa lei 147/1963, de 2 de decembro, que supuxo a aprobación da Compilación do Dereito civil especial de Galicia<sup>2</sup>.

A condición de territorio foral cun *corpus* normativo propio debería ter suposto un impulso claro á aplicación práctica deste dereito, non obstante, ao ser normas pertencentes case en exclusiva ao mundo agrario -como por exemplo a compañía familiar galega ou os “muíños de herdeiros”, cuxos conflitos chegaban en raras ocasións aos tribunais- e non de carácter xeral, reduciuse o ámbito de coñecemento e de aplicación deste dereito foral máis aparente que real<sup>3</sup>. A nova compilación galega non se convertiu nun estímulo para os que podían utilizala, posto que no núcleo da devandita lei non se atopaban as relacións de dereito privado utilizadas normalmente pola cidadanía. O reflexo normativo de institucións alonxadas da realidade daquela época, pertencentes a un ámbito case estritamente rural, fixeron da Compilación de Dereito civil de Galicia un corpo regulador incompleto, xa porque faltasen –segundo parte da doutrina<sup>4</sup>- algunhas figuras que deberan reflectirse no mesmo, xa porque se consideraba que algunhas institucións presentes na Compilación carecían de entidade suficiente para ter sido recollidas pola mesma<sup>5</sup>.

O marco constitucional previsto para o desenvolvemento da actividade lexislativa das CCAA é o constituído polo artigo 149.1.8 da Constitución Española, onde recolle a competencia exclusiva do Estado en distintas materias, como a “lexislación civil, sen prexuízo da conservación, modificación e desenvolvemento polas Comunidades Autónomas dos dereitos civís, forais ou especiais, alí onde existan. En todo caso, as regras relativas á aplicación e eficacia das normas xurídicas, relacións xurídico-cívís relativas ás formas de matrimonio, ordenación

- 1 Vid. ao respecto, RODRÍGUEZ ENNES, L., *Aproximación á historia xurídica de Galicia*, EGAP, Santiago de Compostela, 1999, p. 209 ss., onde realiza unha esexese histórica da lexislación galega ata converterse en compilación foral. Comeza coa Comisión Xeral de Codificación creada por decreto de 2 de febreiro de 1880, onde se prevé a presenza dun membro representante de cada territorio que teña institucións de dereito foral como era o caso de Galicia, ata o Código Civil de 1889, onde amosa a incompatibilidade do dereito galego co novo *corpus* normativo en p. 219: “Porén o principio xeral de respecto dos Dereitos forais, no caso particular de Galicia, a entrada en vigor do Código supuxo a práctica desaparición das especialidades forais precisamente fundamentadas nun dereito consuetudinario en grande parte contrario ás novas prescricións do Código sometidas á aplicación do artigo 5 do novo texto legal, que rexeitaba expresamente o costume contra lei, o que tiña especial relevancia no ámbito do dereito sucesorio intimamente unido á forma de posesión e explotación da terra”.
- 2 Moi cuestionada no seu momento, como pon de manifesto RODRÍGUEZ MONTERO R., “O Dereito Civil en Galicia, a lei de Dereito Civil de Galicia e o futuro Dereito Civil de Galicia: Apuntamentos, ideas e suxestións”, en *Anuario da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña*, núm. 5, 2001, p. 741: “A devandita Compilación non obtivo un xuízo unánime no seu momento, sinalándose opinións contraditorias, tanto polo que respecta á oportunidade da súa realización, como en relación ao seu contido”.
- 3 Cfr. REBOLLEDO VARELA, A. L., “Derecho civil de Galicia: presente y futuro”, en *Revista Jurídica de Navarra*, núm. 46, 2008, p. 13, onde engade: “En Galicia, por carecer de fondas raíces históricas na utilización das normas civís ou de dereito privado como motivo de identidade, tradicionalmente veuse aplicando o código civil polo que constituíu un territorio foral máis formal que real, simplemente froito de circunstancias políticas da época da codificación”.
- 4 CASTÁN TOBEÑAS, J., “A Compilación do Dereito Civil especial de Galicia”, en RGLX, núm. 46, 1963, p. 27 ss.
- 5 Vid. por todos, OTERO VARELA, A., “Sobre a Compilación do dereito foral galego”, en AHDE, núm. 35, 1965, p. 555-556, onde realiza un percorrido histórico para explicar a especial circunstancia de Galicia, ao dicir que quedou pronto á marxe da Reconquista e por iso: “Continuou o réxime señorial ata a súa recente abolición, o que deu lugar á persistencia das formas de entrega de terra típicas daquel réxime ata os nosos días, como acredita a presenza actual do foro”, engadindo que a Compilación galega recolle “o foro, a compañía familiar, a parzaría, etc. En conxunto non parecen ter entidade suficiente para xustificar a súa recompilación nin para constituir o problema xurídico de Galicia”, para concluir a continuación que o problema xurídico de Galicia é a dificultade á hora de aplicar o Código civil a un ambiente especial como é o económico galego.

dos rexistros e instrumentos públicos, bases das obrigas contractuais, normas para resolver os conflitos de leis e determinación das fontes do Dereito, con respecto, neste último caso, ás normas de dereito foral ou especial". De acordo coa regulación constitucional, a Comunidade Autónoma de Galicia recolleu no seu Estatuto de Autonomía de 1981 (artigo 27.4) a competencia exclusiva en materia de "Conservación, modificación e desenvolvemento das institucións do Dereito civil galego". Do mesmo modo, o artigo 38 do Estatuto de Autonomía ten especial transcendencia en relación coas fontes de dereito propio de Galicia: "1. En materias de competencia exclusiva da Comunidade Autónoma, o Dereito propio de Galicia é aplicable no seu territorio con preferencia a calquera outro, nos termos previstos no presente Estatuto. 2. A falta de Dereito propio de Galicia, será de aplicación supletoria o Dereito do Estado. 3. Na determinación das fontes do Dereito civil respectaranse polo Estado as normas do Dereito civil galego". Posteriormente, en virtude da lei 7/1987, integrouse no Dereito civil galego a Compilación realizada en 1963 aínda que se derogasen institucións como a do Foro para adaptala aos principios constitucionais. Como consecuencia da entrada en vigor da lei 4/1995, novo espazo normativo regulador do Dereito civil de Galicia, a lei 7/1987 foi derogada.

A aparición da lei 4/1995 de 24 de maio, de "Dereito civil de Galicia", supuxo un avance<sup>6</sup>, por canto recollía novas figuras como a servidume de paso ou as serventías, o contrato de vitalicio, as doazóns por razón de matrimonio<sup>7</sup> (que a este tema en concreto obxecto do noso estudo interesan particularmente, como veremos a continuación), o usufruto universal do cónxuxe viúvo, o testamento mancomunado<sup>8</sup> ou os pactos sucesorios, aínda que a súa falta de claridade en temas tan importantes como o lugar do costume dentro das fontes do Dereito (art. 3.2), xerase tantos problemas de interpretación. En calquera caso, prevalecen os aspectos positivos sobre os negativos, como se deduce da inclusión de institucións antes prohibidas por constituir costumes *contra legem*, agora legalmente aceptadas grazas ao principio de competencia entre a lexislación estatal e a autonómica que as recolle.

Constaba de 170 artigos, 2 disposicións adicionais e 4 disposicións transitorias, sendo o Título VII o que regulaba o réxime económico familiar. No artigo 112 e 113 consagrábase o principio de liberdade en canto ás capitulacións matrimoniais, en cuxo defecto se aplicaría o réxime de gananciais<sup>9</sup>, e nos artigos 114 a 116 regulábanse as doazóns por razón de matrimonio, quizais o máis destacable desta lei no ámbito patri-

6 En opinión de BELLO JANEIRO, D., "Presente e futuro do Dereito civil de Galicia", en *Anuario da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña*, núm. 9, 2005, p. 1051: "A lei de 1995, de Dereito Civil de Galicia, pode ser, con toda xustiza, considerada como a máis importante norma xurídica da Comunidade Autónoma galega emanada do Parlamento despois do Estatuto de Autonomía", engadindo que ata a súa entrada en vigor, o dereito civil galego subsistía como simple costume en certo modo camuflada na práctica notarial.

7 REBOLLEDO VARELA, N., "Dereito civil de Galicia: presente e futuro", cit. p. 17, onde resalta a falta de previsión da lei 4/1995, poñendo como exemplo: "A regulación das doazóns por razón de matrimonio (art. 114) sen establecer a súa incardinación co réxime de gananciais que se declara supletorio (art. 112)", aínda que destaca que esta lei supuxo un "avance certamente significativo do dereito civil galego respecto da decadencia en que se atopaba inmerso durante a vixencia da Compilación de 1963 e constitúiu a base da que derivou a lei vixente 2/2006, de 14 de xuño".

8 ALONSO VISO, R., "O testamento mancomunado no dereito galego", en *Revista Xurídica Galega*, 14, 1996, p. 21, onde define o testamento mancomunado como "o outorgamento da última vontade de varias persoas nun único acto ou instrumento, incluíndo os patrimonios de todos os dispoñentes. Falta pois, a nota característica da individualidade ou unipersonalidade no seu outorgamento", e lembra que esta figura está recollida na lei 4/1995 no artigo 137, onde se lle outorga validez, aínda que no ordenamento xurídico español non existe unha solución única en canto ao modelo de testamento mancomunado.

9 Vid. ao respecto, GUTIÉRREZ ALLER, V., "Réxime económico-familiar e sucesorio na lei de Dereito civil de Galicia", en *Dereito Civil de Galicia (Comentarios á Lei 4/1995 do 24 de maio)*, Santiago de Compostela, 1992, p. 354, onde destaca que a subsistencia do réxime de gananciais como supletorio en defecto de pacto "foi motivo de controversia nos traballos preparatorios da lei. A comunidade ganancial, como patrimonio autónomo mancomunado entre cónxuxes, sen atribución de cotas sobre cada un dos elementos que o compoñen, non encaixa coa concepción da comunidade matrimonial dos bens que predomina entre os cónxuxes galegos, especialmente no ámbito rural, concepción na que, aínda que está claro que bens compoñen esa comunidade (que bens son gananciais) esta se concibe como comunidade ordinaria por cotas sobre cada un deses bens", concluíndo que non resultaría estraño que se formulase a comunidade ordinaria en vez da sociedade de gananciais como réxime supletorio legal.



monial<sup>10</sup>. O réxime de doazóns resultaba máis amplo que o contido sobre as mesmas disposto no Código Civil, por canto o artigo 114 recollía a posibilidade de outorgarse antes ou despois de celebrado o matrimonio, virtualidade non recollida no artigo 1336 do Cc., que só contempla as doazóns outorgadas antes do mesmo. Ademais, as doazóns por razón de matrimonio tiñan o seu fundamento nun motivo causal, pero a dife- renza do Cc. no que a causa de tales doazóns era un matrimonio futuro, na lei galega considerábase como principal motivo o matrimonio en si mesmo, presente ou futuro.

Á marxe destas consideracións, a lei 4/1995 non suscitou unha opinión unanimemente favorable, por canto se entendía como un proxecto legislativo a curto prazo, pacato e en absoluto innovador, á marxe dos pequenos avances que sinalamos<sup>11</sup>. Con todo, negar a importancia desta lei sería inxusto<sup>12</sup>, por canto supuxo o punto de partida real ata chegar a un verdadeiro corpo normativo do dereito civil propio de Galicia. A incorporación de novas figuras xurídicas que demandaba a realidade xurídica e social galega, ao lado de institucións de indubidable valor etnográfico pero escasa efectividade práctica non restan valor ao empeño de procurar a convivencia xurídica de ambas as dúas, á marxe dos problemas de aplicación que xurdisen na práctica. Con todo, este modelo legislativo mostrou pronto as súas carencias, polo que se fixo necesario reformar a lei 4/1995, converténdose despois dos pasos necesarios na nova Lei de Dereito civil de Galicia 2/2006, de 14 de xuño, actualmente vixente<sup>13</sup>.

## 2 Lei 2/2006, de 14 de xuño, de Dereito Civil de Galicia

O texto legal entrou en vigor, de acordo coa súa disposición final, aos vinte días da súa publicación no DOG, o día 22 de xullo de 2006. É un texto regulador moito máis eficaz que os anteriores, por canto recolle os cambios sociais e estruturais da sociedade galega en institucións xurídicas acordes coa devandita realidade<sup>14</sup>, cunha lexislación unitaria total- mente alonxada da anterior -fragmentada e dispersa- para converterse nun corpo norma-

10 BUSTO LAGO, J.M., "As competencias lexislativas da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Dereito civil", en *Revista Xurídica Galega*, 35, p. 27, cando sinala: "A determinación do sistema matrimonial e o recoñecemento da eficacia civil a determinados tipos de matrimonio é competencia exclusiva do Estado, mentres que a regulación das relacións patrimoniais entre os cónxuxes pode ser asumida, no marco da lexislación civil, polas CCAA. A reserva competencial a favor do Estado ten que entenderse restrinxida aos aspectos non patri- moniais do matrimonio, en conclusión á que se chega empregando o art. 13.1 CC (exceptúa expresamente as normas relativas ao réxime económico matrimonial da súa aplicación xeral e directa en todo o Estado) como criterio interpretativo".

11 BELLO JANEIRO, D., "Presente e futuro do Dereito civil de Galicia", en *Anuario da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña*, núm. 9, 2005, p. 1053, onde se amosa satisfeito dos contidos lexislativos incorporados á lei de 1995, aínda que recoñece a necesidade dunha ampla reforma: "Pois ben, respecto á actualización da nosa Lei de Dereito Civil de Galicia, cómpre ampliar con valentía o seu contido, con ocasión da súa revisión, unha vez transcorrido case o dobre do tempo de cinco anos que a propia norma de 1995 prevé para elaborar un informe parlamentario comprensivo das dificultades e dúbidas que se advirían na aplicación dos preceptos da Lei e das normas que se estimen necesarias para a conservación, modificación e desenvolvemento das institucións do dereito civil propio de Galicia".

12 Vid. ao respecto, PARDO GATO, J.R., "Pasado, presente e futuro do Dereito Civil de Galicia", en *Revista Xurídica Galega*, 47, 2005, p. 16, onde destaca a importancia da lei 4/1995: "Este dereito civil propio da nosa comunidade afectaba, e segue afectando, a amplas parcelas da vida dos cidadáns que repercuten directamente no seu contorno inmediato, como a propiedade, o aproveitamento da terra e os contratos, así como, de xeito singular, no referente aos arrendamentos de tipo rústico, a familia, os testamentos e as herdanzas. De todas estas materias xurídicas emerxeron figuras singulares que os galegos, sobre todo aqueles que gardan certa vinculación coas áreas rurais, coñecen por telas invocada e utilizado en numerosas ocasións para dirimir as súas controversias e litixios, e que, como se explicita na LDGC, deben aparecer integradas no noso dereito como creación xenuína do pobo galego, que xorde ao longo dos séculos na medida en que a súa necesidade se fai patente, fronte a un ordenamento estatal que, por ser común, viña negando as nosas especiais peculiaridades".

30 Malia que o Art. 26,3 “ab initio” de igual Lei núm. 18/11, de 5 de xullo, prescriba que “o foliado dos expedientes xudiciais electrónicos se levará a cabo mediante un índice electrónico, asinado pola oficina xudicial actuante segundo proceda”, non deixa de ser paradoxal que se omita precisar a concreta identidade da persoa, funcionario ou Autoridad asinante dos cales integran a Oficina xudicial, despois de desde logo perderse unha boa ocasión para acabar co réxime de responsabilidade difusa que impera nos órganos xudiciais y que se debe en boa parte a que maioritariamente e salvo excepción as actuacións xudiciais sexan exclusivamente asinadas polos titulares dos órganos xurisdicionais e das súas correspondentes Secretarías ou aínda por ámbos os dous, sen que porén non asinen practicamente nunca os integrantes do persoal funcional auxiliar malia ser os mesmos que teñen ao seu cargo a tramitación procesal cotiá de carácter inmediato.



zos comúns, non só aos efectos de comunicación senón mesmo de acceso –no seu caso-, restrinxido ás correspondentes Partes comparecidas.<sup>31</sup>

Malia que a devandita Lei núm. 18/11, de 5 de xullo, impón un xenérico e imperativo mandato de dixitalizalo todo, porén omite sinalar non só por onde comezar –é dicir, por que órganos xudiciais e en que Orde xurisdiccional-, senón tamén acoutar temporal e materialmente semellante desiderativo mandato normativo, xa que non é o mesmo dixitalizar actuacións “vivas” e en trámite que aquelas outras que estean arquivadas.

Impónse pois a necesidade dun ulterior desenvolvemento normativo-regulamentario ao respecto –de feito así mesmo se prevé pola Disposición final segunda da devandita Lei núm. 18/11, de 5 de xullo-,<sup>32</sup> tanto a nivel competencial estatal como autonómico, sen prexuízo de que haxa que subliñar que sendo os arquivos xudiciais –en particular, os de xestión-, algo vivo, con múltiples entradas e saídas, quizais non fose banal en prol da obtención dunha maior seguridade xurídica, poñer a fronteira temporal-retroactiva da dixitalización no comezo do pasado ano 2010 e non soamente na correspondente á vixencia da devandita farto recente Norma legal naquel pasado día 7 de xullo do 2011.

A devandita Lei núm. 18/11, de 5 de xullo, omite paradoxalmente salientar ou aínda aludir a cargo dos cales recae materialmente a obriga de proceder a materializar o devandito proceso de dixitalización procedemental dentro de cada órgano xudicial, Servizo procesal común ou Oficina xudicial, sendo en calquera caso patente que semellante cometido haberá de quedar normalmente a cargo do correspondente persoal funcional auxiliar alí destinado e baixo a responsabilidade dos Secretarios xudiciais dos que dependan.<sup>33</sup>

A incompatibilidade dos sistemas informáticos implantados nas diferentes Comunidades Autónomas con competencias en materia de Administración de Xustiza con aqueles desenvolvidos polo Ministerio de Xustiza ou aínda a imposibilidade de que algunhas das súas ferramentas informáticas sexan incapaces de asumir e integrar o masivo proceso de dixitalización procedemental legalmente previsto constitúen primordial e publicitaria preocupación tanto da nosa mellor doutrina<sup>34</sup> como dalgunha cualificada Instancia

31 Así, o Art. 41 de semellante Lei núm. 18/11, de 5 de xullo, establece que “se porá a disposición das Partes un servizo electrónico de acceso restrinxido onde estas poidan consultar, previa identificación e autenticación, polo menos información sobre o estado de tramitación do procedemento, salvo que a Normativa aplicable estableza restricións á devandita información e con pleno respecto ao disposto na L.O. núm. 15/99, de 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal e lexislación que a desenvolva. A información sobre o estado de tramitación do procedemento comprenderá a relación dos actos de trámite realizados, con indicación sobre o seu contido, así como a data na que foron ditados”.

32 A Disposición final segunda da devandita Lei núm. 18/11, de 5 de xullo, baixo o epígrafe de “desenvolvemento normativo” precisamente prevé que “corresponde ao Goberno e ás Comunidades Autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias, ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación da presente Lei”.

33 Mentres o Art. 457 da L.O. núm. 6/85, de 1 de xullo, establece que “os Secretarios xudiciais dirixirán no aspecto técnico-procesal ao persoal integrante da Oficina xudicial, ordenando a súa actividade e impartindo as ordes e instrucións que estimen pertinentes no exercicio desta función”, o Art. 102,2 “in fine” do Regulamento núm. 1/05, de 15 de Setembro, sinala que “os Secretarios xudiciais, no marco das competencias contempladas no Art. 454 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, velarán pola axeitada utilización dos sistemas e programas informáticos. O manexo dos mesmos corresponde ao persoal adscrito ás distintas unidades da Oficina xudicial, baixo a superior dirección do Secretario xudicial correspondente”.

34 “Do que se queixan os xuíces en materia de informatización –apunta Alejandro Nieto-, non é da falta de aparatos senón de *insuficiencia de programas axeitados*, singularmente de interconexión de Xulgados e Tribunais e de almacenamento accesible de datos... Esta insuficiencia agrávase polo fraccionamento competencial, dado que cada Comunidade Autónoma con competencias transferidas conta co seu propio sistema e ningún deles é compatible cos demais a efectos de intercomunicación de datos. Ademais, aínda non se implantaron os expedientes xudiciais electrónicos, obrigando á acumulación desas montañas de papel que tanto asombran aos visitantes dos nosos Xulgados... Onde a informática pode atopar o seu mellor e máis directo campo de aplicación é nas comunicacións. O traslado das sentenzas, dos autos, sumarios e expedientes poderá realizarse en soporte non de papel con notable aforro de tempo e o mesmo pode dicirse dos demais trámites”. Nieto, Alejandro: “EL MALESTAR DE LOS JUECES Y EL MODELO JUDICIAL”. Madrid, Editorial Trotta-Fundación Alfonso Martín Escudero, 2010, p. 53.

gubernativo-xudicial.<sup>35</sup>

Porén, unha correcta orientación do proceso de dixitalización procedemental integral de todos os órganos xurisdicionais españois podería superar esa atávica e anacrónica descoordinación informática dunha Administración de Xustiza insolitamente segmentada competencial e funcionalmente, xa que precisamente ningún óbice tecnolóxico existe que impida que todo o acervo documental dixitalizado –calquera que sexa a súa orixe-, poida ser posto en común en arquivos dixitais telematicamente interconectados; nun arquivo dixital xudicial xeral ou –se se quere-, nunha “nube” xudicial de acceso seguro y aínda regulamentariamente pautado cos protocolos, habilitacións e trazas de seguridade que en cada caso se estimen precisos.

Por tanto, a clave do éxito futuro do proceso de dixitalización integral da segmentada Administración de Xustiza en España non radica tanto no loable desexo da súa uniformización por abaixo –que sen dúbida faría todo máis doado e moito máis económico-, como na xeneralizada posibilidade de acceso ao produto rematado, é dicir, non só no que afecta a cada expediente electrónico e á información pormenorizada xudicialmente operativa alí contida senón, sobre todo, na análise instantánea e global de toda a información dixitalizada contida en todas as actuacións sucesivamente dixitalizadas a nivel local, autonómico e estatal e, en particular, en obter pormenorizadas pautas integradas de xestión procesal a través da extracción de identidades, datos, gráficos, avisos de pendencia, etc., mediante a utilización xeneralizada de buscadores avanzados de segunda xeración.

Débase formular ademais a salvidade de que habería que discriminar conforme ao abano de respectivas competencias xudiciais de cada órgano xurisdicional, de modo que se axustase ás mesmas a posibilidade de empregar o alcance dos devanditos buscadores-araña ao preciso ámbito obxectivo, funcional e territorial inherente a cada Xulgado ou Tribunal na medida en que –valla o símil-, aínda que todos conforman a flota xudicial española, non é o mesmo un portaavións –o Tribunal Supremo-; un cruceiro –un órgano xurisdicional colexiado-; unha fragata –un Xulgado periférico-, que un patrulleiro –un Xulgado de pobo-, en canto se ben resulta necesario que todos operen coordinadamente –de aí que a interconectividade telemática global en tempo real sexa requisito imprescindible en todo sistema de organización moderno-, moi diferentes porén resultan ser os seus respectivos volumes de traballo e as súas necesidades de busca a fin de obter unha xestión procesal-dixital integrada.

35 Así, despois de afirmar “que a transferencia das competencias sobre a Administración de Xustiza ás Comunidades Autónomas foi un acerto e constitúe unha realidade que non debe ter marcha atrás”, o Vicepresidente do Consello Xeral do Poder Xudicial Fernando de Rosa Torner matizou recentemente o seu propio aserto ao aludir a liña seguida que “tampouco debemos esquecer que a Xustiza é un dos poderes do Estado e, por tanto, debe existir unha Xustiza única e igual para todos os cidadáns. Non podemos, vía transferencia da xestión dos medios materiais e humanos ao servizo da mesma, desligar ao Estado deste Poder e manter a situación actual na que, dependendo de onde se teña fixada a residencia, o cidadán goza dunha Xustiza máis ou menos rápida, áxil e eficaz. Para corrir esta disfunción debemos servirmos das novas tecnoloxías, cuxa utilización ha de permitir ao cidadán acceder aos servizos que a Administración lle debe facilitar dunha maneira moito máis áxil, sen importar onde resida. Por iso, ao igual que ocorre coa Axencia Tributaria, é inaprazable dotar á Xustiza española dun sistema informático único, no que todos os órganos xudiciais, con independencia da súa ubicación, tramiten os procesos baixo unha mesma plataforma e que lles permita estar interconectados en tempo real, entre eles e o resto dos organismos, xa sexan nacionais ou internacionais, que a diario colaboran cos mesmos. E o momento é agora, aproveitando que a nova Lei reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de Xustiza impón ás Administracións con competencias a obriga de dotar ás Oficinas xudiciais de sistema de xestión procesal que permitan a tramitación electrónica dos procedementos, pois moitos dos sistemas existentes na actualidade non soportan outra evolución que lles permita alcanzar este obxectivo. É triste ver como se alardea de ter investido centos de millóns de euros en modernizar a Xustiza e logo visitar os Xulgados e comprobar que nada ou moi pouco cambiou: os montóns de expedientes en papel seguen enriba das mesas e ocultan ata os ordenadores. Ademais, cando se fala da execución dun plan para modernizar a Xustiza, non podemos esquecer que o Ministerio do ramo unicamente se refire aos órganos xudiciais radicados nun determinado territorio, non tendo involucrado no proceso de modernización ao resto das Administracións autonómicas, co que os beneficios do mesmo non alcanzan a todos os cidadáns, ampliándose a brecha dixital”. Rosa Torner, Fernando de: “Medidas para modernizar la Justicia”. “EL MUNDO”, 29.11.11, p. 21.





Non deixa de ser pois sintomático que precisamente no punto 2 “in fine” das medidas contempladas a fin da obtención dunha Xustiza áxil e previsible, o Programa electoral do Partido Popular, que gañou por ampla maioría as derradeiras eleccións xerais celebradas o pasado día 20 de novembro do 2011, sinalase expresamente que “impulsaremos unha Axencia que articule un sistema informático único e permita o coñecemento inmediato en rede dos datos xudiciais e dos que consten nos rexistros públicos relacionados coa Administración de Xustiza”.

Pois ben, se semellante compromiso electoral non está feito a fume de pallas e se encerraba un efectivo propósito de bo goberno axiña se verá, sen prexuízo de lembrar que programas avanzados de segunda xeración están xa dispoñibles no mercado e mesmo que algúns son desde fai anos de utilización habitual en precisos Organismos de determinados Departamentos ministeriais, non sendo desde logo imposible senón necesaria a súa adaptación e cribado informáticos que faga posible tamén a súa aplicación cotiá no ámbito da Administración de Xustiza.

Finalmente, en épocas de contracción orzamentaria<sup>36</sup> -así como á vista do recorte xeralizado do gasto público anunciado para o próximo exercicio económico-, non parece moi coherente a creación de máis Axencias especializadas cando non só existe o Consello Xeral do Poder Xudicial senón que, no seu seo, xa radica o Centro de Documentación Xudicial (CENDOX), que quizais fose plausible redeseñar ou quizais, chegado o caso, introducir dentro da órbita dun Departamento ministerial institucionalmente reforzado e de novo cuño que aborde sistemática, sucesiva e pormenorizadamente o ancestral desafío en España da modernización da Administración de Xustiza e, como epítome da mesma, a dixitalización procedemental integral de todos os seus órganos xurisdiccionais.

## VI Conclusión: a implantación da dixitalización procedemental como obrigado fito normativo da modernización da Xustiza

Sen dúbida existen longos andeis repletos de ponderadas reflexións sobre a aplicación dos principios xurídicos pero, non obstante, esqueceuse a miúdo que a súa aplicación cotiá depende da realidade material e procesal incrustada nas correspondentes actuacións de órganos xudiciais unipersoais ou colexiados que languidecen incapaces de soportar as carencias organizativas e materiais de todo xénero que diariamente lles afectan.

Mentres se discutía nas altas Instancias institucionais e xudiciais cara onde mellor sería orientar a Administración de Xustiza,<sup>37</sup> a infraestrutura dos diversos órganos xudiciais

<sup>36</sup> Así, “a Xustiza non se salva da redución xeneralizada nos Orzamentos do Estado para 2011. Se o ano pasado o Departamento de Francisco Caamaño era dos poucos que non tiña recortes para 2010 e crecía un *once por cento (11%)*, nos datos presentados onte pola Vicepresidente económica Elena Salgado apréciase unha redución dun *seis con nove por cento (6,9%)* do gasto non-financeiro previsto para 2011...”, de modo que “a dotación consolidada para a política de Xustiza en 2011 é... un *cinco con oito por cento (5,8%)* menor que o exercicio anterior...”, e a cifra resultante para a modernización tecnolóxica e de comunicacións foi de case un *cinquenta por cento (50%)* menos”. García-León, Carlos: “La modernización de la Justicia se para en seco”. *www.expansión.com*, 4 de Outubro do 2010, Pp. 1-4.

<sup>37</sup> “O Lexislativo –estea en mans dun partido ou doutro afirmaba Alejandro Nieto-, dita sen continencia lei tras lei a cal máis confusa e perturbadora da orde xudicial tanto nos seus aspectos persoais como organizativos, mentres que os órganos administrativos de aplicación colaboran decididamente a aumentar o desgoverno xa creado. Unha política xudicial que –nótese ben-, non é exclusiva dun partido, senón de todos os que se van turnando sucesivamente no Goberno; de tal maneira que o chamado Pacto de Estado para a Reforma da Xustiza –suscrito polos principais partidos políticos o 28 de Maio do 2001-, máis que un pacto para a liberación foi unha conspiración para o secuestro –que non o rapto-, da Xustiza. Aos feitos e aos seus resultados me remito. A lúa de mel que seguiu a este Pacto foi doce certamente e estivo amenizada por coros triunfais..., pero non durou moito, xa que o Partido Socialista se distanciou pronto alegando que as leis do seu desenvolvemento aprobadas pola maioría parlamentaria popular eran unha fraude...”. En calquera caso –engadida igual autor-, “o desgoverno xudicial é consecuencia, en definitiva, da destrución intencionada do Poder Xudicial e, conxuntamente, do mal funcionamento do seu sucedáneo, o servizo público da Administración de Xustiza”. Nieto, Alejandro: “EL DESGOBIERNO JUDICIAL”. Madrid, Editorial Trotta-Fundación Alfonso Martín Escudero, 2005, Pp. 31 y 32.

deixábase corroer polas carencias materiais ou aínda pola implantación de modelos e sistemas informáticos inservibles, parcelados territorial ou institucionalmente, incompatibles entre si e desde logo alleos ás perentorias necesidades e realidade material dos procesos así como tamén a ulteriores e previsibles pautas de efectiva innovación tecnolóxica.

Dilapidáronse pois os escasos recursos financeiros en ferramentas informáticas non xa carentes de posibilidade ningunha de desenvolvemento e evolución futuras senón ás veces aínda obsoletas antes de implantarse e das que pouca ou ningunha utilidade diaria resultaba posible extraer –e xa se sabe que nada hai máis caro que aquilo que non funciona-, sen prexuízo de que a súa implementación práctica descoñecese os retos e necesidades diarias do labor xudicial derivado da abafadora realidade tramitacional cotiá dos diversos Xulgados e Tribunais, a cuxos titulares aqueles sistemas proporcionaban información maioritariamente inútil para o eficaz desempeño do seu cometido xurisdiccional.

Cando en ocasións as disfuncións materiais e procedementais inherentes ás actuacións xudiciais se transforman en flagrante inxustiza -tal como se puxo de manifesto e por desgracia en España de forma reiterada en datas farto recentes en casos que todos temos presentes-<sup>38</sup> resulta mesmo imperativo moral -como subliñou o asasinado líder dos dereitos civís Martin Luther King-, que “non quedemos satisfeitos ata que a xustiza flúa como a auga...”<sup>39</sup>

Resulta pois tan urxente como imprescindible abordar a imperativa implantación da dixitalización procedemental integral e interactiva dos nosos Xulgados e Tribunais a nivel nacional, de modo que a súa ineludible e inmediata obrigatoriedade procedemental non sexa un mero desiderátum lexislativo senón efectiva pauta material cotiá en España para a súa Administración de Xustiza.

É imprescindible romper pois o vicioso círculo que desde hai décadas aprisiona aos órganos xurisdiccionais españois e que consiste tanto en que os sistemas de “software” alí instalados están tecnoloxicamente obsoletos como que os novos que se tratan de implantar non proporcionan utilidades operativas que sirvan para superar dunha vez o seu descontrol procedemental e o seu crónico e a miúdo xa cronificado atraso resolutorio.<sup>40</sup>

A efectiva materialización da dixitalización procedemental integral e xeneralizada constitúe pois tanto a canle como o requisito técnico-ofimático imprescindible para sacar aos ór-

38 Entre estes, o máis notorio foi, en palabras de Alejandro Nieto, “o comunmente chamado *caso Mariluz*... -que-, comezou en xaneiro de 1999 cando Santiago del Valle denunciou no Xulgado de gardia de Sevilla uns abusos cometidos a unha filla súa, dos que resultou ser el o autor segundo Sentenza de data 15 de Novembro do 2002 do Xulgado do Penal núm. 2 de Sevilla... Catro anos mediaron entre a denuncia e a sentenza, que xa é prazo respectable pero non extraordinario nos tempos que corremos. Interposto inmediatamente recurso de apelación, este foi resolto pola Audiencia Provincial de Sevilla o 17 de Maio do 2003, é dicir, nun prazo procesal case correcto. Agora ben, as grandes dilacións comezaron cando a Audiencia Provincial de Sevilla tardou case tres anos en *notificar* a súa sentenza confirmatoria ao Xulgado do Penal e este –un órgano xudicial afectado de endémicas deficiencias estruturais segundo desde logo hai agora que subliñar-, tardou xusto ano e medio en *iniciar dilixencias* para localizar ao condenado a efectos de entregarlle a indicada resolución. Entrementes foi asasinada a nena Mariluz, probablemente por Santiago del Valle que desfrutara durante estes anos de liberdade, sen que ninguén o inquietase, pois ata Marzo de 2008 non se emitiu contra el a orde de busca e captura, precisamente despois (para chegar ao colmo do grotesco), de que o presunto autor xa tería sido detido pola Policía”. Nieto, Alejandro: “EL MALESTAR...”, op. cit. p. 53.

39 Luther King, Martin: “TENGO UN SUEÑO Y OTROS DISCURSOS”. Biblioteca EL Mundo, Barcelona, 2008, p. 40.

40 Recente liña doutrinal non deixa porén de amosarse farto escéptica respecto á modernización tecnolóxica no ámbito da adopción de decisións xudiciais, ao manifestar que “un Xuíz que ten que resolver un caso medianamente importante –que con frecuencia non tramitou el senón algún dos seus moitos antecesores-, conta para iso cunha boa arroba de papel, un paquete de DVD's e uns cantos vídeos, sen esquecer algunhas notas persoais manuscritas e outras recollidas no ordenador. Excelente material de traballo froito da modernización tecnolóxica que lle permitiría estudar fíblemente o caso nun par de semanas de concentración. Mais é o caso, lamentablemente, que para resolver non dispón de moito máis dunha tarde: ordinariamente, duns minutos, segundo as estatísticas e os módulos oficialmente calculados. ¿Para que serve entón tanto material? ¿De que valeu a modernización do aparato da Administración de Xustiza? O Xuíz resígnase, repasa as súas notas, toma a decisión practicamente ás cegas e preme as teclas que, como se dixo antes, permitirán materialmente... redactar ás cegas a sentenza. Esta é a modernidade real...”. Nieto: “EL MALESTAR...”, op. cit. p. 83.



ganos xudiciais dos seus endémicos marasmo e descontrol procedementais así como para obviar a obsolescencia tecnolóxica que padecen e a esterilidade de improbos e denodados esforzos profesionais e aínda persoais –a miúdo descoñecidos e ás veces ignorados-, de Xuíces, Maxistrados e Fiscais; de Secretarios Xudiciais e do correspondente persoal funcional auxiliar que maioritariamente cumpre o seu cometido co único afán de defender a legalidade e aos cidadáns, sen máis recompensa que un soldo neta e temporalmente decrecente e susceptible sin dúbida en moitos casos –sobre todo nos niveis profesionais de entrada; nas retribucións de gardias, destinos penosos por saturados, etc.-, de ser manifestamente mellorado.

A dixitalización procedemental integral da Administración de Xustiza resulta así requisito imprescindible para a solución dos problemas da Xustiza en España pero, porén, non é a panacea de toda a súa complexa problemática funcional e institucional, de modo que abordar as súas crónicas carencias requiriría tamén reforzar urxentemente a deteriorada posición institucional actual dos titulares xudiciais e acabar co seu reiterado e contumaz ninguneo normativo que deixou insolitamente afásica a estrutura organizativa dos Xulgados e Tribunais.

Unha década de reformas normativas fixo imposible que apareza a natural pirámide xerárquica de toda organización eficiente pública ou privada nos órganos xurisdicionais españois, converténdose actualmente os mesmos máis ben en conos truncados, integrados polas Oficinas xudiciais –sexan vellas ou xa novas-, imposibles de ser eficazmente xestionadas mediante meras pautas organizativas de alcance transversal que ademais de potenciar a responsabilidade difusa dos que alí traballan –que non é outra cousa que irresponsabilidade encuberta e xeneralizada-, impiden a conexión organizativa con aquelas esgazadas puntas de pirámides descabezadas, integradas polos Xuíces e Maxistrados cuxo labor xudicial diario resulta cada vez máis frustrado, estéril ou inservible, ao ficar condicionado por múltiples e sucesivas medidas organizativas e procesais que en vez de remediar, cronificaron e quizais fagan pronto irremediable a situación real da Xustiza española, onde a primordial protección do xustizable queda a miúdo postergada por deficiencias estruturais que ninguén materialmente remata por solucionar.

Nada nin ninguén na Administración de Xustiza debe ser pois máis importante que o cidadán, en calquera das súas facetas como recipiendario do devandito servizo público esencial nunha democracia –sexa como vítima, prexudicado, reo ou interesado xustizable-, de modo que todas as medidas tecnolóxicas e organizativas que contribúan a facer posible a mellor, máis áxil e máis certera aplicación material individualizada da legalidade, contribuirán ao fortalecemento da Xustiza como pilar fundamental dunha sociedade, cuxos líderes a reivindicación pública, enfática e mediaticamente cada día como máis xusta, avanzada e democrática, malia todas as súas carencias nos albores do Século XXI.

# Regap

## Comentarios e crónicas

### 2



# Disciplina e sustentabilidade orzamentarias.

## Primeiro período de sesións do ano 2011 no Parlamento de Galicia

*"A economía consiste en saber gastar e o aforro en saber gardar"*  
MARDEN, ORISON SWEET

**Índice:** I. *Introdución.* II. *Composición da cámara. Baixas e altas de deputados.* III. *Reunións dos órganos da cámara. Calendario de actividades.* IV. *Procedemento especial de carácter institucional. O debate anual de política xeral.* V. *Procedementos de natureza normativa.* VI. *Procedementos de control e impulso, e información.* VII. *Declaracións institucionais.* VIII. *Procedementos de control económico e orzamentario.* IX. *Procedementos relativos a outras institucións e órganos.*

## I Introdución

Desde unha perspectiva institucional este período de sesións ten a especialidade da celebración da reunión da Conferencia de Presidentes y Presidentas de Parlamentos Autonómicos (COPREPA)<sup>1</sup>, reunida en Pamplona os días 7 e 8 de marzo de 2011. Aprobou a seguinte Declaración institucional:

"Conscientes do momento de crise económica polo que atravesan España e o mundo, cos graves efectos que a mesma está provocando no seo das familias afectadas pola perda de emprego, e as preocupantes consecuencias que limitan fortemente a vida e o desenvolvemento dos mozos e dos sectores poboacionais máis débiles da armazón social.

<sup>1</sup> Para unha comprensión do alcance deste órgano de colaboración interparlamentaria pode consultarse o meu "Manual do parlamentario". Parlamento de Galicia. Santiago de Compostela. 2011.



Persuadidos polo convencemento firme de que desde as Cámaras de representación popular é imprescindible levantar a voz en defensa do papel da política como instrumento máis eficaz e insubstituíble para a resolución dos conflitos e das diferenzas de calquera tipo para a defensa das liberdades de toda a cidadanía.

Comprometidos coa obriga de responder ás demandas da cidadanía para que desde as Asembleas legislativas se ofrezan solucións e respostas aos problemas reais da sociedade, e de exercer a función parlamentaria con toda a plenitude democrática e participativa que as nosas funcións demandan.

Empeñados en defender o papel dos Parlamentos Autonómicos no proceso de construción da Unión Europea, respondendo ás previsións do Tratado de Lisboa para facer efectivo o principio de subsidiariedade.

Neste Día da Muller, sensibilizados coa gravidade da situación que padecen moitas mulleres en España e no mundo vítimas da discriminación polo seu sexo e da violencia de xénero, decididos a conseguir que no noso país se abra finalmente un escenario real á igualdade de oportunidades para mulleres e homes.

Os Presidentes e Presidentas dos Parlamentos Autonómicos (COPREPA) ACORDAN:

Primeiro: Apostar desde as institucións democráticas, e de maneira singular desde os Parlamentos autonómicos, en que se traballe cun impulso unánime para atopar solucións á crise económica. O futuro das nosas sociedades democráticas pasa por proporcionar unhas condicións de vida digna á totalidade da cidadanía, con garantía do dereito ao traballo protexido pola Constitución e os Estatutos de Autonomía.

Segundo: Dirixir a mirada e o empeño firme cara a situación que padece a poboación xuvenil, gravemente acosada polos efectos da crise, para deseñar políticas específicas que revirtan o colapso que os mozos atopan para a súa incorporación ao mundo laboral, de tal maneira que poidan alcanzar o seu pleno desenvolvemento persoal, vexan garantida a súa autonomía, o seu futuro e se favoreza a súa emancipación.

Terceiro: Promover desde os Parlamentos Autonómicos accións para a colaboración e cooperación nas políticas reguladoras da inmigración, de tal maneira que en todas as Comunidades Autónomas se alcance unha efectiva integración dos inmigrantes, evitando as situacións de exclusión e favorecendo a súa participación no proceso democrático en todos os lugares elixidos para a súa residencia, de acordo coa normativa vixente.

Cuarto: Reivindicar o papel dos Parlamentos Autonómicos na defensa dos valores democráticos e apostar polas vías democráticas para a consecución da delicada tarefa de cohesionar as relacións sociais así como a construción de proxectos que garantan o desenvolvemento dos nosos pobos onde non poden ter cabida a extorsión, as ameazas, nin ningún tipo de expresión da violencia.

Quinto: Manifestar o convencemento de que a través da política con maiúsculas é posible atopar as mellores vías de convivencia e os acordos que incidan na calidade de vida, a seguridade e o desenvolvemento persoal das cidadás e cidadáns do noso país.

Sexto: Proclamar a defensa do Estado social e democrático de Dereito, e do Estado Autonómico consagrados pola Constitución, como verdadeiros artífices do progreso e transformación social e da garantía das liberdades públicas alcanzados nos anos de vida democrática.



tica, e modelo imprescindible para asegurar o futuro desenvolvemento que entre todos, institucións e cidadanía, habemos de alcanzar desde a solidariedade e a confianza nas grandes posibilidades do pobo español.

Sétimo: Perseverar na loita contra a violencia de xénero que padecen moitas mulleres no noso país cun continuo e inadmisibile goteo de vítimas mortais, mediante o impulso de actuacións efectivas de apoio ás mulleres que padecen acoso e persecución dos seus agresores, favorecendo a educación precisa para reverter a cultura sexista que favorece as agresións e malos tratos cara as mulleres.

Oitavo: Animar aos cidadáns e cidadás a participar nas convocatorias electorais que se celebrarán o 22 de maio próximo, facendo da expresión da súa vontade nas urnas o verdadeiro impulso democrático lexitimador das institucións parlamentarias e das decisións políticas que haberán de aplicarse no futuro.

Noveno: Reafirmar a aposta dos Parlamentos Autonómicos, como máximas institucións da representación popular das nosas Comunidades, por participar no procedemento de elaboración dos actos lexislativos da Unión Europea en aplicación do principio de subsidiariedade, e así garantir un maior achegamento das decisións comunitarias á cidadanía e preservar ao mesmo tempo a necesaria transparencia dos acordos que se adopten nos distintos niveis de decisión da Unión Europea.

Décimo: Insistir na vontade de todos os Parlamentos de aproximar a súa actividade á cidadanía ofrecendo instrumentos para favorecer un mellor coñecemento da vida parlamentaria como a Rede Parla, que agora impulsamos e na que nos comprometemos a ofrecer a máxima información ao servizo dos cidadáns e cidadás."

## II Composición da cámara. Baixas e altas de deputados

Como adoita suceder, logo dos comicios municipais de maio produciuse un salientable número de renuncias a súa condición de deputado, coa conseguinte substitución polos deputados candidatos seguintes nas listas<sup>2</sup>. Estes foron:

Nome da/o deputada/o que causou a BAIXA:	Nome da/o deputada/o que causou a ALTA:	Data (2011)	Partido	Circunscrición electoral
Carlos Negreira Souto	Antonio Ángel Fraga Sánchez	xuño	PP	A CORUÑA
Manuel Santos Ruíz Rivas	María de la Encarnación González Montemuiño	xuño	PP	A CORUÑA
José Antonio García López	María Lourdes Yáñez García	xuño	PP	LUGO
José Carlos López Campos	María Lorena López Rodríguez	xuño	PP	PONTEVEDRA
José Fervenza Costas	Jacobo Moreira Ferro	xuño	PP	PONTEVEDRA
M <sup>a</sup> del Mar Barcón Sánchez	Luis María Tojo Ramallo	xuño	PSOE	A CORUÑA
Rosendo Luís Fernández Fernández	Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	xullo	PP	OURENSE
Ignacio Javier López Chaves Castro	D. <sup>a</sup> María de Fátima Iglesias Ferreira	xullo	PP	PONTEVEDRA

<sup>2</sup> En íntima relación con estes procesos están as regulacións sobre o estatus do sufraxio pasivo que estudei en: *Pensamiento republicano y derecho constitucional. El problema de la irrelegibilidad en las democracias contemporáneas*. "Reflexiones sobre inelegibilidad y pensamiento republicano: el problema de las limitaciones del derecho de sufragio en el derecho constitucional español". Editorial Universidad del Rosario. Bogotá D.C. Outubro 2007.



### III Reunións dos órganos da cámara. Calendario de actividades

A ordenación do traballo parlamentario e o calendario de actividades aprobouse na Mesa-Xunta de Portavoces de 25 de xaneiro de 2011 para o primeiro período ordinario, tal como se establece no artigo 67 do Regulamento do Parlamento de Galicia<sup>3</sup>.

Como resumo estatístico, este é o resultado global das reunións dos órganos da Cámara durante este período:

ÓRGANO	Núm. reunións	
MESA	28	
XUNTA DE PORTAVOCES	12	
PRESIDENTES/AS DE COMISIÓN	6	
PLENO	11	
DEPUTACIÓN PERMANENTE		
	Comisión 1. <sup>a</sup> , Institucional, de Administración xeral, Xustiza e Interior	11
	Comisión 2. <sup>a</sup> , Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos	9
	Comisión 3. <sup>a</sup> , Economía, Facenda e Orzamentos	9
	Comisión 4. <sup>a</sup> , Educación e Cultura	10
	Comisión 5. <sup>a</sup> , Sanidade, Política Social e Emprego	13
COMISIÓN	Comisión 6. <sup>a</sup> , Industria, Enerxía, Comercio e Turismo	8
	Comisión 7. <sup>a</sup> , Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes	8
	Comisión 8. <sup>a</sup> , Pesca e Marisqueo	10
	Comisión do Regulamento	
	Comisión do Estatuto dos Deputados	2
	Comisión de Peticións	1
	Comisión de Control da CRTVG	5
	Comisión para as relacións co Consello de Contas	2
	Comisión de Asuntos Europeos	1
	Comisión de estudo sobre a seguridade Viaria en Galicia	3
	Comisión non permanente de estudo para a elaboración dun plan de dinamización demográfica de Galicia	11

### IV Procedemento especial de carácter institucional.

#### O debate anual de política xeral

O debate de política xeral tivo lugar os días 15 e 16 de marzo de 2011, cumprido o trámite previo (artigo 48 da Lei 1/1983) de solicitude por parte do conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a través de escrito presentado no Rexistro da Cámara con data 5 de febreiro de 2011 (doc. núm. 58840), de comparecencia do presidente da Xunta para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia<sup>4</sup>.

Tras a intervención do presidente pola mañá, e dos grupos parlamentarios pola tarde, e logo das intervencións dos correspondentes portavoces e de novo do presidente da

<sup>3</sup> Explico os criterios xerais de funcionamento do Estado autonómico e dos seus órganos en "Temarios Dereito constitucional e autonómico grupos A1 A2". EGAP. 2011. <http://egap.xunta.es/fich/public216.pdf>

<sup>4</sup> Para unha mellor comprensión do alcance dos procedementos gobernamentais no Parlamento teño escrito: "Técnica legislativa y control judicial". Na Revista Debate, publicación dixital da Asemblea Nacional de Panamá. [http://www.asamblea.gob.pa/debate/DEBATE\\_No16/DEBATE-016-2009-ABRIL.pdf](http://www.asamblea.gob.pa/debate/DEBATE_No16/DEBATE-016-2009-ABRIL.pdf)

Xunta, cumprindo as regulamentarias roldas de réplica e súplica, e logo da presentación no Rexistro xeral das propostas de resolución, a Mesa do Parlamento admitiu a trámite 218 propostas de resolución do Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, 240 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, e 37 do Grupo Parlamentario Popular. Do conxunto destas propostas, aprobáronse 37 resolucións a iniciativa do G.P. Popular, 16 resolucións do G.P. BNG e 20 do Grupo Parlamentario dos Socialistas. Pódense consultar no BOPG núm. 435 fasc. 2, do 22 de marzo de 2011.

## V Procedementos de natureza normativa

Durante o primeiro período de sesións de 2011 presentáronse oito proxectos de lei.

1. Proxecto de lei de convivencia e participación da comunidade educativa.
2. Proxecto de lei de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
3. Proxecto de lei de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.
4. Proxecto de lei do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.
5. Proxecto de lei da área metropolitana de Vigo.
6. Proxecto de lei de mobilidade de terras.
7. Proxecto de lei do turismo de Galicia
8. Proxecto de lei do Plan galego de estatística.

No mesmo período aprobáronse catro proxectos de lei. Estes proxectos, xa convertidos en leis, son:

1. Lei 1/2011, do 28 de febreiro, reguladora do Consello Galego da Competencia
2. Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.
3. Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia
4. Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

En relación coa Lei 2/2011, cómpre facer as seguintes reflexións, que serven para ubicar o novo contexto de tramitación orzamentaria cos cambios normativos adoptados:

En tempos de penurias e incertezas económicas todas as reflexións científicas, sexan de ámbitos económicos ou doutras ciencias sociais, e políticas diríxense a un reenfoque dos condicionantes que as Institucións e os procedementos xeran en relación co funcionamento da economía en xeral e da facenda pública en particular.

Nesta orde de cousas a procura da eficiencia na xestión dos recursos públicos atopa o seu lugar de estudo natural no que en sede doutrinal se denomina Dereito orzamentario, pois os orzamentos do sector público son nas modernas sociedades democráticas un instrumento fundamental de ordenación da economía e de equilibrio dos eventuais desaxustes do denominado sistema de mercado.

Desde unha perspectiva parlamentaria a cuestión pode ser analizada tamén con ánimo de mellorar algo esencial cando de recursos públicos estamos falando: o perfeccionamento da participación das Cámaras na elaboración da lei de orzamentos e especialmente no seguimento posterior de como esta se executa e os resultados que con a devandita plasmación práctica se obteñen<sup>5</sup>.

<sup>5</sup> A doutrina española é escéptica en relación a este obxectivo. Así Pedrós Abello, no seu estudo preliminar ao libro *El poder financiero del Parlamento*, Instituto de Estudos Fiscais, Madrid, 1981, páxina 11.



O punto de partida desta cuestión no noso Dereito é o artigo 134<sup>6</sup> da Constitución que perfila unha regulación con dúas notas fundamentais:

- Preocúpase esencialmente da tramitación da lei de orzamentos e do seu contido e esquece o control posterior da súa execución polo Parlamento
- Atribúe un papel destacado ao Goberno en relación ao outorgado ao Parlamento en comparación ao que teñen no procedemento legislativo ordinario.

Cando o Tribunal Constitucional español<sup>7</sup> analiza esta lei de orzamentos destaca tres obxectivos especialmente relevantes, os cales son:

- asegurar o control democrático do conxunto da actividade financeira pública (arts. 9.1 e 66.2, ambos os dous da CE),
- participar da actividade de dirección política ao aprobar ou rexeitar o programa político, económico e social que propuxera o Goberno e que os orzamentos representan, e
- controlar que a asignación dos recursos públicos se efectúe, como esixe expresamente o art. 31.2 CE, dunha forma equitativa,

Deste modo está recoñecendo que a formulación tradicional de singularizar a función orzamentaria á marxe das restantes das Cámaras perdeu sentido en pleno século XXI e cuns legislativos totalmente renovados tanto no seu funcionamento e relacións cos restantes poderes do Estado como no tratamento das cuestións orzamentarias.

A función de control parlamentario do Goberno presenta na actualidade aspectos novidosos que modifican a súa conceptualización tradicional dentro do Dereito constitucional. Como sinalaba Giuseppe de Vergottini a función de control nos parlamentos de fins do século XX evoca ante todo o sometemento do Goberno á superioridade parlamentaria e unifica o poder de dirección do Parlamento e o poder de verificación do respecto governamental das directivas parlamentarias<sup>8</sup>.

No ámbito da doutrina os profesores Montero e García Morillo definiron o control parlamentario como “a actividade parlamentaria encamiñada, a través dunha multiplicidade de mecanismos diversos, á comprobación da actividade do poder executivo e á verificación da súa actuación aos parámetros establecidos polo Parlamento, susceptible de producir diversas consecuencias entre as que convén destacar a responsabilización política do Goberno<sup>9</sup>. Como observamos, este sector doutrinal disocia o concepto de control e o de responsabilidade, de tal xeito que o exercicio do control parlamentario poderá levar con-

6 1. Corresponde ao Goberno a elaboración dos Orzamentos Xerais do Estado e ás Cortes Xerais o seu exame, emenda e aprobación.  
2. Os Orzamentos Xerais do Estado terán carácter anual, incluírán a totalidade dos gastos e ingresos do sector público estatal e neles se consignará o importe dos beneficios fiscais que afecten aos tributos do Estado.  
3. O Goberno deberá presentar ante o Congreso dos Deputados os Orzamentos Xerais do Estado polo menos tres meses antes da expiración dos do ano anterior.  
4. Se a Lei de Orzamentos non se aprobara antes do primeiro día do exercicio económico correspondente, consideraranse automaticamente prorrogados os Orzamentos do exercicio anterior ata a aprobación dos novos.  
5. Aprobados os Orzamentos Xerais do Estado, só o Goberno poderá presentar proxectos de Lei que impliquen aumento do gasto público ou diminución dos ingresos correspondentes ao mesmo exercicio orzamentario.  
6. Toda proposición ou emenda que supoña aumento dos créditos ou diminución dos ingresos orzamentarios requirirá a conformidade do Goberno para a súa tramitación.  
7. A Lei de Orzamentos non pode crear tributos. Poderá modificalos cando unha Lei tributaria substantiva así o prevega  
7 Pode lerse esta doutrina en sentenzas como a 223/2006, do 6 de xullo, que ademais predicán este contido tamén para as relacións entre Goberno e Parlamento tanto no ámbito nacional como autonómico. (Así se contén no Fundamento xurídico 5º).  
8 Tomado do seu traballo “*la funzione di controllo nei parlamenti alla fine del secolo*”. Ponencia presentada ao seminario sobre o control parlamentario, Madrid, 1995.  
9 Tomado das páxinas 35-36 do seu libro *El control parlamentario*, Madrid, 1984.

sigo a existencia dunha responsabilidade política ou non, segundo o tipo de instrumentos utilizados ou as circunstancias políticas que se produzan.

Supón un principio xeralmente admitido o feito de que ao ser o Parlamento o que aproba e autoriza os ingresos e gastos ten o dereito de comprobar se as súas prescricións foron observadas. Deste modo, o control parlamentario implica, como subliñaron Le Guern, Message e Tessier<sup>10</sup>, tres esixencias fundamentais: o poder de información ao obxecto de verificar a pertinencia das opcións gobernamentais e o respecto ás autorizacións concedidas, a potestade de criticar e a de sancionar co rexeitamento a proposición de que se trate.

A un lado destas conceptualizacións teóricas do control e a súa transcendencia no ámbito financeiro, atópase a necesaria superación, ao noso xuízo, do principio xeralmente admitido de que a lei orzamentaria, e en xeral todas as materias atinentes ás finanzas públicas teñen o seu mellor tratamento en sede gobernamental. Como reclamou Cazorla Prieto “cómpre acabar coa trasnoitada idea de que o Goberno é o dono do orzamento, singularmente na súa fase de elaboración e execución”<sup>11</sup>.

O noso máis alto tribunal reflexionou sobre a natureza dos créditos orzamentarios e a relación que garda a súa execución cos mecanismos de responsabilidade política nos Parlamentos na ilustrativa sentenza 223/2006, do 6 de xullo, na que expón a teoría sobre a dobre confianza na execución do orzamento:

“... Na súa condición de vehículo de dirección da política económica do Executivo o orzamento é un instrumento fundamental para a realización dos seu programa de goberno. As singularidades do seu procedemento de elaboración e aprobación fan del, ademais, unha expresión acreditada, no económico, da confianza parlamentaria sobre a que necesariamente ha de constituírse calquera Goberno.

A execución dun orzamento en curso supón a verificación de dúas confianza: dun lado a obtida polo Goberno coa investidura do seu Presidente; doutro a concedida especificamente pola Cámara ao seu programa anual de política económica. Así como a primeira só se perde nos casos expresamente establecidos (co éxito dunha moción de censura ou o fracaso dunha cuestión de confianza), a segunda consérvase ao longo do período de vixencia natural (ou prorrogada) do orzamento, de sorte que o Goberno pode pretender lexitimamente que as previsións económicas nel contidas se observen rigorosamente no curso da súa execución. Pode pretender, en definitiva, que só sexa relevante a oposición ao seu programa de goberno traducida nunha retirada formal da confianza obtida coa investidura e que, constante esa confianza, non se dificulte a execución do programa do Goberno facéndoo impracticable coa desnaturalización do programa económico sobre o que asenta. Este é o fundamento da facultade que se lle recoñece ao Executivo para opoñerse á tramitación de iniciativas lexislativas que poidan desvirtuar o instrumento económico da súa acción de goberno.” (Fundamento xurídico 5º).

Como xa subliñou a Constitución española ademais de singularizar no artigo 66 a aprobación dos orzamentos da función lexislativa ordinaria, dedica expresamente un precepto, o artigo 134 incluído dentro do Título rubricado “Economía e Facenda” a esta tarefa das Cortes Xerais.

<sup>10</sup> Le Guern, H-Message, H-Tessier, A. “Le controle parlementaire du Budget de l’Etat. Le role de l’Assanblée nationale 1983-1987” en *Revue française de finances publiques* núm. 18 (1987).

<sup>11</sup> Vid. o seu traballo “El procedimiento presupuestario: control parlamentario de la ejecución del presupuesto”. Ponencia presentada no seminario sobre dereito parlamentario celebrado en Vitoria- Gasteiz, marzo de 1990.



O noso máis alto Tribunal perfilou nunha xa antiga sentenza 76/1992 o alcance da lei anual de orzamentos dentro das categorías tradicionais das funcións das Cámaras, ao afirmar no seu fundamento xurídico 4º que:

“... Tratándose dunha lei que non é só un conxunto de previsións contables (STC 65/1987, fundamento xurídico 4.), senón un vehículo de dirección e orientación da política económica que corresponde ao Goberno, non só pode -e debe- conter a previsión de ingresos e as autorizacións do gasto, senón que tamén pode establecer «disposicións de carácter xeral en materias propias da lei ordinaria estatal (con excepción do disposto no apartado 7. do art. 134 C.E.) que gardan directa relación coas previsións de ingresos e as habilitacións de gastos dos Orzamentos ou cos criterios de política económica xeral en que se sustentan» (STC 63/1986, fundamento xurídico 12).

Así pois, as leis anuais de Orzamentos teñen un contido mínimo, necesario e indispoñible (STC 65/1987, fundamento xurídico 4.), constituído pola expresión cifrada da previsión de ingresos e a habilitación de gastos, e un contido posible, non necesario e eventual que pode afectar a materias distintas a ese núcleo esencial constituído pola previsión de ingresos e a habilitación de gastos.”

A Constitución española no seu artigo 134.1 e o Estatuto de Autonomía para Galicia, no seu artigo 10, apartado. 1º, letra b), atribúen ao Parlamento a función de aprobar os orzamentos, o que é plenamente coherente co réxime parlamentario que dimana do esquema institucional dos artigos 66 e 152 da Carta Magna. Desde a perspectiva xurídica esta é a primeira posibilidade que teñen as Cámaras de condicionar e, polo tanto, controlar a actividade financeira do executivo<sup>12</sup>.

A elaboración dos orzamentos xerais do Estado español descríbese na lei Xeral Orzamentaria 47/2003 de 26 de novembro e na Comunidade Autónoma atopa a súa norma reguladora na Lei 11/1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e orzamentario de Galicia<sup>13</sup>. O título III desta última Lei ocúpase desta materia, dispoñendo cal é a tramitación oportuna que debe seguir o anteproxecto de lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma dun modo polo demais moi semellante ao disposto na normativa do Estado para os Orzamentos Xerais. Nesta orde de cousas preséntase máis correcta, desde o punto de vista técnico, á hora de enumerar as competencias parlamentarias na elaboración dos orzamentos xerais, a prescrición do artigo 31, apdo. 2º da Lei de principios ordenadores da Facenda Xeral do País Vasco<sup>14</sup> ao explicitar que é función do parlamento a aprobación do seu propio orzamento, que se integrará, para os efectos da debida orde, nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Euskadi. Esta autonomía recoñecida con carácter case universal ás Cámaras está sendo aconsellada pola mellor doutrina que se ocupou do problema dos orzamentos dos Parlamentos.<sup>15</sup>

En sintonía co previsto no artigo 88 da Constitución<sup>16</sup> o proxecto de orzamentos deberá ir acompañado dunha exposición de motivos e dos antecedentes necesarios para poderse

<sup>12</sup> En palabras do Mestre Sainz de Bujanda: “a aprobación do orzamento é por esencia a manifestación suprema e sintética do poder financeiro do Parlamento”. Tomado do seu traballo: “El poder financiero de las Cortes Generales: aspectos constitucionales del Presupuesto del Estado”, en *Las Cortes Generales*, vol. I, IEF, 1987.

<sup>13</sup> Publicada no DOG núm. 200, do 14 de outubro de 1992.

<sup>14</sup> Manexamos a edición do Parlamento vasco na colección: traballos parlamentarios 2. Nela pódese consultar a completa tramitación parlamentaria da lei coas distintas modificacións que lle foron incorporadas ao proxecto orixinal.

<sup>15</sup> Así Carlo Finzi: *L'autonomia amministrativa ed economica delle assemblee legislative*. Camera dei deputi. Secretaria Generale. Roma, 1980. Para as Cortes Xerais resulta de interese o traballo de Salvador Montejo Velilla: “El régimen económico del Parlamento desde el punto de vista de la autonomía financiera”, contido no libro colectivo: *El Parlamento y sus transformaciones actuales. Jornadas organizadas por la Asamblea Regional de Murcia*.

<sup>16</sup> e no artigo 111 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

pronunciar. Este mandato constitucional incumpríase no pasado no caso de Galicia, de xeito xeralizado nos proxectos de lexislación común, no tocante aos antecedentes necesarios que deben acompañar ás iniciativas gobernamentais. É precisamente o proxecto anual de orzamentos a única laudable excepción que se someteu, cando menos formalmente<sup>17</sup>, aos requisitos documentais que posibilitan a necesaria información previa dos parlamentarios, para o debate e eventual aprobación do seu texto. Neste sentido, o artigo 52 da Lei 11/1992 para o caso galego establece unha garantía complementaria, como é a obrigatoriedade da remisión da citada documentación ao Parlamento antes do 20 de outubro, coa que queda claramente periodificado o inicio do ciclo orzamentario no seo da Cámara autonómica. A fixación deste prazo no empece, ao noso xuízo, a perfecta constitucionalidade dos orzamentos tramitados co seu incumprimento, pois atopámonos ante unha mera irregularidade que no seu caso daría lugar exclusivamente aos eventuais controis de carácter político que a Cámara tivese a ben realizar<sup>18</sup>.

A aparición no Dereito orzamentario español por imperativo do Plan de Estabilidade e Crecemento aprobado no seu día pola Unión Europea da restrición do déficit orzamentario supuxo tamén modificacións normativas con consecuencias parlamentarias. Deste modo podemos traer a conto o artigo 8 do Real Decreto lexislativo 2/2007 do 28 de decembro polo que se aproba o texto refundido da lei de Estabilidade orzamentaria no que se dispón respecto do establecemento do obxectivo de estabilidade orzamentaria o seguinte:

- No primeiro semestre de cada ano, o Goberno, mediante acordo do Consello de Ministros, a proposta do Ministerio de Economía e Facenda e previo informe do Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas e da Comisión Nacional de Administración Local en canto ao ámbito das mesmas, fixará o obxectivo de estabilidade orzamentaria referido aos tres exercicios seguintes, tanto para o conxunto do sector público, como para cada un dos grupos de axentes comprendidos no ámbito de aplicación da lei. O devandito obxectivo estará expresado en termos porcentuais do Produto Interior Bruto nacional.
- A proposta de fixación do obxectivo de estabilidade estará acompañada dun informe no que se avalía a fase do ciclo económico que se prevé para cada un dos anos contemplados no horizonte temporal de fixación do devandito obxectivo. Este informe será elaborado polo Ministerio de Economía e Facenda, previa consulta ao Instituto Nacional de Estatística e ao Banco de España sobre a posición cíclica da economía española, e tendo en conta as previsións do Banco Central Europeo e da Comisión Europea. Conterá o cadro económico de horizonte plurianual e terá en conta, entre outros, os seguintes parámetros de referencia: a previsión de evolución do Produto Interior Bruto nacional e diferencial respecto ao seu potencial de crecemento, comportamento esperado dos mercados financeiros, do mercado laboral e do sector exterior, previsións de inflación, necesidades de endebedamento, as proxeccións de ingresos e gastos públicos en relación co Produto Interior Bruto e a análise de sensibilidade da previsión.

Respecto da tramitación parlamentaria nas Cortes Xerais do citado instrumento a lei dispón que o acordo do Consello de Ministros no que se conteña o obxectivo de estabilidade

17 Martínez Lago é moi crítico con este cumprimento formal da remisión dos antecedentes pois entende que a situación actual provoca que o debate parlamentario conte con amplas zonas de obscuridade e fortes impedimentos para o pleno coñecemento do alcance da lei que se aproba. "El control parlamentario sobre el presupuesto público", *Presupuesto y Gasto Público*, 48/2007. Secretaría General de Presupuestos y Gastos, Instituto de Estudios Fiscales, Páxina 131.

18 O incumprimento do mandato temporal previsto na lei orzamentaria é habitual nos anos nos que se produce unha convocatoria electoral, pois o executivo xurdido das urnas non dispón do tempo necesario para a preparación dun proxecto tan complexo como é o orzamentos.





orzamentaria remitírase ás Cortes Xerais acompañado do informe ao que se refire o apartado anterior. En forma sucesiva e tras o correspondente debate en Pleno, o Congreso dos Deputados e o Senado pronunciaranse aprobando ou rexeitando o obxectivo de estabilidade proposto polo Goberno.

Se aprobado o obxectivo de estabilidade polo Congreso dos Deputados o mesmo fose rexeitado polo Senado, o obxectivo someterase a nova votación do Congreso, aprobándose se este o ratifica por maioría simple.

Aprobado o obxectivo de estabilidade polas Cortes Xerais, a elaboración do proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado haberá de acomodarse a ese obxectivo. Se é rexeitado, o Goberno, no prazo máximo dun mes, remitirá un novo acordo que se someterá ao mesmo procedemento.

Este procedemento suscitou no seu día serias reservas para autores como Jiménez Díaz en relación a posibles superposicións de debates, indefinición nos casos de discrepancias entre as Cámaras o rexeitamento das propostas presentadas. En tales casos suscítase mesmo a necesaria solución mediante a participación do Tribunal Constitucional<sup>19</sup>.

Son moi variadas as problemáticas suscitadas desde o punto de vista do control parlamentario á hora da elaboración dos orzamentos. Deterémonos aquí en tres que seguen mantendo a súa relevancia na actualidade: o contido natural da lei de orzamentos, o tratamento das emendas orzamentarias e a prórroga automática dos orzamentos.

O primeiro destes problemas foi resolto inicialmente pola Sentenza do Tribunal Constitucional núm. 76/1992 que perfilou de forma clara o contido estrito das leis de orzamentos proscribindo a defectuosa técnica lexislativa de incluír materias heteroxéneas no seo da lei orzamentaria anual. Esta práctica viña sendo habitual nas leis autonómicas de orzamentos xerais nas que non era insólito atopar modificacións de leis alleas aos estados de ingresos e gastos, como a de función pública ou a de patrimonio. Problemática que non é nova, pois xa en tempos da II República, e referíndose ao artigo 116 da Constitución do 9 de decembro de 1931, autores como Fábregas del Pilar ou Gutiérrez del Álamo criticaron a situación, se ben con escasos froitos. Na actualidade o Tribunal Constitucional parte da concepción da lei de orzamentos como instrumento ou como “vehículo de dirección e de orientación da política económica que corresponde ao Goberno” (STC, do 20 de xullo de 1981, Fundamento Xurídico 2º; STC 65/1987, do 21 de maio, Fundamento Xurídico 4º) e deste modo o Tribunal conclúe que é perfectamente posible que a lei que aprobe os orzamentos estableza outras disposicións de carácter xeral en materia propia de lei común se “gardan directa relación coas previsións de ingresos e as habilitacións de gastos dos orzamentos ou cos criterios de política económica xeral nos que se sustenta” (STC 63/1986, Fundamento Xurídico 12; STC 65/1987, Fundamento Xurídico 4º; STC 134/1987, Fundamento Xurídico 6º).

*Lege ferenda* sería aconsellable, desde o punto de vista da técnica normativa, a ubicación independente daqueles artigos que tendo unha conexión directa coa materia orzamentaria non afecten de maneira directa ás previsións de ingresos e habilitacións de gastos, basicamente pola dose de seguridade xurídica que se aportaría aos distintos operadores encargados de aplicar o noso Dereito<sup>20</sup>.

19 “La ley general de estabilidad presupuestaria y el procedimiento de aprobación de los presupuestos”. *Asamblea. Revista Parlamentaria de la Asamblea de Madrid*, nº 8, xuño 2003, Páxina 212.

20 Nesta liña tamén Ángel Avilés no seu comentario: “La significación de la ley de presupuestos en el ordenamiento financiero” incluído no volume colectivo “Jurisprudencia del Tribunal constitucional en materia financiera y tributaria” (1981-1989). Editorial Tecnos, Madrid, 1990. Páxs. 266 a 272.



Sen dúbida a limitación máis transcendente que os parlamentarios atopan á hora de controlar a elaboración dos orzamentos é a contida no artigo 133.3 do Regulamento do Congreso dos deputados, para o caso galego no artigo 129 do Regulamento do Parlamento de Galicia nos seus apartados 3 e 4. Precísase nesta sede que as emendas ao proxecto de lei de orzamentos que supoñan un aumento de créditos nalgún concepto unicamente poderán ser admitidas a trámite se ademais de cumprir os requisitos xerais, propoñen unha baixa igual na contía da mesma sección<sup>21</sup>. Esta limitación trae de actualidade o requisito xeral esixido aos deputados para a presentación das emendas, a saber a necesidade de contar coa sinatura do portavoz do grupo parlamentario no que se integran. A pesar de que este requisito se contempla nos regulamentos parlamentarios “aos efectos de mero coñecemento” a práctica parlamentaria do caso galego inclinouse pola inadmisión das emendas que non cumpran esta formalidade, nunha liña que presenta, ao noso xuízo, serias dúbidas de constitucionalidade. Non podemos descoñecer como apunta Carmelo Ursino<sup>22</sup> que o poder de proposta de emenda é o único instrumento que se consinte ao deputado individual de poder contribuír á definición da disciplina dunha materia legislativa.

A un lado desta problemática xeral suscítase o grao de adecuación dos regulamentos parlamentarios ás técnicas de orzamentación por programas e obxectivos, debéndose resolver o papel que cumpre o concepto de “sección”<sup>23</sup> na tramitación do proxecto de lei de orzamentos xerais. Neste sentido, pode aconsellarse, como opina Fernández-Carnicero unha adecuación dos regulamentos parlamentarios ás novas técnicas orzamentarias superando esquemas facendísticos existentes no momento da elaboración dos estatutos parlamentarios<sup>24</sup>.

Unha limitación complementaria ao dereito de emenda dos parlamentarios é a que afecta a aquelas que supoñen unha minoración de ingresos para as que se esixe a súa remisión ao Goberno, no caso galego á Xunta de Galicia, para que emita informe favorable ás mesmas no prazo de 15 días. José Antonio Víboras considera que esta limitación se presenta como unha importante restrición ao principio de competencia orzamentaria das Cámaras, xa que o requisito da conformidade do Goberno pode supoñer, na práctica, unha verdadeira anulación do poder decisorio das mesmas<sup>25</sup>. De modo coherente coa interpretación que argumentaremos no tocante ás emendas que afecten a un proxecto de lei e que teñan efectos orzamentarios, deberase interpretar que a diminución de ingresos tomará como punto de referencia os fondos públicos vixentes no momento da tramitación do proxecto de lei de orzamentos e non o nivel de ingresos do proxecto de lei de orzamentos que se está discutindo. Como apuntou Cazorla Prieto outra interpretación “conduce a cercenar as facultades de control parlamentario e é prexudicial para que a Cámara poida desenvolver debidamente o seu cometido de control orzamentario nun dos aspectos que cobra día a día máis importancia”.

21 A doutrina constitucional sobre estas limitacións do dereito de emenda dos parlamentarios está contida, entre outras, nas SSTC 223 e 242/2006, do 6 e 24 de xullo, respectivamente.

22 Carmelo Ursino. Spunti per una riforma del parlamento. Democrazia e diritto. Nº 3.4. Edizioni Scientifiche Italiane. 1996.

23 Lucena Betriu móstrase a favor do abandono das clasificacións orgánica e económica na tramitación parlamentaria. *La transparencia presupuestaria. Problemas y soluciones*, Fundación Alternativas, Madrid.

24 Citado por Miguel Ángel Martínez Lago, Manual de derecho presupuestario. Editorial Colex. Madrid, 1992. Páxs. 91 a 93. Nesta orde de cousas, convén ter presente a introdución en España da técnica de orzamentación por programas, cando noutros países pioneiros nestas materias (Estados Unidos por exemplo) xa se abandonaron.

25 Pódese consultar neste sentido o seu traballo: “Limitaciones de los Parlamentos de Comunidades Autónomas en el debate presupuestario”, publicado no volume colectivo: *El parlamento y sus transformaciones actuales. Jornadas organizadas por la Asamblea Regional de Murcia*.



Unha vez aprobada a lei anual de orzamentos xorden inevitables circunstancias que provocan as coñecidas modificacións orzamentarias, respecto das que o Parlamento debe manter o necesario control aínda que autores como Corcuera<sup>26</sup> manteñen que son precisamente un claro exemplo de como a supremacía parlamentaria en materia de orzamentos é unha entelequia hoxe en día. Entre todas elas destacan os créditos extraordinarios e suplementos de crédito que se corresponden a aqueles gastos que non poidan demorarse ata o exercicio seguinte, e respecto dos que non exista crédito no estado de gastos ou sexa insuficiente. Estes créditos extraordinarios requiren a tramitación dun proxecto de lei e polo tanto a oportuna aprobación parlamentaria, someténdose pois ao máis ríxido control parlamentario<sup>27</sup> que supón o pronunciamento da Cámara a través da canle do procedemento legislativo.

Sen embargo esta concepción tradicional cambiou co artigo 55.3 da lei xeral orzamentaria de 2003 na que se dispón que o Consello de Ministros autorice os créditos extraordinarios para atender obrigas do exercicio corrente, así como os suplementos de crédito cando se financien con baixa no Fondo de Continxencia. Esta excepción foi duramente criticada pola doutrina que considera que nos atopamos ante unha limitación, non prevista constitucionalmente, das facultades das Cortes Xerais sobre o gasto público, xa que as Cámaras deixan de aprobar a modificación que lles propoñería o Goberno por medio dun proxecto de lei e pasan a recibir simplemente información do emprego dado polo executivo ao fondo de continxencia<sup>28</sup>.

A actividade de control desenvolvida pola Comisión parlamentaria competente, no caso galego a de Economía, Facenda e Orzamentos, afecta ao seguimento das modificacións orzamentarias, e deste modo o artigo 65 da Lei 11/1992 prevé no seu apartado 2º que de cada modificación orzamentaria consistente nunha transferencia de crédito o consello da Xunta deberá dar conta, de maneira singular, no prazo máximo de 20 días, á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos, coa remisión da copia do correspondente expediente. De igual xeito as incorporacións de créditos previstas no artigo 71 da Lei citada deberán ser coñecidas pola comisión parlamentaria para os debidos efectos de control. Como subliñou Cazorla Prieto, “a acentuación deste control orzamentario en sede parlamentaria é unha imposición decidida dos tempos que corren e das circunstancias que imperan hoxe”<sup>29</sup>.

Esta actividade da Comisión parlamentaria de control ven sendo das máis destacadas dentro das comisións permanentes. Esta situación non é exclusiva don noso legislativo autonómico, e deste modo atopamos datos das Cámaras federais de Ontario e Québec nas que se pode comprobar como as comisións de orzamentos e finanzas e asuntos económicos

26 Corcuera Torres, A.: *Las modificaciones de los créditos presupuestarios competencia del Gobierno*, McGraw-Hill, Madrid, 1996

27 Desta maneira se regulan no artigo 62 na Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e se aprobaron varias leis afectantes ao réxime retributivo dos funcionarios ou para atender os gastos das eleccións ao Parlamento de Galicia. Neste sentido pódese consultar o noso traballo: “Crónica parlamentaria de final de legislatura del Parlamento de Galicia” 1º. Período de sesións, 1993. Revista das Cortes Xerais núm. 29, 2º cuatrimestre de 1993.

Algún autor como Alberto Figueroa Laraudogoitia inclúe dentro das funcións de control do Parlamento aquelas que se refiren ás autorizacións patrimoniais e financeiras que a Cámara ten atribuídas, conforme ás previsións que a lei vasca 14/1983, sobre patrimonio de Euskadi fai ao respecto. Vid. o seu libro: “El Parlamento vasco”. Instituto vasco de Administración Pública. Cuadernos autonómicos nº 17. Páxinas 113 e 114.

28 A estas críticas autores como Orón Moratal suman o problema engadido da posibilidade de creación de créditos novos a través de transferencias de créditos, previstas no artigo 52.1 da lei xeral orzamentaria, o que devalúa notablemente a intervención parlamentaria aprobatoria do plan financeiro estatal, a favor da competencia governamental durante a execución orzamentaria. “Prólogo a la tercera edición” da obra *Legislación presupuestaria*. 3ª edición, Tecnos, Madrid.

29 Tomado do seu traballo “El procedimiento presupuestario: control parlamentario de la ejecución del presupuesto”. Ponencia presentada ao Seminario sobre o dereito parlamentario, Vitoria-Gasteiz. Marzo, 1990.

supoñen unha porcentaxe moi importante, e en todo caso maioritario, das reunións mantidas polas respectivas comisións parlamentarias<sup>30</sup>.

Deste xeito paralelo á información relativa ás modificacións orzamentarias é necesario prever unha dación de conta periódica por parte dos responsables gobernamentais do Estado de execución orzamentaria<sup>31</sup>. O artigo 135 da lei xeral orzamentaria de 2003 dispón baixo o epígrafe de "Información a remitir ás Cortes Xerais" o seguinte: "Sen prexuízo da facultade das Cortes Xerais de solicitar do Goberno a información que estimen oportuna, a Intervención Xeral da Administración do Estado, con periodicidade mensual, porá a disposición das Comisións de Orzamentos do Congreso dos Deputados e do Senado información sobre a execución dos orzamentos. Coa mesma periodicidade, a Intervención Xeral da Seguridade Social remitirá ás devanditas Comisións información sobre a execución dos orzamentos das entidades que integran o sistema da Seguridade Social."

Opinamos, de acordo con Pulido Quecedo, que un bo mecanismo para o control de execución orzamentaria é o establecido polas oficinas de control orzamentario que permiten un asesoramento técnico dos órganos da Cámara e dos deputados en relación coa aprobación e execución dos orzamentos xerais e con aqueles aspectos da actividade parlamentaria que teñan repercusión nos ingresos e nos gastos públicos<sup>32</sup>.

Na IX lexislatura das Cortes Xerais<sup>33</sup> iniciouse un trámite parlamentario coa presentación dunha proposición de lei do grupo parlamentario de Esquerra Republicana-Izquierda Unida-Iniciativa per Catalunya Verds pola que se crea a Oficina de Xestión e Control Orzamentario. As emendas presentadas polos distintos grupos tratan de configurar unha Oficina técnica fuxindo da redacción inicial que deseña un órgano máis semellante a unha comisión parlamentaria ad hoc. As dúbidas na súa configuración non auguran unha rápida constitución deste instrumento parlamentario xa anunciado polas leis orzamentarias decenios atrás.

O ciclo orzamentario complétase como ben é sabido coa tramitación da conta xeral da comunidade prevista nos artigos 118 e seguintes da nosa lei orzamentaria. Como apuntou Fernández-Carnicero a Conta xeral é o núcleo esencial do control orzamentario da execución do orzamento<sup>34</sup>. A conta xeral da comunidade de cada ano debe formarse, no caso galego, antes do 31 de agosto do ano seguinte e remitirse despois de acordo do Consello da Xunta ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas dentro dos dous meses seguintes á súa formación. En todo caso, a conta xeral deberá ser aprobada polo Parlamento de Galicia para dar cumprimento ao disposto no apartado b) do artigo 10 do Estatuto de Autonomía.

30 Neste sentido, pódese consultar o traballo: "Les commissions parlementaires au Québec et en Ontario" do nº 1 do volume 19 da Revue parlementaire canadiense. 1996. Con carácter xeral os organismos internacionais especializados valoran singularmente nos seus esquemas de avaliación institucional o grao de participación que os parlamentarios teñen no control da execución do orzamento. Así o estudo *Evaluar un Parlamento*, publicado pola Unión Interparlamentaria, Ginebra, 2008, páxina 19 entre outras.

31 Deste modo, en Galicia o artigo 117, apartado. 3º da Lei 11/1992, obriga ao conselleiro de Economía e Facenda a comparecer trimestralmente ante a Comisión 3ª do Parlamento de Galicia, de Economía, Facenda e Orzamentos para os citados efectos.

32 Conforme ao seu traballo "Las comisiones de presupuestos" presentado ao Seminario sobre "Las comisiones parlamentarias" organizado polo Parlamento vasco en outubro de 1993. Segundo o traballo de Valverde Navarro e Ordóñez Domínguez a experiencia das oficinas orzamentarias parlamentarias alcanzou certo éxito nas Comunidades autónomas de Madrid, Canarias, Andalucía e Murcia. "La Oficina de control presupuestario", *Asamblea. Revista Parlamentaria de la Asamblea de Madrid*, nº 8 xuño 2003, páxina 347 e seguintes. A importancia do papel das comisións parlamentarias no control do goberno, así como a necesidade de mellorar os medios persoais e materiais cos que contan foi sinalada por Francisco J. Visiedo Mazón na súa ponencia: "Auxilio técnico a las Comisiones" presentada ao Seminario antes citado.

33 Pode consultarse o Boletín Oficial das Cortes Xerais de 25 de abril de 2008, Serie B: Proposicións de lei, número 90-1 e o de 9 de marzo de 2010 número 90-36.

34 Vid. "La cuenta general del Estado ante el Tribunal de Cuentas y ante el Parlamento", en AAVV, *Funciones financieras de las Cortes Generales*. Madrid, Congreso de los Diputados, 1985. Páx. 249.



Non debemos perder de vista, como subliña Arce Janáriz, que o Parlamento pode requirir tamén do órgano de control externo, no caso de Galicia denominado Consello de Contas, ademais do relativo á conta anual, outros informes sobre cuestións de ámbito financeiro máis limitadas<sup>35</sup>, se ben a práctica galega neste extremo resulta pouco esperanzadora, xa que a maioría parlamentaria non é xeralmente proclive á solicitude destes informes especiais.

Respecto da materia da prórroga automática dos orzamentos o punto de partida constitucional é o artigo 134.4 que dispón:

“Se a Lei de Orzamentos non se aprobara antes do primeiro día do exercicio económico correspondente, consideraranse automaticamente prorrogados os Orzamentos do exercicio anterior ata a aprobación dos novos”.

Tal previsión constitucional<sup>36</sup> veu a ser interpretada no seu alcance pola Sentenza 3/2003 do 16 de xaneiro. No seu fundamento xurídico 5º afirmase:

“...a propia Constitución establece no seu art. 134.4 a posibilidade de que esa vixencia resulte temporalmente prorrogada no suposto de que “a Ley de Orzamentos non se aprobase antes do primeiro día do exercicio económico correspondente”, en cuxo caso “se considerarán automaticamente prorrogados os Orzamentos do exercicio anterior ata a aprobación dos novos”. No mesmo sentido, o art. 56.1 LGP dispón que “se a Lei de Orzamentos non se aprobase antes do primeiro día do exercicio económico correspondente, consideraranse automaticamente prorrogados os orzamentos do exercicio anterior ata a aprobación e publicación dos novos no Boletín Oficial do Estado”. En consecuencia, tendo a autorización de gastos prevista na Lei de orzamentos un carácter anual, é evidente que a prórroga dos créditos autorizados constitúe, como amosa a experiencia do Dereito comparado nas democracias parlamentarias, un mecanismo excepcional que opera en bloque e exclusivamente naqueles casos en que, rematado o exercicio orzamentario, aínda non foi aprobada a nova Lei. A prórroga opera, ademais, como un mecanismo automático, ex Constitutione, sen necesidade dunha manifestación de vontade expresa en tal sentido, durante o tempo que medie entre o inicio do novo exercicio orzamentario e “ata a aprobación dos novos”.”

Esta concepción do noso Alto tribunal levou a autores como Moreno González a expoñer os numerosos problemas que no ámbito do control se suscitan respecto aos orzamentos prorrogados, algúns deles derivados da lacónica regulación constitucional da institución que transmite dúbidas mesmo sobre os tipos de gastos sobre os que cabe entender operada a prórroga<sup>37</sup>.

En canto ás proposicións de lei, presentáronse catro:

1. Proposición de lei, a iniciativa do G.P. do BNG, de modificación da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.
2. Proposición de lei, a iniciativa do G.P. do BNG e G.P. dos Socialistas de Galicia, de modificación da Lei de modificación da Lei 5/2001, do 28 de xuño, de réxime xurídico das concesións na illa de Ons.

35 Vid. A súa análise detida acerca dos órganos lexitimados para a solicitude destes informes nas comunidades que dispoñen de Sindicatura de Contas propia e aquelas nas que non existe no seu traballo: “La distribución del control parlamentario entre los órganos de las asambleas legislativas de las comunidades autónomas”. Seminario VI Xornadas: Problemas actuales del control parlamentario, Madrid, 1995.

36 Que no ámbito autonómico non sempre conta coa constatación nos Estatutos de Autonomía e se introduce por vía legal, como ocorre no caso galego.

37 “Algunas consideraciones sobre el concepto y contenido de la Ley de Presupuestos. La Sentencia del Tribunal Constitucional 3/2003, do 16 de enero”, *Revista de Derecho Financiero y Hacienda Pública*, nº 269, 2003, páxina 590.

3. Proposición de lei, a iniciativa do G.P. do BNG, reguladora do servizo público audiovisual e da autoridade audiovisual de Galicia.
4. Proposición, a iniciativa dos GG.PP. Popular de Galicia e dos Socialistas de Galicia, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.

Non superaron o trámite de toma en consideración, e polo tanto foron rexeitadas seis proposicións de lei:

1. Proposición de lei, a iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, de normalización da onomástica de Galicia.
2. Proposición de lei, a iniciativa do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, reguladora da participación das entidades locais nos tributos da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Proposición de lei, a iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, Galega de fomento da corresponsabilidade.
4. Proposición de lei, a iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, de modificación da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.
5. Proposición de lei, a iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Parlamentarios dos Socialistas de Galicia, de modificación da Lei de modificación da Lei 5/2001, do 28 de xuño, de réxime xurídico das concesións na illa de Ons.
6. Proposición de lei, a iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, reguladora do servizo público audiovisual e da autoridade audiovisual de Galicia.

Tamén durante este período se presentaron dúas proposicións de lei de iniciativa lexislativa popular:

Proposición de lei, de iniciativa lexislativa popular, para a mellora da convivencia e o desenvolvemento saudable do ocio nocturno galego, que posteriormente decaeu.

Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular relativa á regulación das garantías hipotecarias, que *non foi admitida a trámite* por falta de requisitos legais.

Lembrar que se atopa en trámite unha proposición de lei proveniente da anterior lexislatura: Proposición de lei iniciativa lexislativa popular para a creación e regulación da Área Metropolitana de Vigo.

## Ponencia conxunta

Actualmente está constituída unha Ponencia conxunta para a elaboración dunha proposición de lei de fomento da cultura da paz de Galicia.

Desde o Executivo comunicouse ao Parlamento o acordo do Consello da Xunta de Galicia de aprobación de oito Convenios e acordos de cooperación con outras comunidades autónomas, que foron ratificados pola Cámara:

1. Convenio de colaboración entre a Comunidade Autónoma de Galicia e outras comunidades autónomas en materia de xuventude, para coordinación das súas actividades e instalacións.
2. Convenio de colaboración entre a Comunidade Autónoma de Galicia e outras comunidades autónomas en materia de Prevención e extinción de incendios forestais.



3. Convenio de colaboración entre a Comunidade Autónoma de Galicia e outras comunidades autónomas en materia de Protección civil e xestión e emerxencias.
4. Convenio de colaboración entre comunidades autónomas para o recoñecemento recíproco dos certificados de formación dos aplicadores de tatuaxes, piercings e micropigmentacións.
5. Convenio de colaboración entre comunidades autónomas para a execución que lles correspondan das medidas de internamento e medio aberto previstas no artigo 7.1 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.
6. Convenio de colaboración entre comunidades autónomas para o intercambio de información sobre as licenzas de funcionamento aos fabricantes de produtos sanitarios a medida.
7. Convenio de colaboración entre comunidades autónomas para a coordinación das súas redes de centros de acollida á muller vítima de violencia de xénero.
8. Convenio de colaboración entre comunidades autónomas para o intercambio de información sobre a identidade de persoas inscritas nos rexistros de parellas de feito ou de similar natureza.

## VI Procedementos de control e impulso e información

Como xa reflectín na crónica do primeiro ano de actividade do Parlamento da presente lexislatura, a función de control e impulso do Executivo é unha dos labores máis relevantes. A través de proposicións non de lei e mocións, os grupos parlamentarios instan á Xunta a realizar accións concretas<sup>38</sup>.

Durante o primeiro período do ano 2011 presentáronse 297 proposicións non de lei en pleno; foron rexeitadas 31, aprobadas con modificación 17, aprobadas sen modificacións 6 e retiradas 10.

En Comisión presentáronse 402 proposicións non de lei, das que 78 foron rexeitadas, 21 aprobadas con modificacións e 34 sen modificacións, e foron retiradas 15.

En canto ás mocións, foron presentadas 27, das que se rexeitaron 20, aprobáronse con modificacións 5 e sen modificacións 2.

Tamén a través de solicitudes de comparecencia, interpelacións e preguntas, exercen os grupos parlamentarios unha forma de control do Executivo. No seguinte cadro tradúcese esta actividade durante o primeiro período:

Solicitudes de comparecencia en Pleno	Presentadas 72, tramitadas 14
Solicitudes de comparecencia en Comisión	Presentadas 56, tramitadas 17
Interpelacións	Presentadas 210, tramitadas 32, retiradas 4.

<sup>38</sup> Procedementos básicos e que teñen repercusión pública dabondo, así o expoño na miña aportación: "Descrédito de lo Político y respuesta social: la juridificación del voluntariado en el Estado Autonómico". *Ciudadanía y política*. X Jornadas de la Asociación española de Letrados de Parlamentos. Tecnos. 2004.

Preguntas orais en Pleno	Presentadas 590, tramitadas 87, retiradas 41, aprazadas 9
Preguntas orais en Pleno dirixidas ao Presidente da Xunta	Presentadas 20, tramitadas 20
Preguntas orais en comisión	Presentadas 1016, tramitadas 258, aprazadas 47, retiradas 72
Preguntas con resposta escrita	Presentadas 3643, tramitadas 4758, retiradas 68

## Informes e comparencias en cumprimento doutras normas

- \_ Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Toma de coñecemento - Mesa 5-4-11 - BOPG núm. 445 fasc. 3º, 6-4-11).
- \_ Solicitude de comparencia en Comisión de D. Francisco Hernández Rodríguez, D. Alfonso Vez Pazos e D. Fernando García Cachafeiro, propostos pola Consellería de Facenda para ocupar respectivamente os cargos de presidente e vogais do Consello Galego da Competencia (Publicación – BOPG 454 fasc. 2º, 19-4-11 - Comparencia - Comisión 3ª, 29-4-11).
- \_ Comparencia do presidente do Consello Galego da Competencia para cumprir o disposto no artigo 17 da Lei 1/2011, do 28 de febreiro, reguladora do Consello Galego da Competencia<sup>39</sup> (Solicitude de comparencia - BOPG núm. 489, 14-6-11 - Comparencia - Comisión 3ª, 22-6-11).
- \_ Comparencia do director xeral do Instituto Galego de Estatística para dar conta do programa estatístico anual 2010 (Solicitude de comparencia – Rexistro de entrada núm. 66005, 9-6-11).
- \_ Solicitude de comparencia en Comisión de D.ª Corina Porro Martínez proposta proposta conxuntamente polas Consellerías de Facenda e Traballo e Benestar, para ocupar o cargo de Presidenta do Consello Económico e Social de Galicia (Solicitude de comparencia - BOPG núm. 499, 28-6-11 - Comparencia - Comisión 3ª, 30-6-11).

## VII Declaracións institucionais

O Pleno do Parlamento, na súa sesión do 8 de febreiro de 2011, adoptou, por asentimento, o seguinte acordo: Declaración institucional do Parlamento de Galicia, no Día Internacional da Memoria das Vítimas do Holocausto e a prevención dos Crimes contra a Humanidade.

## VIII Procedementos de control económico e orzamentario

Informes sobre o estado de execución do orzamento:

- \_ Execución orzamentaria ao terceiro trimestre de 2010 (Entrada da iniciativa – 30-12-10; Toma coñecemento e traslado á Comisión 3ª - Mesa 11-1-11).
- \_ Execución orzamentaria ao cuarto trimestre de 2010 (Entrada da iniciativa – 31-3-11; Toma coñecemento e traslado á Comisión 3ª - Mesa 5-4-11).

<sup>39</sup> Sobre a temática teño publicado: "A participación no capital social como modalidade de axuda pública ás empresas". *Dereito. Revista xurídica da Universidade de Santiago de Compostela*. Servizo de Publicacións da USC. Vol. 12 nº 1. 2003.



- Execución orzamentaria ao primeiro trimestre de 2011 (BOPG núm. 505, 6-7-11; Toma coñecemento e traslado á Comisión 3ª - Mesa 4-7-11).

#### Modificacións orzamentarias:

- Modificacións do mes de novembro de 2010 (Dación en conta - Comisión 3ª, 24-2-11)
- Modificacións do mes de decembro de 2010 (Dación en conta - Comisión 3ª, 3-6-11)
- Modificacións do mes de xaneiro de 2011 (Dación en conta - Comisión 3ª, 3-6-11)
- Modificacións do mes de febreiro de 2011 (Dación en conta - Comisión 3ª, 3-6-11)
- Modificacións do mes de marzo de 2011 (Dación en conta - Comisión 3ª, 3-6-11)
- Modificacións do mes de abril de 2011 (Dación en conta - Comisión 3ª, 3-6-11)
- Modificacións do mes de maio de 2011 (Admisión a trámite – Mesa día 21-6-11)

## IX Procedementos relativos a outras institucións e órganos

### Consello de Contas

- Plan anual de traballo do Consello de Contas de Galicia para o ano 2011 (Recomendación aprobadas – BOPG núm. 454 fasc. 2º, 19-4-11).

### Valedor do Pobo

- Informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2010 (Debate Pleno – Pleno día 28-6-11)

### Tribunal Constitucional

- Recurso de inconstitucionalidade número 8260/2010 promovido polo presidente do Goberno do Estado contra o artigo 2, números Un, Dous punto 2, Cinco e Dez puntos 1, 2 e 3, e os artigos 3 ao 9 da Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior (Admisión a trámite e suspensión da vixencia e aplicación dos preceptos impugnados - DOG núm. 248, 28-12-10; BOE núm. 310, 22-12-10; Toma de coñecemento – Mesa 21-12-10; Levantamento da suspensión – DOG núm. 90, 10-5-11).
- Recurso de inconstitucionalidade núm. 822/2011, promovido polo presidente do Goberno, contra os artigos 1 a 4 e disposicións adicionais primeira e segunda la Lei de Galicia 12/2010, de 22 de decembro, de racionalización do gasto na prestación farmacéutica<sup>40</sup> da Comunidade Autónoma de Galicia (Admisión a trámite e suspensión da vixencia e aplicación dos artigos impugnados - DOG núm. 54, 17-3-11; Auto do 21 de xuño de 2011 de levantamento da suspensión – DOG núm. 136, 15-7-11).

### Unión Europea


A Mesa do Parlamento, con data 5 de abril de 2011, aprobou a modificación das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos legislativos da Unión Europea. Os procedementos foron:

<sup>40</sup> De interese ao respecto o meu traballo: "Problemas de constitucionalidad en la provisión de oficinas de farmacia: a vueltas con el principio de igualdad". Aranzadi Tribunal Constitucional. Nº 14. Decembro. 2005.



- a) 44 Consultas remitidas pola Comisión Mixta Congreso-Senado para a Unión Europea sobre o control da aplicación do principio de subsidiariedade nas iniciativas legislativas europeas, ata 31 de agosto de 2011.
- b) 3 Consultas á rede de seguimento de subsidiariedade no Comité das Rexións, ata 31 de agosto de 2011.


O Procedemento de control de subsidiariedade en España segue o seguinte esquema gráfico:



Cadro elaborado a partir do existente no Libro "El papel de los parlamentos regionales en el proceso de análisis de la subsidiariedad en el marco del sistema de alerta rápida del Tratado de Lisboa".



Respecto do procedemento seguido en relación ao Comité das Rexións, os procesos de consulta da avaliación de impacto (CEI) e consulta selectiva (CS) na Rede de seguimento da Subsidiariedade, segue este esquema:



### Solicitudes de información ao abeiro do artigo 9 do Regulamento<sup>41</sup>

Para o mellor cumprimento das súas funcións os deputados poden solicitar das Administracións públicas os datos, informes ou documentos que consten en poder destas.

Na actualidade resulta indubidable que os deputados precisan obter información para desenvolver as súas funcións constitucionais. A información é un presuposto obxectivo da correcta e libre formación da súa vontade institucional como medio indispensable para que os deputados, sobre todo da oposición, poidan axuizar con seriedade a acción política do goberno.

O procedemento previsto para a obtención da citada información instrumentábase a través dunha solicitude dirixida por conduto da Presidencia do Parlamento, á que a Administración deberá facilitar a documentación solicitada ou manifestarlle ao Presidente da Cámara, nun prazo máximo de 30 días as razóns fundadas en dereito que o impidan. Paralelamente os deputados gozan do dereito a recibir do seu grupo parlamentario a información e documentación necesaria para as súas funcións, se ben esta posibilidade suscita menos problemas xurídicos que a solicitude personalizada de información por parte do deputado aos poderes públicos.

O Tribunal Constitucional abordou en multitude de ocasións o alcance do dereito dos parlamentarios a recabar información, entendendo que a denegación ou incompleta satisfacción da solicitude dos parlamentarios non supón, por si mesma, a vulneración do dereito fundamental ao exercicio do cargo garantido polo artigo 23 da Constitución, xa que este non comprende o dereito a obter unha resposta cun concreto contido (Sentenza do Tribunal Constitucional 220/1991, do 25 de novembro).

A atribución regulamentaria límitase, pois, a un dereito ao procedemento ("*ius ut procedatur*") de tal xeito que só excepcionalmente poderá controlarse a través do amparo constitucional unha actuación das Administracións públicas que non conteste, ou o faga indebidamente unha solicitude de información do parlamentario. Déixase, pois, ao estrito ámbito do control político a crítica da actuación do Executivo.

<sup>41</sup> Ao respecto pode consultarse "lus in officium" e posición constitucional do parlamentario en Galicia ante a reforma estatutaria. *Dereito. Revista Xurídica da Universidade de Santiago de Compostela*. Vol. 14, nº 2, 2005.

O propio Tribunal Constitucional, na súa Sentenza 181/1989, do 3 de novembro, entende que o amparo que poida solicitar o parlamentario á Presidencia ou, no seu caso, á Mesa do Parlamento non vén incluído dentro da facultade de recabar información por parte dos parlamentarios. O Tribunal argumenta desde consideracións de corrección xurídica e para evitar unha xudicialización inaceptable da vida política, de tal xeito que non lle corresponde ao máximo intérprete da Constitución decidir se a negativa a informar é politicamente oportuna ou non.

Os datos deste procedemento correspondentes a este período de sesións son:

	Presentados	Respostados
G.P. Popular de Galicia	8	12
G.P. dos Socialistas de Galicia	197	80
G.P. do Bloque Nacionalista Galego	217	84
Totais	422	176



# Xurisprudencia contencioso- administrativa

FRANCISCO DE COMINGES CÁCERES

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### **1 Competencia dos Concellos para autorizar e condicionar a instalación de estacións e antenas de telefonía móbil.**

A **Sentenza do Tribunal Supremo (S<sup>a</sup> 3<sup>a</sup>, Secc. 4<sup>a</sup>) de 13 de decembro de 2011** (Casación 3035/2008, relator: Excmo. Sr. Martí García) desestima o recurso interposto contra unha parte da “Ordenanza municipal de antenas” do Concello de Ourense, recoñecendo a competencia municipal para ordenar, autorizar e condicionar a instalación de estacións base de telefonía móbil atendendo a criterios urbanísticos e estéticos. Considera que a limitación temporal das licenzas establecida na ordenanza non resulta desproporcionada, ao non supoñer unha restrición absoluta do dereito dos operadores, amparándose ademais na correspondente normativa sectorial. Tamén que a obriga de compartir o emprazamento por parte das diferentes operadoras pode impoñerse sempre que o requiran os intereses medioambientais ou urbanísticos que as Corporacións locais deben protexer.



## **2 Reclamacións de pagamento de contratistas das Administracións locais. Inaplicación das medidas cautelares contra a inactividade administrativa establecidas na reforma da Lei de loita contra a morosidade aos contratos celebrados antes da súa entrada en vigor.**

